



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 39
3 de xaneiro de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017

Grupo I. Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

- Núm. 1 (núm. de rexistro 2534) do G. P. de En Marea [6902](#)
- Núm. 1 (núm. de rexistro 2518) do G. P. dos Socialistas de Galicia [6921](#)
- Núm. 1 (núm. de rexistro 2478) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG) [6929](#)

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. de En Marea:

- Núm. 1 (núm. de rexistro 2536) [6937](#)
- Núm. 12 (núm. de rexistro 2549) [6941](#)
- Núm. 13 (núm. de rexistro 2550) [6944](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

- Núm. 1 (núm. de rexistro 2520) [6946](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- Núm. 2 (núm. de rexistro 2480) [6951](#)
- Núm. 1 (núm. de rexistro 2479) [6954](#)

SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A) Emendas do G. P. de En Marea:

- Núm. 2 (núm. de rexistro 2537) [6956](#)
- Núm. 14 (núm. de rexistro 2551) [6961](#)
- Núm. 15 (núm. de rexistro 2552) [6962](#)
- Núm. 16 (núm. de rexistro 2553) [6963](#)
- Núm. 18 (núm. de rexistro 2555) [6965](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 2 (núm. de rexistro 2521)

[6967](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 3 (núm. de rexistro 2481)

[6973](#)

SECCIÓN 06 Consellería de Facenda

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 3 (núm. de rexistro 2540)

[6976](#)

—Núm. 17 (núm. de rexistro 2554)

[6978](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 3 (núm. de rexistro 2522)

[6981](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 4 (núm. de rexistro 2482)

[6985](#)

SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 4 (núm. de rexistro 2541)

[6990](#)

—Núm. 19 (núm. de rexistro 2556)

[6993](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 4 (núm. de rexistro 2524)

[6995](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 5 (núm. de rexistro 2483)

[7001](#)

SECCIÓN 08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 5 (núm. de rexistro 2542)

[7004](#)

—Núm. 20 (núm. de rexistro 2557)

[7007](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 5 (núm. de rexistro 2525)

[7009](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 6 (núm. de rexistro 2484)

[7012](#)

SECCIÓN 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 6 (núm. de rexistro 2543)

[7015](#)

—Núm. 28 (núm. de rexistro 2565)

[7018](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 6 (núm. de rexistro 2526) [7020](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 7 (núm. de rexistro 2485) [7029](#)

SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 7 (núm. de rexistro 2544) [7033](#)

—Núm. 21 (núm. de rexistro 2558) [7036](#)

—Núm. 22 (núm. de rexistro 2559) [7038](#)

—Núm. 23 (núm. de rexistro 2560) [7040](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 7 (núm. de rexistro 2527) [7042](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 8 (núm. de rexistro 2486) [7046](#)

SECCIÓN 11 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 8 (núm. de rexistro 2545) [7049](#)

—Núm. 24 (núm. de rexistro 2561) [7052](#)

—Núm. 25 (núm. de rexistro 2562) [7055](#)

—Núm. 26 (núm. de rexistro 2563) [7057](#)

—Núm. 27 (núm. de rexistro 2564) [7059](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 8 (núm. de rexistro 2528) [7061](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 9 (núm. de rexistro 2487) [7066](#)

SECCIÓN 12 Consellería de Política Social

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 9 (núm. de rexistro 2546) [7069](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 9 (núm. de rexistro 2529) [7072](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 10 (núm. de rexistro 2488) [7078](#)

SECCIÓN 13 Consellería do Medio Rural

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 10 (núm. de rexistro 2547)

[7081](#)

—Núm. 29 (núm. de rexistro 2566)

[7083](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 10 (núm. de rexistro 2530)

[7085](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 11 (núm. de rexistro 2489)

[7087](#)**SECCIÓN 14 Consellería do Mar**

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 11 (núm. de rexistro 2548)

[7091](#)

—Núm. 30 (núm. de rexistro 2567)

[7093](#)

—Núm. 31 (núm. de rexistro 2568)

[7095](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 11 (núm. de rexistro 2531)

[7097](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 12 (núm. de rexistro 2490)

[7100](#)**Grupo II. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)****1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos**

A) Emendas do G. P. de En Marea

Número 1 (núm. de rexistro 2535, primeira parte do documento, e corrección de erros no doc. núm. 2595)

[7103](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Número 1 (núm. de rexistro 2571)

[7129](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Números 1 a 3 (núm. de rexistro 2569 e corrección de erros no doc. núm. 2613)

[7172](#)**2. Emendas que transfiren créditos entre seccións**

A) Emendas do G. P. de En Marea

A1) Número 1 (núm. de rexistro 2535, segunda parte do documento, e corrección de erros no doc. núm. 2595)

[7103](#)

A2) Observacións:

[6896](#)

A3) A través do doc. núm. 2595 faise unha corrección de erros no doc. núm. 2535

[7103](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 2571)

[7129](#)

B2) Observacións:

[6897](#)

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

C1) Números 4 a 35 (núm. de rexistro 2569 e corrección de erros no doc. núm. 2613)

[7172](#)

C2 e C3) Observacións:

[6899](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 38, do 2 de xaneiro de 2017, do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

[6901](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, reunida o 30 de decembro de 2016, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade, que rematou ás 18.30 horas do 23 de decembro de 2016, e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. de En Marea.

Documentos cos números de rexistro: 2534, 2535 (corrección de erros no doc. núm. 2595), 2536, 2537, 2540 a 2568.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia.

Documentos cos números de rexistro: 2518, 2571, 2520 a 2522, 2524 a 2531.

c) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Documentos cos números de rexistro: 2478, 2569 (corrección de erros no doc. núm. 2613), 2479 a 2490.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se indican e ordenalas mediante a asignación dunha numeración correlativa para cada tipo de emenda para facilitar a súa identificación, sen que esa numeración cuantifique necesariamente o número de emendas presentadas.

3º. Admitir a trámite as emendas seguintes:

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

—Núm. 1 (núm. de rexistro 2534) do G. P. de En Marea.

—Núm. 1 (núm. de rexistro 2518) do G. P. dos Socialistas.

—Núm. 1 (núm. de rexistro 2478) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 1 (núm. de rexistro 2536) do G. P. de En Marea á sección,

—Núm. 12 (núm. de rexistro 2549) do G. P. de En Marea á CRTVG.

—Núm. 13 (núm. de rexistro 2550) do G. P. de En Marea á Fundación Deporte Galego.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 1 (núm. de rexistro 2520) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e á Axencia de Turismo de Galicia.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 2 (núm. de rexistro 2480) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 1 (núm. de rexistro 2479) do G. P. do BNG á CRTVG.

SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 2 (núm. de rexistro 2537) do G. P. de En Marea á sección.

—Núm. 14 (núm. de rexistro 2551) do G. P. de En Marea á Fundación Galicia Europa.

—Núm. 15 (núm. de rexistro 2552) do G. P. de En Marea á Escola Galega de Administración Pública.

—Núm. 16 (núm. de rexistro 2553) do G. P. de En Marea á Fundación Semana Verde de Galicia.

—Núm. 18 (núm. de rexistro 2555) do G. P. de En Marea á Axencia Galega de Emerxencias.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 2 (núm. de rexistro 2521) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 3 (núm. de rexistro 2481) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 06 Consellería de Facenda.

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 3 (núm. de rexistro 2540) do G. P. de En Marea á sección e ás axencias públicas e aos organismos autónomos dependentes dela.

—Núm. 17 (núm. de rexistro 2554) do G. P. de En Marea ao Consello Económico e Social de Galicia.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 3 (núm. de rexistro 2522) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 4 (núm. de rexistro 2482) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 4 (núm. de rexistro 2541) do G. P. de En Marea á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 19 (núm. de rexistro 2556) do G. P. de En Marea a Augas de Galicia.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 4 (núm. de rexistro 2524) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección e as entidades públicas e instrumentais dependentes dela.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 5 (núm. de rexistro 2483) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 5 (núm. de rexistro 2542) do G. P. de En Marea á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 20 (núm. de rexistro 2557) do G. P. de En Marea ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 5 (núm. de rexistro 2525) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección e as entidades públicas e instrumentais dependentes dela.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 6 (núm. de rexistro 2484) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 6 (núm. de rexistro 2543) do G. P. de En Marea á sección.

—Núm. 28 (núm. de rexistro 2565) do G. P. de En Marea ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 6 (núm. de rexistro 2526) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección, ao Instituto Galego de Promoción Económica, ao Instituto Enerxético de Galicia e á Axencia Galega de Innovación.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 7 (núm. de rexistro 2485) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 7 (núm. de rexistro 2544) do G. P. de En Marea á sección.

—Núm. 21 (núm. de rexistro 2558) do G. P. de En Marea á Fundación Pública Cidade da Cultura.

—Núm. 22 (núm. de rexistro 2559) do G. P. de En Marea á Fundación Camilo José Cela.

—Núm. 23 (núm. de rexistro 2560) do G. P. de En Marea á Axencia Galega de Industrias Culturais.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 7 (núm. de rexistro 2527) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección, á Axencia Galega de Industrias Culturais e á Fundación da Cidade da Cultura.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 8 (núm. de rexistro 2486) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 11 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 8 (núm. de rexistro 2545) do G. P. de En Marea á sección, ao Servizo Galego de Saúde e a Galaria, S.A.

—Núm. 24 (núm. de rexistro 2561) do G. P. de En Marea ao Servizo Galego de Saúde.

—Núm. 25 (núm. de rexistro 2562) do G. P. de En Marea a Galaria, S.A.

—Núm. 26 (núm. de rexistro 2563) do G. P. de En Marea á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento.

—Núm. 27 (núm. de rexistro 2564) do G. P. de En Marea á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 8 (núm. de rexistro 2528) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección e ao Sergas e a Galaria, S.A.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 9 (núm. de rexistro 2487) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG) á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 12 Consellería de Política Social

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 9 (núm. de rexistro 2546) do G. P. de En Marea á sección

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 9 (núm. de rexistro 2529) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección ao Consorcio Galego de Servizo de Igualdade e Benestar, á Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, e á Axencia Galega de Servizos Sociais.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 10 (núm. de rexistro 2488) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG) á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 13 Consellería do Medio Rural

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 10 (núm. de rexistro 2547) do G. P. de En Marea á sección.

—Núm. 29 (núm. de rexistro 2566) do G. P. de En Marea ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 10 (núm. de rexistro 2530) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección, ao Fondo Galego de Garantía Agraria e á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 11 (núm. de rexistro 2489) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 14 Consellería do Mar

A) Emendas do G. P. de En Marea:

—Núm. 11 (núm. de rexistro 2548) do GP de En Marea á sección.

—Núm. 30 (núm. de rexistro 2567) do GP de En Marea a Portos de Galicia.

—Núm. 31 (núm. de rexistro 2568) do GP de En Marea ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Núm. 11 (núm. de rexistro 2531) do G. P. dos Socialistas de Galicia á sección e a Portos de Galicia.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

—Núm. 12 (núm. de rexistro 2490) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG) á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

Grupo II

Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfíren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. de En Marea

Número 1 (núm. de rexistro 2535, primeira parte do documento, e corrección de erros no doc. núm. 2595) do G. P. de En Marea, que incrementa os gastos por operacións non financeiras en 500 millóns de euros nas actuacións identificadas nas aplicacións sinaladas nela. O maior gasto finánciase cun incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade

Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e coa minoración selectiva de determinados beneficios fiscais. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

Número 1 (núm. de rexistro 2571) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que prevé un incremento dos orzamentos consolidados ata a cantidade de 11.171.547.972 de euros.

O maior gasto finánciase cun incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e cunha mellora na xestión tributaria e un incremento do endebedamento público. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Números 1 a 3 (núm. de rexistro 2569 e corrección de erros no doc. núm. 2613)) do G. P. do BNG, que incrementan os gastos en 135 millóns de euros.

O aumento do gastos nas actuacións previstas nas emendas finánciase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos e coa supresión de beneficios fiscais. De aceptárense, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

A) Emendas do G. P. de En Marea

A1) Número 1 (núm. de rexistro 2535, segunda parte do documento, e corrección de erros no doc. núm. 2595) do G. P. de En Marea, que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II.

A2) En relación con estas emendas, faise a observación seguinte:

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 10.20.432B.743.15 en 3.262.937 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento dos investimentos da Fundación Cidade da Cultura. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións do estado de fluxos de efectivo e do seu balance.

Malia que estas operacións contables deberían facerse nas propias emendas transversais ou no seu defecto a través dunha emenda complementaria á principal transversal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que no caso de seren aceptadas

sería necesario facer os correspondentes axustes orzamentarios e nos estados financeiros para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto, coas consecuencias que a lexislación establece.

A3) A través do doc. núm. 2595 faise unha corrección de erros no doc. núm. 2535 consistente en completar a clasificación económica dos créditos orzamentarios de determinadas aplicacións e substituír as referencias aos puntos 4 e 5 polos puntos 3 e 4.

Complétase de oficio a clasificación orgánica da décimo segunda aplicación da relación da que se minora crédito no senso de incluír despois de A o número 1.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia

B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 2571) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nos epígrafes 1 e 2 do grupo II.

B2) En relación coa alínea 5, «Movementos concretos de partidas orzamentarias», fanse as observacións seguintes:

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 08.80.531A.854.0 en 2 millóns de euros. O crédito desta aplicación está destinado a financiar un aumento de capital da sociedade mercantil Xestur Galicia, S.A. para reforzar o seu patrimonio neto. De aceptarse a emenda sería preciso facer os axustes na contabilidade financeira desta compañía, nomeadamente nas contas correspondentes da previsión do seu balance e da previsión do seu estado de fluxos de efectivo.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 04.20.461B.871.0 en 2.500.000 de euros. O crédito desta aplicación está destinado a realizar unha achega de socio aos fondos propios da Corporación RTVG para compensar as perdas previstas para o exercicio e equilibrar, deste xeito, o seu patrimonio neto. De aceptarse a emenda sería preciso facer os axustes na contabilidade financeira desta compañía, nomeadamente nas contas correspondentes da previsión do seu balance e da previsión do seu estado de fluxos de efectivo.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 05.21.121A.873.0 en 25.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado á realización dunha achega patrimonial aos fondos propios da Fundación Semana Verde de Galicia. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas súas previsións de conta de perdas e ganancias, do estado de fluxos de efectivo e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 09.A3.561A.743.0 en 30.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado a financiar as fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira das fundacións afectadas.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 09.30.751A.441.10 en 150.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado a financiar gastos de explotación da sociedade mercantil Galicia Calidade, S.A. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da entidade, nomeadamente na previsión da conta de perdas e ganancias e na previsión do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 08.80.451B.441.17 en 100.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado á sociedade mercantil Xestur Galicia, S.A. De aceptarse a emenda sería preciso facer os axustes na contabilidade financeira desta compañía, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 05.25.212A.442.17 en 100.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento dos gastos correntes dos consorcios provinciais contra incendios. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade destes consorcios.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 04.40.441A.443.00 en 155.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento de gastos de explotación da Fundación Deporte Galego. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 05.26.111E.443.02 en 100.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento de gastos de explotación da Fundación Galicia Europa. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 07.04.541B.443.03 en 100.000 euros e da aplicación 10.40.422C.443.03 en 7.500 euros. Os créditos destas aplicacións están destinados ao financiamento de gastos de explotación da Fundación Rof Codina. No caso de aceptarse a emenda que minora os citados créditos, sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 09.A3.561A.443.05 en 75.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento de gastos de explotación da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 10.20.432B.443.15 en 900.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento dos gastos de explotación da Fundación Cidade da Cultura. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 09.41.323A.443.18 en 200.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento dos gastos de explotación da Fundación Galega de Formación para o Traballo. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias e do seu balance.

—Redúcese o importe de crédito da aplicación 07.01.542A.740.01 en 2.400.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado a financiar investimentos e subvencións de capital da entidade pública empresarial Augas de Galicia. De aceptarse a emenda, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade financeira desta entidade, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias, do estado de fluxos de efectivo e do su balance.

—Redúcese o importe de crédito da aplicación 14.01.513A.740.02 en 520.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado a financiar financiar investimentos da entidade pública empresarial Portos de Galicia. De aceptarse a emenda, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade financeira desta entidade, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias, do estado de fluxos de efectivo e do seu balance.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 08.A1.512B.741.01 en 4 millóns de euros. Esta aplicación financia operacións de capital da Sociedade Pública de Investimentos. De aceptarse a emenda, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade financeira desta entidade.

—Redúcese o importe do crédito da aplicación 10.20.432B.743.15 en 900.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado ao financiamento dos investimentos da Fundación Cidade da Cultura. No caso de aceptarse a emenda que minora o citado crédito sería preciso efectuar as correspondentes modificacións na contabilidade financeira da fundación, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións do estado de fluxos de efectivo e do seu balance.

Malia que estas operacións contables deberían facerse nas propias emendas transversais ou no seu defecto a través dunha emenda complementaria á principal transversal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que no caso de seren aceptadas sería necesario facer os correspondentes axustes orzamentarios e nos estados financeiros para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto, coas consecuencias que a lexislación establece.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

C.1) Números 4 a 35 (núm. de rexistro 43564 e corrección de erros no doc. núm. 2613) do G. P. do BNG, que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións.

C.2) En relación coas aplicacións cuxos créditos se reducen nas emendas que se detallan fanse as observacións seguintes:

—A emenda número 4 reduce en 2.027.018 euros o crédito da aplicación 08.01.451A.730.05, destinado a ser transferidos para financiar as operacións de capital do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, pero non fai os axustes precisos na contabilidade orzamentaria desa en-

tidade para reflectir esa redución mediante a indicación da aplicación ou aplicacións cuxos créditos habería que reducir para equilibrar o seu orzamento.

—A emenda número 13 reduce o importe de crédito da aplicación 07.01.542A.740.01 en 12.000.000 euros. O crédito desta aplicación está destinado a financiar investimentos e subvencións de capital da entidade pública empresarial Augas de Galicia. De aceptarse a emenda, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade financeira desta entidade, nomeadamente nas contas correspondentes das previsións da súa conta de perdas e ganancias, do estado de fluxos de efectivo e do seu balance.

—A emenda número 13 reduce en 69.517.811 euros o crédito da aplicación 08.01.512B.732.04 destinado a ser transferidos para financiar as operacións de capital da Axencia Galega de Infraestruturas, pero non fai os axustes precisos na contabilidade orzamentaria desa entidade para reflectir esa redución mediante a indicación da aplicación ou aplicacións cuxos créditos habería que reducir para equilibrar o seu orzamento.

—A emenda número 13 reduce en 7.972.982 euros o crédito da aplicación 08.01.451A.730.05, destinado a ser transferidos para financiar as operacións de capital do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, pero non fai os axustes precisos na contabilidade orzamentaria desa entidade para reflectir esa redución mediante a indicación da aplicación ou aplicacións cuxos créditos habería que reducir para equilibrar o seu orzamento.

—A emenda número 16 reduce en 10.482.189 euros o crédito da aplicación 08.01.512B.732.04, destinado a ser transferidos para financiar as operacións de capital da Axencia Galega de Infraestruturas, pero non fai os axustes precisos na contabilidade orzamentaria desa entidade para reflectir esa redución mediante a indicación da aplicación ou aplicacións cuxos créditos habería que reducir para equilibrar o seu orzamento.

Malia que estas operacións contables deberían facerse nas propias emendas transversais ou no seu defecto a través dunha emenda complementaria á principal transversal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que no caso de seren aceptadas sería necesario facer os correspondentes cambios orzamentarios e nos estados financeiros para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto coas consecuencias que a lexislación establece.

C3) A través do doc. núm. 2613 faise unha corrección de erros no doc. núm. 2569 consistente en rectificar as referencias ás consellerías de Medio Rural e do Mar e suprimir a emenda número 36 por estar duplicada a alta na número 12.

Complétase de oficio a clasificación programática do crédito da primeira aplicación da emenda número 4 e da antepenúltima aplicación da emenda número 13, que é o programa 451A.

Complétase de oficio a oitava aplicación da emenda número 6 no senso de incluír o subconcepto 110.00.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 38, do 2 de xaneiro de 2017, do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

Advertidos erros na publicación do acordo citado, cómpre a súa corrección nos seguintes termos:

Nas páxinas 6868 e 6869, no título do acordo, onde di: «Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2017, polo que se anuncia...», debe dicir: «Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2016, polo que se anuncia...».

Na páxina 6869, onde di: «A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 26 de decembro de 2017, resolveu...», debe dicir: «A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 26 de decembro de 2016, resolveu...».

Na páxina 6871, onde di:

«Quinta. Formalización das solicitudes

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da Internet: www.parlamentodegalicia.gal, e no Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela - A Coruña) en horario de 9.30 a 14.00 e de 16.30 a 18.30 de luns a venres, e de 10.00 a 13.00 os sábados.»

Debe dicir:

«Quinta. Formalización das solicitudes

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da Internet: www.parlamentodegalicia.gal, e no Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela - A Coruña) en horario de funcionamento.»

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, coa expresa petición de Devolución, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, en virtude das seguintes consideracións.

I UN FALSO RELATO PROPAGANDÍSTICO

Temos que empezar desmentindo o discurso propagandístico do Goberno: non é certo que a volta a taxas positivas de variación do PIB se deba á política económica aplicada polo PP. É todo o contrario: foi a política neoliberal de recortes no gasto público e desvalorización salarial a responsable de que a crise fora tan longa e tivera efectos tan duros.

Como ocorreu nos últimos 60 anos das economías española e galega ou como demostra o que sucedeu nos EUA ou no Reino Unido, a recesión non debería estenderse máis alá dos 18 meses. Foi a política económica imposta pola Troika e aplicada pola dereita en España e en Galicia a que prolongou innecesariamente o sufrimento da maioría social.

A xestión da Troika, do Goberno central e da Xunta de Feijóo prolongou de xeito innecesario a crise e inflixiu unha enorme dor e un retroceso de décadas nas condicións de vida e traballo da maioría social. Non foi un erro, foi algo premeditado: só cunha crise suficientemente dura era posible impoñer un retroceso no estado do benestar como o que se produciu.

II A SOCIEDADE SEGUE EN CRISE

A economía galega fai por saír da recesión, pero a sociedade galega aínda está na zona cero da crise social. Medra o PIB; é positivo e necesario, pero iso

en absoluto significa que a crise quede atrás. Só se poderá dicir que saímos da crise cando recuperamos as condicións de vida e de traballo que tiñamos antes de caer no pozo da gran recesión.

E para iso falta moito, porque o poder utilizou a crise para causar un enorme estrago no modelo social, e recuperar o benestar perdido non é un camiño nin fácil nin automático. Cos niveis de precariedade, desemprego e desigualdade actuais teimar en que saímos da crise é unha fraude. Unha estafa. Unha irresponsabilidade.

Nin se pode nin se debe aceptar o retroceso de décadas que está provocando na vida da maioría social a nefasta xestión neoliberal da recesión. Non podemos aceptar que os durísimos recortes na sanidade ou na educación pública, a deterioración das prestacións sociais e a precariedade laboral extrema non teñan volta atrás. Todo o contrario: a volta ao crecemento económico debe servir para recuperar o perdido.

A Galicia de hoxe é un país máis inxusto, máis desigual, máis pobre, con menos protección social, con menos dereitos laborais, con peores servizos públicos, con menos emprego, máis paro, con salarios devaluados e maior precariedade laboral que a de 2008:

1. Hai 207.000 persoas que seguen sen traballo e a maioría delas xa son parados de longa duración, a maioría desprotexidas porque só unha de cada catro persoas en paro teñan dereito a unha prestación.
2. Catro de cada dez asalariados cobran menos de 1.000 euros ao mes, e o 20 % son traballadores pobres, porque os seus salarios están por debaixo do limiar da pobreza.
3. A metade da poboación asalariada é precaria, ben porque ten un contrato temporal ou ben porque traballa a tempo parcial non desexado.
4. Disparouse a desigualdade, como demostra que os ingresos dos que máis ganan multipliquen por máis de once veces os dos que menos cobran.
5. O 26 % dos galegos e galegas, isto é, 750.000 persoas, están en risco de pobreza ou exclusión social (índice AROPE de Eurostat)

6. Existen 72.000 fogares onde todos os membros están en paro, unha situación que chega ao drama nos 34.000 fogares onde viven máis de 50.000 persoas sen ningún tipo de ingreso, nin salario, nin pensión nin prestación por desemprego.
7. As 755.000 persoas pensionistas en Galicia teñen unha pensión media de 763 euros ao mes, a segunda máis baixa do Estado; e 200.000 delas ingresan menos de 500 euros mensuais e que, aínda así, son o soporte fundamental de moitas familias.
8. Os problemas do emprego estanse transformando nun gravísimo problema demográfico que mesmo ameaza o noso futuro como país: as previsións mesmo oficias falan do risco real de que no ano 2050 o número de habitantes caia en 700.000. Outra vez encabezamos os postos de emigración no Estado.

III UNHA SAIDA DA RECESION QUE AGRAVA A DESIGUALDADE

A saída da recesión estase realizando pola senda da desigualdade e a precariedade, a laboral sen dubida pero a social tamén. O aumento do emprego temporal precario, dos traballos a tempo parcial, dos traballos de moi baixos salarios en actividades de baixo valor engadido, o empeoramento das condicións de traballo, o alongamento das xornadas moitas veces non retribuídas, o grave deterioro da protección ao desemprego e doutros sistemas da protección social...son as notas que caracterizan un modelo desigual e inxusto de saída da recesión que estase impondo a pesares do rexeitamento da maioría social a este modelo.

A crise foi unha estafa: causouna un sistema globalizado sen normas, e logo utilizouse para degradar o modelo social. Unha estafa que ten a confirmación en que nos dous anos do que o goberno chama recuperación non se ten avanzado nin un paso en resolver os problemas de fondo:

- recuperar o nivel de ingresos públicos que permitan financiar un estado do benestar digno de este nome,

- recuperar os dereitos laborais e sociais perdidos,
- abordar o cambio na estrutura produtiva do país, que cada vez é máis dependente de actividades estacionais e dos servizos nas áreas de baixo valor engadido.

Nun só dato se poden comprobar os profundos cambios que se teñen producido na economía e na sociedade galega: o PIB está xa en niveles similares a os de 2007 e sen embargo hai 110.000 asalariados menos que entón.

A mesma riqueza pero moito menos emprego e, ademais, de peor calidade, tanto en termos contractuais como de horas de traballo, con salarios devaluados que están provocando unha redistribución moi negativa en contra das rendas salariais en favor do excedente empresarial.

A pesar de todas esas consecuencias negativas, hai algo que podemos tomar como positivo: que coa previsión para 2017 a riqueza global xerada en Galicia (o PIB en termos reais) por fin igualará á que obtínhamos no ano 2007. Pero é unha recuperación tan desigualmente repartida que convive co deterioro do benestar social de amplas capas da nosa poboación.

IV GALICIA NA COLA DO CRECEMENTO ECONOMICO

O balance das Administracións do presidente Feijóo é o peor de toda a historia do noso autogoberno. Demoledor en termos económicos, de emprego, benestar e protección social Galicia nunca recuara tanto como desde 2009. O Goberno de Feijóo é o peor goberno de toda a historia de Galicia dende que recuperamos a democracia, tamén na economía.

De sete anos de goberno de Feijóo, a economía galega estivo catro en recesión e dous en estancamento, algo que non ocorrera nunca dende que existen estatísticas.

A recesión afectou a todas as comunidades autónomas, pero á nosa máis do que á media. En España, de 2009 a 2013 o PIB caeu o 8,6 % e en Galicia o 9,5 %, un punto máis. E agora está sucedendo exactamente o contrario: no

período 2014/2015 o PIB medrou en España o 4,6% mentres que en Galicia o fixo tan só o 3,6%, un punto menos.

A recesión foi máis intensa aquí e a recuperación, pola contra está sendo máis feble: caemos máis e agora medramos menos. En conxunto, dende o ano 2009 a economía galega perdeu dous puntos en comparación coa media española.

Utilizando o dato da denominada “contabilidad regional” do INE a variación media anual da economía española no período 2010/2015 é do -0,2% mentres que en Galicia é do -0,6%, o triplo. Por iso o final de 2015 o PIB de España estaba catro puntos por baixo do nivel previo a gran recesión e a nos aínda nos faltaban 6 puntos para recuperar o nivel de 2008.

Un balance moi negativo para este goberno: despois de sete anos gobernando Galicia e máis pobre tanto en valores absolutos como en valores comparados coa media de España. Nunca, con ningún goberno na democracia se dera esta situación: que o nivel de riqueza do país, medido polo PIB, rematara nunha lexislatura por debaixo do nivel co que atopou o empezala.

Porque ese escenario asume que a economía galega lle foi peor na fase de recuperación e non lle irá mellor na desaceleración que encetamos no ano 2017. O que fará que non recuperemos o diferencial negativo de crecemento coa economía española, cousa que seguirá a ter graves consecuencias negativas –como veremos aquí- en termos de emprego, desemprego, emigración e sostenibilidade do sistema de benestar social en relación ó que sucede no conxunto de España. Porque con esa evolución do PIB galego non recuperaremos o peso que tiñamos no PIB español antes da crise.

Somos máis pobres, tanto en termos absolutos como relativos, e iso tradúcese en que o PIB por habitante non deixa de caer: se en 2009 era do 88 % da media de España, en 2015 xa é do 87 %. Non converxemos, senón que diverxemos, malia a caída da poboación, porque mingua aínda máis o peso da economía galega no total do PIB do Estado. Con esta evolución Galicia está condenada a converxer en PIBpc coa media española só a causa dunha demografía máis adversa.

V TEMOS A PEOR EVOLUCIÓN DO EMPREGO DE TODO O ESTADO

Menos actividade e, polo tanto, menos emprego e máis paro: hoxe hai 98.300 ocupados menos que en 2009 e 45.600 desempregados máis. Pero este dato non reflicte ben a realidade porque, como é posible que o paro aumente só a metade do que se reduce o emprego? Pois porque hai menos xente buscando traballo: a poboación activa caeu en 53.000 persoas que se desanimaron e non buscan emprego ou que emigraron na procura de oportunidades que aquí non atopan.

O máis preocupante —o que de verdade serve para avaliar o goberno Feijoo— é a análise da diferenza coa media española, porque Galicia é a comunidade coa peor evolución do emprego de todo o Estado: entre 2009 e 2016 a poboación ocupada caeu en Galicia o 8,5% mentres que en España o fixo un 3 %; é dicir, a destrución de emprego multiplica por case tres veces a media do estado.

No desemprego os datos aínda son peores, porque no conxunto do Estado medrou o 5 % dende 2009 pero en Galicia fíxoo o 28%: case seis veces máis. E por culpa desa peor evolución se dilapidou boa parte do diferencial positivo que tiña Galicia: en 2009 a taxa de paro galega estaba máis de 5 puntos por debaixo da española, pero agora só hai 2 puntos de diferenza.

Como se pode presumir de boa xestión cando despois de sete anos de goberno con maioría absoluta hai menos emprego e máis paro? De que presume o presidente do país que ten a peor evolución tanto en emprego como en paro de todo o Estado?

En Galicia hai 98.300 empregos menos que no 2009, cando o PP volveu presidir a Xunta. Polo tanto, aínda que se cumprise o obxectivo que formulo Núñez Feijoo no seu discurso de investidura, en 2020 o número de persoas traballando en Galicia estaría por debaixo das que había cando il ocupou por primeira vez a Presidencia da Xunta.

Serían tres lexislaturas perdidas para o emprego, porque no mellor dos casos, despois de doce anos de goberno, volveríamos a estar como estabamos en 2009. Doce anos para volver á casiña de saída, ao ano máis duro da recesión, unha época terrible para o emprego que o entón líder da oposición e candidato do Partido Popular cualificaba, con toda a razón, como un desastre.

A explicación deste feito tan sorprendente é que Feijóo é vítima do falso relato sobre eficiencia da súa xestión, especialmente nos temas de emprego. Porque os datos din que dende que empezou a crise económica ata que el chegou a Presidencia da Xunta, abril de 2009, perdéronse 49.000 empregos. E sen embargo dende entón, co PP gobernando en Galicia e dende o 2012 en España, destruíronse 161.000 empregos. Para que se entenda ben, tres de cada catro empregos que se perderon en Galicia na crise o foron baixo gobernos presididos por Núñez Feijóo.

Estes son os datos, esa é a historia real e por iso agora, aínda cumpríndose a promesa de creación de emprego en 2020 habería o mesmo número de persoas traballando que no 2009. Un retroceso demoledor de doce anos.

VI UNHA SOCIEDADE CADA VEZ MÁIS DESIGUAL

A desigualdade salarial aumentou o 40% por culpa do recorte dos salarios e o aumento da precariedade e o traballo a tempo parcial non desexado. O número de persoas con ingresos por debaixo do SMI aumentou o 17% dende 2009, e xa son un de cada tres do total de asalariados. Prodúcese, ademais, unha redistribución inxusta da riqueza, porque as rendas salariais perderon catro puntos na repartición da renda dende 2009.

Esta é unha das razóns de que os ingresos medios dos fogares galegos se reducirán un 14% en termos reais dende 2009 e que o gasto medio caera o 20%, porque ademais de ter menos ingresos, as familias están devolvendo préstamos.

VII A PESADA LOUSA DO ENDEBEDAMENTO

Máis pobres e máis endebedados, porque Feijoo é o campión do endebedamento: nos sete anos de presidente, a débeda pública de Galicia aumentou dúas veces máis que cos catro presidentes anteriores nos 27 anos de autonomía.

Cando Feijóo chegou, Galicia debía 3.922 millóns de euros. Hoxe, co último dato coñecido do Banco de España, a débeda é xa de 10.641 millóns de euros. En sete anos endebedámonos en case 7.000 millóns de euros. O bo xestor que presume de non gastar o que non ten, de facer unha xestión ortodoxa e ter contas equilibradas, en realidade endebedou o país en mil millóns cada ano.

Unha situación que se agrava cando se saca a luz unha parte do endebedamento público que non está rexistrado nestas cifras oficiais do Banco de España. Trátase das débedas que a Xunta ten coas empresas cas que contratou a construción tanto de autovías como o Hospital de Vigo. Baixo a fórmula de contratos de colaboración público/privada se agochan débedas por un nominal de 852 millóns de euros pero que se transforma nun fluxo de pagos de máis de 3.000 millóns de euros ata o ano 2040.

Para saber polo tanto cal é a débeda real da Xunta de Galicia hai que sumar as dúas cifras, e o resultado é un endebedamento total de 13.675 millóns de euros. Polo tanto, en apenas sete anos de goberno a débeda pública pasou de 3.922 millóns a 13.675 millóns de euros, un incremento de 9.753 millóns equivalentes a un incremento do 250% da débeda inicial.

Un endebedamento que loxicamente acabase trasladando o orzamento consumindo cada ano que pasa máis recursos. En 2009 se destinaron 393 millóns de euros o servizo da débeda (pago de xuros e amortizacións). En 2017 a cifra disparase ata os 1.843 millóns de euros: un incremento do 400% en apenas sete anos.

As consecuencias deste brutal incremento do custe e que cada vez temos que destinar unha maior parte do orzamento total ao capítulo da débeda: se en 2009 o servizo da débeda consumía o 3,3% do orzamento total en 2017 teremos que dedicar o 17% do total dos recursos, financeiros e non financeiros.

E non é un problema do pasado que xe este corrixido, senón que se sigue producindo tamén neste exercicio: en 2017 o servizo da débeda incrementárase no 14% en comparación con 2016. Estamos pechados nun circulo vizoso perverso: a Xunta emite cada vez máis débeda para poder pagar a débeda que vence. En 2017 a Xunta se volverá a endebedar en máis de 2.000 millóns de euros para poder pagar 1.608 millóns de prestamos que vencen nese ano. A cifra de emisión de nova débeda en 2017 é a segunda máis alta de toda a historia: cada ano destinamos máis recursos a pagar débedas pero cada vez debemos máis.

VIII O PREOCUPANTE CADRO MACROECONOMICO DO ORZAMENTO 2017

O escenario que se asume nos Cadros Macroeconómicos (tanto para Galicia como para o conxunto de España) é resultado da obediencia ó catecismo ordoliberal que vén de Bruxelas (Comisión Europea) e Frankfurt (Banco Central Europeo).

Este escenario confirma que a austeridade non é expansiva, que conduce á desaceleración, en canto aquela se deixa de incumprir en conxunturas electorais. Porque Galicia só iguala ó crecemento medio español no terceiro trimestre de 2016 cando duplicou o crecemento na demanda interna que depende das administracións públicas (por razón do ciclo electoral).

O cadro macroeconómico que está na base do orzamento para 2017 contén un escenario moi preocupante: o Goberno galego asume que se vai producir unha forte desaceleración do crecemento económico. A Xunta de Galicia estima que o PIB vai medrar o 2,4% en 2017, o que supón unha intensa desaceleración comparada co 3,2% actual, segundo o IGE.

Aínda máis, coa previsión de goberno, a economía de Galicia estaría crecendo no entorno do 1,5% no último trimestre de 2017, menos da metade que en 2016. A fase expansiva acabaría apenas empezada e volveríamos o crecemento débil coa ameaza de recaer no estancamento en 2018, o que

impediría, entre outras cosas, recuperar o peso do PIB galego no conxunto do Estado que perdemos nos últimos anos.

Esta previsión do goberno supón o recoñecemento explícito da falta de consistencia da actual fase alcista do ciclo, porque unha vez que se esgotou o impulso dos factores externos (petróleo, paridade euro/dólar, política monetaria expansiva do BCE) e do gasto público polo ciclo electoral, a economía galega volve a unha fase de crecemento débil, o que demostra que non se corrixiu ningún dos desequilibrios de fondo da economía, en especial os vinculados a debilidade da demanda interna por culpa tanto dos baixos salarios como do deterioro das prestacións públicas.

Demostra tamén a falsidade do discurso do goberno. Non foron os recortes e a devaluación salarial os que explican a volta a taxas positivas do PIB senón todo o contrario: a política austericida prolongou a recesión ata convertela na máis longa e dura da nosa historia recente.

Obediencia, xa que logo, á austeridade expansiva e á devaluación interna. Dúas erradas estratexias económicas para saír dunha crise que provocaron as condutas especulativas duns sistemas financeiros que, a pesares diso, seguen a impoñer aquel catecismo neoliberal. Dúas estratexias que veñen estragando o tecido social e os nosos servizos públicos, provocando unha galopante desigualdade e exclusión social.

O cadro macroeconómico para 2016-2017 prevé que tanto a demanda dos fogares como das administracións públicas vai a desacelerarse (seis e catro décimas respectivamente), polos efectos da austeridade fiscal e da devaluación interna salarial. Unha desaceleración que ben podería agudizarse polas medidas fiscais sobre o consumo que se acaban de anunciar ou se os tipos de interese da débeda a longo prazo retornan a niveis de hai non moitos meses.

Pero, por riba, comprobamos que iso non se traduce nunha mellora da achega da contribución do sector exterior ó crecemento do PIB, pois pasaría de tres décimas en positivo a cero: a contribución do sector exterior ó crecemento faise nula. Unha aportación que podería chegar a ser na realidade negativa si

empeoran os prezos dos hidrocarburos, si se produce unha apreciación dun euro xestionado só ó fío dos intereses da economía alemá ou si se resenten os principais mercados emisores de visitantes estranxeiros.

Unha aportación minguantе que coincide coa caída das empresas exportadoras galegas no conxunto das españolas entre 2009 e 2015. Unha caída esta que tampouco é allea ó declive do noso esforzo en I+D+i.

A pesares desta evidencia (tanto da debilidade da demanda interna como o papel determinante que tivo o gasto público no crecemento de 2015 e 2016) o orzamento de 2017 volve á senda do axuste e dos recortes que están no ADN do Partido Popular.

IX UN BRUTAL RECORTE DO GASTO PÚBLICO

O incremento do orzamento para 2017 é claramente insuficiente, decepcionante podería dicirse, tendo en conta o discurso triunfalista do Goberno que cualifica o próximo exercicio como o terceiro da recuperación. Aínda máis, a pesares da desaceleración prevista, o crecemento nominal do PIB estimase no 3,6% porque volve a producirse incremento nos prezos.

Nese escenario, non se pode entender que o orzamento medre o 2,9%, isto é por baixo do PIB nominal, polo que obviamente non son unhas contas expansivas, senón todo o contrario: son restritivas e isto explica en parte a debilidade do crecemento.

Para entendelo ben, tendo en conta que a Xunta estima en 1,2% a variación dos prezos, os orzamentos só varían o 1,7% en termos reais, unha cifra moi escasa para empezar sequera a recuperación dos destrozos provocados nas contas públicas dende 2009.

Para non facer un listado interminable, o que obrigaría unha cartografía detallada dos recortes, destacamos os máis relevantes. Resumindo, no primeiro nivel da clasificación funcional do orzamento.

Se comparamos o dato do ano 2017 co de 2009 os recursos da función 4, produción de bens públicos de carácter social (isto é o gasto social) comprobouse unha redución da mesma en 643 millóns de €, un brutal recorte equivalente a unha caída do 14% en termos reais.

A función 5, a produción de bens de carácter económico (a capitalización e o investimento do país) sufriu un devalo aínda maior: o 47% en termos reais equivalentes a 495 millóns de € menos.

A función 6, sectores produtivos e desenvolvemento empresarial caeu en 290 millóns de euros, equivalentes a unha perda do 39% dos seus recursos de 2009.

A función 3, protección e promoción social, que inclúe as políticas de emprego e toda a política social, perdeu o 18% dos seus recursos de 2009, unha cifra equivalente a 87 millóns de euros.

Todas as funcións do gasto caeron de forma intensa dende o 2009. Todos menos unha: o servizo da débeda. A función 9, débeda pública, pasa de 393 millóns de euros en 2009 a 1.822 millóns de euros en 2017. Isto é, o servizo da débeda multiplicouse por 3,5 veces o que equivale a 1.429 millóns de euros máis agora que en 2009.

O segundo nivel da clasificación, as subfuncións proporciona unha información relevante que permite seguir a evolución dos recortes e que desminte radicalmente o discurso do Goberno de que mantivo o gasto social. No cadro seguinte detállanse a variación entre o 2009 e o 2017 en cifras absolutas e en taxa de variación real.

VARIACIÓN ORZAMENTO 2017-2009		
SUBFUNCIÓN	RECORTE 2009/2017	% VARIACIÓN REAL
41. Sanidade	-155 millóns	-14%
42. Educación	-195 millóns	-18%
43. Cultura	-77,5 millóns	-64%
45. Vivenda	-153,3 millóns	-82%
51. Infraestruturas	-312 millóns	-62%
52. Ordenación territorial	-34 millóns	-76%
54. Actuacións medioambientais	-179 millóns	-68%
55. Actuacións e valoración medio rural	-44 millóns	-33%
71. Dinamización económica medio rural	-69 millóns	-20%
72.- Pesca	-80 millóns	-56%
74. Desenvolvemento empresarial	-86 millóns	-51%
32. Promoción de emprego	-179 millóns	-52%
15. Normalización lingüística	-15 millóns	-78%
33. Cooperación exterior	-7 millóns	71%
91. Débeda pública	+ 1429 millóns	+354%

X EN 2017 VOLVE O AXUSTE

Un orzamento en retroceso que da continuidade o proceso iniciado en 2010 de perda do peso do gasto público na economía: en 2009 o gasto non financeiro equivalía ao 20% do PIB (11.426/56.739) mentres que no 2017 apenas chegará ao 15% (9.039/59.726), unha perda de 5 puntos de PIB, equivalente a 3.000 millóns de euros, unha cifra que cuantifica o brutal axuste que sufriu o orzamento baixo a presidencia de Feijóo e que se traduce no deterioro na calidade dos servizos públicos, nas prestacións sociais e na modernización da economía, os sectores produtivos e a infraestruturas no noso país. Un enorme retroceso que nós impide realizar unha política de emprego público, de remuneracións, de investimentos, de transferencias e servizos, que favorezan a demanda interna e a nosa competitividade externa.

Cos 259 millóns de euros nos que se incrementa o orzamento de 2017 habería que esperar ata o 2027 para volver aos valores nominais de gasto de 2009 e non sería ata o 2031 a recuperación do nivel de gasto en termos reais, isto é, se se ten en conta a variación dos prezos.

O Conselleiro de Facenda vén de dicir que en 2017 o PIB de Galicia volverá ao nivel previo á recesión. Si isto é así ¿porqué temos que resignarnos a que o gasto público sexa un 25% inferior o de 2009?. Si o nivel de riqueza producida no país é a mesma ¿porqué temos que vivir peor, con salarios devaluados e servizos públicos deteriorados? ¿porqué non podemos volver a ter os mesmos recursos na sanidade, no ensino, na axuda a dependencia ou en I+D?

A recuperación do nivel de riqueza agregada de Galicia en 2017 ós niveis de antes da crise prodúcese non só cun Orzamento do goberno galego minguante senón cun emprego total na economía moi inferior (case cen mil persoas menos ocupadas). Si a iso lle engadimos que a poboación que segue ocupada en boa parte o está facendo con remuneracións devaluadas (emprego a tempo parcial, somerxido, falsos autónomos, contratos temporais, etc.) chegamos á conclusión de que nun país igual de rico que antes da crise moitos menos son necesarios para conseguilo, e reciben unha menor parte da riqueza producida.

Si a iso lle engadimos que as Administracións Públicas teñen unha importancia minguanse para paliar este dobre declive (dos ocupados, e dos ingresos respecto do ano 2008) temos que concluír que do actual crecemento só se beneficia unha minoría pero que en absoluto hai desenvolvemento e mellora de benestar para a maioría social.

A resposta é sinxela. Non é un problema de riqueza senón en como se distribúe: de reparto primario entre rendas do traballo e rendas do capital e de reparto secundario, porque se reduzo a aportación fiscal das rendas altas e iso reduce a capacidade de realizar políticas de reequilibrio a través do gasto público.

XI ALGUNHAS PREGUNTAS SOBRE O ORZAMENTO 2017

Como se pode explicar que os ingresos correntes se incrementen tan só nun 1,4% mentres que o PIB nominal vai crecer o 3,6%?

Como é posible que en 2016 os ingresos procedentes do sistema de financiamento autonómico se incrementen en 504 millóns de euros, unha cifra equivalente ao 8,1%, e agora en 2017 só en 79 millóns de €, o 1,2%, 7 veces menos?

Como se pode explicar que o aforro corrente, a diferenza entre os gastos e os ingresos correntes, se reduza un 15% en comparación co 2016?

Como se explica que os gastos de capital - investimentos reais, transferencias de capital- se incrementen en tan só 54 millóns de € mentres que o endebedamento o fai en 422 millóns de €? E este un exemplo de xestión ortodoxa, cando a débeda non se utiliza para financiar investimentos senón gasto corrente?

Como se explica que o capítulo I, o de gasto de persoal medre en tan só 48 millóns de € cando o presidente Feijóo ven de dicir que o custe de devolver os salarios recortados aos empregados públicos e de 185 millóns de €? De onde saen os 137 millóns que faltan? Con menos persoal?

Como se pode aceptar mansamente que o FCI se incrementa en tan só 1 millón de € de forma que seguen nun mínimo histórico inaceptable?

Por que a Xunta estima, e acepta, que a economía galega medre por baixo da media do Estado no ano que vén? Por que renuncia a necesaria converxencia e a regresar ao paro que tiñamos antes de 2009 no total do Estado?

E, sobre todo, como explica a Xunta de Galicia que a previsión de crecemento do emprego en 2017 sexa case o dobre no Estado que no noso país?

UN ORZAMENTO RUTINARIO QUE RENUNCIA A ESTRATEXIA ECONOMICA PARA SER UN SIMPLE EXERCICIO CONTABLE.

Pero hai tamén cuestións aparentemente formais pero que son moito máis profunda e preocupantes porque revelan como se fan os orzamentos. Na páxina 105 do informe económico financeiro, epígrafe IV, se di textualmente “os ingresos procedentes do sistema de financiamento, en termos de caixa, cifraranse no ano 2017 en 6.736 millóns de euros, un 8,1% superiores aos que lucían no orzamento de ingresos para 2016”. É o que parece. No informe de 2017 se repite sen corrixir as cifras que en realidade se corresponden co 2016.

Pode parecer unha anécdota, pero non o é, porque o que reflicte é a forma na que fan os orzamentos: cópiase literalmente os do ano pasado e simplemente se cambian as cifras. E ás veces, como ocorre neste caso, se esquecen de facelo.

A elaboración do que é o principal instrumento para a xestión do Goberno, onde ten que definir a súa estratexia, o documento central que debería guiar a súa actuación tense convertido nun exercicio rutinario, onde se repiten sen ningunha valoración crítica unha e outra vez as mesmas cousas.

Elaborar o orzamento deixou de ser un exercicio de planeamento estratéxico para converterse nun mero exercicio contable, de cadrar as cifras sen perspectiva ningunha. E ademais, faixe sen control de calidade, con presas e, polo tanto, con inaceptables erros.

Aquí tamén pagamos o prezo da propaganda: quérese aparentar eficacia aínda que sexa pagando o prezo da improvisación. E non é unha opinión parcial, porque a páxina 207 da Memoria I di textualmente: “Ao respecto cabe destacar que en 2017 o marco orzamentario enfrontase cunha situación de incerteza, posto que aínda non se conta cun proxecto de orzamentos xerais do Estado e as comunidades autónomas non dispoñen dos datos que van conformar definitivamente os seus ingresos para o devandito exercicio”.

UN MODELO ALTERNATIVO

Fronte este modelo neoliberal noutros propoñemos avanzar por una vía diferente, baseada en un modelo de crecemento inclusivo, que no deixe a ninguén á marxe, e por lo tanto máis xusto y sólido, que aposte por la mellora da actividade en sectores de máis valor engadido, en especial cun peso importante das ramas industriais, que faga da produtividade do conxunto dos factores —a do traballo incluída— el instrumento da competitividade das empresas e do país, o que permitirá recuperar o traballo estable y con dereitos como a norma e non a excepción, con salarios decentes sobre os que se poda sostener ol estado do benestar grazas a os impostos e as cotizacións.

Fronte ao modelo da devaluación salarial como factor de competencia a nosa proposta é o impulso da demanda interna (con máis e mellor emprego, con salarios decentes e mellores prestacións sociais) como factor de crecemento e pola produtividade como la vía sostible a medio e largo prazo de la competitividade exterior do noso país.

O crecemento da actividade económica esta na lóxica do sistema, o papel das administración publicas ten que ser trasladar os incrementos do PIB a recuperación dos dereitos da xente: temos dereito a vivir mellor, a ter empregos estables con salarios decentes como a norma e non a excepción, a recuperar os niveis de calidade dos servizos públicos, a ter unha mellor protección social para pensionistas, persoas desempregadas ou dependentes, a reducir a pobreza e a desigualdade, a dispor dunha rede de protección publica que

acabe cos desafiuzamentos ou a pobreza enerxética. Temos dereito a un país xusto.

CONCLUSIÓN FINAL

O proxecto de orzamentos para 2017 é restritivo e, polo tanto, continua a senda do axuste e os recortes o que unido o esgotamento dos factores externos vai provocar unha intensa desaceleración do crecemento económico, que a finais de 2017 estará por baixo da metade do de 2016.

Un orzamento que reduce en termos reais os recursos dedicados os servizos públicos, as prestacións, a protección social e a capitalización do país. Fronte a resignación, os recortes e o axuste permanente nos demandamos e nos comprometemos cunha posición ambiciosa da Xunta de Galicia co obxectivo de incrementar o orzamento en 750 millóns de euros, mellorando os ingresos co obxectivo de financiar unha política económica que impulse o crecemento, o transforme desenvolvemento económico e social, baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza o benestar da cidadanía combatido a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

A resultas do devandito, o Grupo Parlamentar de En Marea considera que hai razóns máis que abondo **para rexeitarmos o Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2017 na súa totalidade e solicitamos a súa devolución ao Goberno.**

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 19:22:06

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, con expresa petición **de devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

1. En relación coas previsións económicas.

Non é necesario insistir na longa duración e profundidade da crise económica nos últimos 9 anos, cunhas consecuencias na creación de emprego ou na expansión económica moi negativas. Tan só en 2017, cara finais do ano, conseguiremos igualar a produción de riqueza do ano 2008 en termos reais. E aínda así temos case 70.000 empregos a tempo completo menos que no terceiro trimestre de 2008.

Como indica J. Stiglitz, recollendo unha convición amplamente compartida entre os economistas, das recesións, por fondas que sexan, acábase saíndo sempre. A cuestión é o tempo perdido (en termos de riqueza non creada e de empregos non xerados) así como se a traxectoria de comportamento económico se ve modificada a consecuencia do impacto da recesión. Pois ben, a riqueza deixada de producir desde 2008, simplemente de estabilizarse no nivel acadado nese exercicio, equivale a algo máis de un terzo do PIB dese ano, o que nos da una idea ben clara da dureza da depresión. E preocúpanos que a traxectoria de Galicia fose neste tempo por baixo da economía española no seu conxunto, con algunha excepción temporal.

Certo que 2016 foi un ano especial, non sabemos se como consecuencia do ciclo electoral. Houbo unha singular recuperación, superando, a diferenza do período previo, a taxa de crecemento do PIB da economía española. En valores nominais, as previsións de novembro do Goberno de España supoñen unha expansión do 3,2 % a finais de ano mentres

 Grupo Parlamentario

que a Xunta de Galicia proxecta unha taxa de crecemento do 3,4 %. En emprego equivalente a tempo completo as posicións invértense: 2,9 % de expansión en España e tan só un 1,9 % en Galicia. Estas cifras, de confirmárense a finais de ano, indicarían un efecto do crecemento sobre a xeración de emprego moito menos intenso en Galicia que no conxunto da economía española.

Pero ese crecemento diferencial positivo de Galicia pode deberse ao parón na traxectoria de consolidación fiscal da comunidade autónoma, no que pode ter algunha incidencia o ciclo electoral; o crecemento do gasto das administracións públicas multiplica por 2,4 o do conxunto de España, constituíndose nun dos elementos de soporte da demanda interna.

Sempre de acordo coas últimas previsións dispoñíbeis, incluídas as dos orzamentos que pretendemos devolver, a converxencia real coa economía española xa non tería lugar en 2017. O crecemento nominal acelérase, pola recuperación dos niveis de inflación ao 1,2 % en termos interanuais. Pero a expansión económica en volume desacelérase notablemente –o que, dada a inercia dos últimos trimestres, a punta a taxas no entorno do 2 % no segundo semestre do exercicio-. A economía galega comportaríase peor que a española (unha décima menos de expansión). E, sobre todo, a composición do crecemento é ben diferente, de acordo co cadro macroeconómico incluído no orzamento.

Mentres en España o gasto en consumo final privado expándese un 2,7 %, en Galicia sería tan só do 2,3 % (por debaixo da evolución do PIBpm); e, pola contra, o consumo final das administracións públicas tería un crecemento en España do 0,9 % e en Galicia do 2 % -sempre en termos reais-. Non semella que a recuperación sexa trasladada ás familias coa forza necesaria. En parte porque continúa a proxectarse unha elasticidade do emprego á expansión económica substancialmente inferior á da economía española (en empregos equivalentes a tempo

Grupo Parlamentario

completo, unha suba en Galicia dun 1,6 % adicional e en España un 2,4 %).

Os resultados económicos para 2017 dependen así en exceso do comportamento expansivo da formación bruta de capital. Pero é ben coñecida a volatilidade na evolución desta variable, ligada ás erráticas expectativas empresariais. Coa demanda interna desacelerándose, o prezo do cru nunha marcada curva ascendente, os tipos de xuro centrais con fortes presións para que inicien un alza e un sector exterior cheo de incertezas políticas (desde o inicio das negociacións efectivas do Brexit ao impacto da vitoria de Trump ou as incertezas derivadas das eleccións presidenciais francesas e lexislativas alemás), esa dependencia do crecemento do que suceda coas decisións empresariais de investimento introduce unha incógnita sobre os agregados macroeconómicos para 2017.

2. En relación coa estratexia fiscal.

A estratexia fiscal dos últimos nove exercicios, en termos de orzamentos iniciais, pode definirse, en primeiro lugar, polo axuste do déficit ás porcentaxes de produto interior bruto autorizadas ás comunidades autónomas no marco da estratexia agregada de consolidación do conxunto das administracións públicas españolas. Desde o máximo de 2010 (con 1532 millóns de euros) estableceuse unha senda descendente moi marcada nos seguintes exercicios. Con todo, desde 2009 a 2017 (inclusive) a Administración autonómica acumulará 6.500 millóns de euros de débeda –á que cómpre sumar, cando menos, ás cantidades derivadas da colaboración público-privada, que ascenden a 2.785 millóns de euros a finais de 2016-. Dentro dos límites autorizados pero incrementando a débeda de xeito moi marcado (aínda que por baixo da media das comunidades autónomas).

Non criticamos ese incremento do volume de débeda da Comunidade Autónoma de Galicia. Preocúpanos máis que estea acompañada dunha caída na formación de capital público autonómico. Desde 2009 a FBC

Grupo Parlamentario

redúcese sensiblemente desde algo máis de 2.000 millóns de euros a menos de 700 millóns en 2015. É a variación neta de pasivos financeiros a que permite manter estes niveis tan reducidos. E a coincidencia do incremento dos pasivos cunha expansión económica e creación de emprego menores que na media española.

Pois ben, nas previsións do proxecto de orzamento para este ano prodúcense dous feitos preocupantes:

- Unha utilización da capacidade de endebedamento da comunidade autónoma por baixo da autorizada ás administracións rexionais no último Consello de Política Fiscal e Financeira. Este desvío á baixa cífrase en algo menos de 60 millóns de euros (ao pasar do 0.5 ao 0.6 % do PIB).
- Unha redución do aforro corrente proxectado, con implicacións sobre o volume de investimento. Cun robusto crecemento económico a formación bruta de capital público autonómico estáncase en termos de PIB e reduce o seu peso no orzamento consolidado.

Cun nivel de desemprego extremadamente elevado e unha situación cíclica da economía en que a fenda de produción aínda está situada en valores negativos para o conxunto da economía española non semella adecuado extremar o rigor no déficit. Utilizar plenamente o endebedamento autorizado contribuiría adicionalmente á expansión económica e ao reforzamento dos niveis de investimento público sen comprometer a sustentabilidade das finanzas públicas.

En segundo lugar, unha estratexia tributaria centrada en rebaixas selectivas, por medio da introdución de beneficios fiscais dirixidos a sectores ou actividades determinadas, e unha renuncia ao uso da capacidade de alterar os tipos para intensificar a progresividade fiscal. Os beneficios fiscais agregados teñen un custe superior aos 300 millóns de euros. Ese nivel de beneficios fiscais ten como orixe preponderante a

Grupo Parlamentario

imposición directa e singularmente a imposición patrimonial, nas súas diversas formas.

Esa estratexia tributaria, seguramente exitosa en termos electorais, debe avaliarse en termos sociais así como económicos. A Xunta de Galicia utiliza as capacidades tributarias para aliviar a carga fiscal dos propietarios, facendo máis regresivo o sistema fiscal. Traslada capacidade de gasto ao ámbito privado, reducindo a posibilidade de gasto público e introduce incentivos selectivos sobre a actividade económica. Os efectos negativos sobre a equidade non se ven compensados por un efecto positivo marcado sobre o crecemento económico. Este keynesianismo centrado nos ingresos semella ter un efecto multiplicador menor sobre a renda ou o emprego que se fose o gasto público o instrumento utilizado. E os resultados específicos sobre a actividade económica están por xustificar.

Por outra parte, os orzamentos da Xunta de Galicia para 2017 tampouco prevén incrementos no financiamento da comunidade autónoma como resultado do aumento de tipos nos impostos especiais, que afectaría ao coeficiente de variación dos Ingresos tributarios do estado; da revisión do modelo de financiamento de 2009, que debера ter efectos desde o 1 de xaneiro do mesmo ano; ou da xestión áxil dos fondos europeos, que permitiría incorporar máis recursos, xa dispoñíbeis, ao gasto da Xunta de Galicia.

3. En relación co perfil do gasto.

Desde o Grupo Socialista consideramos que cómpre unha reforma profunda do perfil de gasto. Primeiro, para conseguir que a recuperación económica sexa unha realidade para toda a cidadanía, especialmente aquela que padeceu de xeito máis intenso as consecuencias da longa crise económica e o axuste no gasto público. A recuperación ten que ser inclusiva. Para o que se precisa, por exemplo, recuperar os niveis dos servizos públicos básicos, repoñendo, nun esforzo de medio prazo, o emprego perdido durante os últimos oito

Grupo Parlamentario

anos e impulsar as melloras nas infraestruturas e na xestión que eleven o nivel de eficiencia (plan de mellora da atención primaria ou da xestión hospitalaria; plan de redución do abandono escolar e do reforzamento das competencias educativas, etc.). Para o que se precisa intensificar en moita maior medida os fondos destinados a combater os niveis de pobreza, singularmente a infantil.

Segundo, para garantir o cumprimento do conxunto dos obxectivos do Plan Estratéxico para Galicia 2015-2020.

O Plan Estratéxico establece como obxectivo para 2020 unha taxa de emprego do 70 % para a poboación entre 20 e 64 anos (na Unión Europea sería do 75 %), sendo o nivel do 2015 dun 61,5 %. O avance previsto é moi limitado, insuficiente a este ritmo para aproximarse a ese modesto obxectivo. Avanzar con decisión implicaría mellorar substancialmente os niveis de cualificación dos empregados e fomentar con decisión o investimento produtivo.

O Plan Estratéxico sinala tamén como obxectivo que o gasto en I+D sobre o PIB se duplique ata 2020, chegando a un 1,7 % (que sería apenas o 57% do obxectivo para o conxunto da Unión Europea). O escaso esforzo nestes orzamentos dificulta que se avance nesta dirección coa intensidade necesaria.

O Plan Estratéxico establece tamén unha redución moi intensa da poboación en risco de pobreza ou exclusión social nos vindeiros anos. Aínda que no Grupo Socialista pensamos que a redución debe producirse por medio da incorporación ao mercado laboral, somos conscientes de que a curto prazo é imprescindible facer un esforzo adicional poderosos en favor das persoas coas condicións económicas máis fráxiles ou os fogares con máis dificultades. A gratuidade dos libros de texto, o reforzamento das prestacións para a dependencia, a aplicacións de recursos que cobran a demanda na RISGA, a introdución dun novo mecanismo de atención aos nenos en perigo de exclusión

 Grupo Parlamentario

social ou o reforzamento dos programas de vivenda en aluguer para as rendas máis baixas son algúns de entre eles.

Terceiro, para mellorar o funcionamento da Administración autonómica, facéndoa máis transparente, eficiente e limpa. Celebramos que os empregados públicos recuperen nas súas extras o complemento de destino que perderan en 2012. Pero os soldos son conxelados para 2017 e falla por incorporar ás extras o soldo íntegro e os trienios. Por iso non nos semella correcto que os altos cargos vexan incrementadas as súas remuneracións por riba do 7 % -cando ao tempo se está demandando ao conxunto dos traballadores e traballadoras a continuidade do esforzo de moderación das rendas salariais na negociación colectiva-.

E, sobre todo, non hai unha reflexión sobre os cambios necesarios para garantir un nivel de execución das previsións orzamentarias maior; e unha eficiencia das políticas públicas acrecentada. Os cambios introducidos na estrutura da Administración autonómica (como a creación da Axencia de Industrias Forestais ou a incorporación do CIXTEC a AMTEGA) semellan escasamente fundamentados. Os obxectivos en materia de combate da fraude fiscal moi insuficientes. Os elementos de avaliación de políticas públicas *ex ante*, nulos.

Hai unha liña de continuidade das políticas e de inercia nas formas de xestión que debilita os orzamentos.

Por todo o anterior, presentase esta emenda á totalidade e **solicítase a devolución do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, para a súa reformulación completa polo Goberno da Xunta de Galicia.**

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga Portavoz

 Grupo Parlamentario

Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:45:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, doc. núm. 1968 (10/PL-000001).**

O Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2017 presentouse cun pretendido carácter expansivo. Porén, fronte a esa suposta e pretendida expansividade, unha análise pormenorizada dos mesmos lévanos á conclusión de que teñen un marcado carácter continuista, onde a única partida realmente expansiva é a débeda, xa que o maior incremento dos orzamentos témolo precisamente no gasto da débeda.

Xa que logo, o pretendido carácter expansivo quédase en fume, e estes orzamentos consolidan os recortes en servizos públicos e prestacións sociais, debido aos recortes acumulados no período de goberno de Feijóo, que ascenderon a máis de 10.000 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos caracterízase polo continuísmo con respecto ás políticas restritivas baseadas na concepción da austeridade impulsadas polo Partido Popular, polo que este proxecto non servirá para reactivar a economía nin garantir os servizos públicos e as políticas sociais, indispensábeis para loitar



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contra as desigualdades e asegurar a cohesión social. A continuación desenvolvemos estes e outros argumentos que xustifican a presentación desta emenda.

Unha expansividade orzamental inexistente

Unha vez analizado o proxecto de orzamentos, estes non teñen o pretendido carácter expansivo que se anunciaba. O gasto non financeiro da Xunta de Galiza pasa de 8.804 millóns de euros para o presente ano a 9.045 millóns de euros para 2017. Polo tanto incrementase en 241 millóns de euros, un 2,7% máis con respecto a 2016. Porén trátase dun incremento moito menor que o orzamentado para o presente ano, no cal o gasto non financeiro da Xunta de Galiza incrementouse en 365 millóns de euros, isto é, un 4,4% a maiores. Ademais, orzaméntase 18 millóns de euros menos que o permitido polo teito de gasto, fixado en 9.063 millóns de euros, Xa que logo, a Xunta non orzamenta todo o gasto non financeiro que o teito de gasto permitiría.

O gran incremento neste proxecto de orzamentos prodúcese no gasto da débeda. Así, a suma do capítulo 3 e do capítulo 9 amósanos un incremento de 224 millóns de euros, un 14% con respecto aos orzamentos do presente ano, isto é, cinco veces máis intensamente que o gasto non financeiro, que o fai nun 2,7%. Este espectacular incremento fai que se destine á débeda nada menos que o 17% dos orzamentos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Un menor crecemento económico e perda de poboación activa

O proxecto de orzamentos contempla un incremento do PIB do 2,4% para o 2017, un incremento menor que o previsto para o presente ano, que se estima que medrará nun 3,1%, e tamén menor que o conxunto do Estado, xa que o goberno central estima que o PIB crecerá un 2,5%. A compoñente do PIB que menos medrará é precisamente a que depende da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado, “consumo final das administracións públicas” a que presenta, outro anos máis, unha menor previsión de crecemento que as outras compoñentes, cun 2%.

Os orzamentos sitúan no 17,4% a taxa de paro para o presente 2016, estimando que se reducirá a un 15,6% no 2017, o que supón un descenso de 1,8 puntos con respecto a cómo a Xunta de Galiza prevé terminar o presente ano. Neste sentido, cabe destacar que o relevante é que se cree emprego neto, pois de nada vale que diminúa a taxa de desemprego se é provocado pola redución da poboación activa que está en paro, por exemplo a través da emigración. Estímase que o emprego neto medrará un 1,6% pero o propio Informe Económico Financeiro reconece que diminuírá a poboación activa: “Por último, a taxa de paro situarase no 15,6% en 2017, (...), Un descenso da poboación activa xunto cun incremento do emprego do 1,6% levaríanos a esa taxa.”

Xa que logo, que descenda a poboación activa nun contexto de crecementos do PIB indícanos a fragilidade deste crecemento e a profundidade da crise e as súas consecuencias. Mesmo o crecemento neto do emprego que se estima para o 2017 (1,6%) é menor ao que se estimou para o presente ano (1,7%)



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Continúa a política fiscal regresiva e o maior incremento de ingresos provén da débeda

O presente proxecto de orzamentos mantén a política impositiva de claro carácter regresivo que están a aplicar os diferentes gobernos do Partido Popular, polo que neste proxecto non atopamos medidas que reforcen a progresividade e equidade do sistema fiscal para atender á súa función redistributiva.

Apenas existen modificacións orzamentarias no proxecto. As principais prodúcense no Imposto sobre Transmisiós Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados, no cal, se ben dunha banda existe un beneficio fiscal neste imposto, doutra banda tamén se suprimen bonificacións, sendo polo tanto erróneo o discurso da baixada impositiva.

En todo caso, non se contempla no proxecto ningunha medida para, dentro das limitadas competencias galegas, avanzar cara un sistema fiscal máis xusto, con medidas tais como o incremento dos tipos para os patrimonios máis elevados ou a creación de novos tributos, como sería a posta en marcha dun imposto que grave o impacto económico, social e ambiental que provocan as grandes superficies comerciais. Ademais, neste proxecto mantense a suba no Imposto sobre Hidrocarburos aprobada hai tres anos.

O maior incremento de ingresos provén da débeda, que ascende a 2.060 millóns, o que supón un incremento do 22% con respecto aos 1.688 millóns de euros que se prevé ingresar no 2016. Polo tanto, é de destacar o crecente peso



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

que a débeda na configuración dos ingresos, que supón que o 19% dos ingresos proceden da emisión de débeda pública. Doutra banda, atopámonos que os ingresos non financeiros so se incrementan nun 1,4%, polo que queda patente que o incremento dos recursos é debido practicamente na súa totalidade ao incremento da débeda, outra clara mostra da insostibilidade do modelo.

Non existe unha aposta decidida polos servizos públicos básicos e non diseña ningunha estratexia para o dinamismo económico dos sectores produtivos

O proxecto de orzamentos non prioriza o gasto social. Atendendo á clasificación funcional dos orzamentos, observamos como o grupo de funcións que absorbe a maioría do gasto social, “producción de bens públicos de carácter social”, medra un 2,9%, é dicir, medra practicamente igual que o conxunto do gasto non financeiro e moito menos que o incremento total das funcións, que é dun 4,8%. Así funcións como “sanidade” ou “educación” medran un 2,8% e 2,9% respectivamente, tamén sobre a media, polo que queda claro que non se trata de partidas prioritarias nestes orzamentos, e que polo tanto, o gasto social non é unha prioridade. Porén, os gastos en altos cargos e delegados increméntase fortemente, nun 5,4%.

Estes orzamentos representan, ademais, un paso máis na liquidación programada da nosa lingua e cultura. A cultura e a normalización lingüística seguen as ser as cincentas dos orzamentos. Os 64 millóns de euros destinados a cultura non representan nin a metade do que se orzamentaba no 2009. Mentres



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

que a normalización lingüística segue ser a partida eternamente maltratada, cunha partida dotada con menos de sete millóns de euros, tres veces menos do que no 2009.

Por outra banda, non hai no proxecto de orzamentos ningún deseño para desenvolver os nosos sectores económicos estratéxicos, reorientar o modelo produtivo e xerar emprego. Despois de ter anunciado o sr. Núñez Feijoo que esta ía a ser a lexislatura do rural, vemos como este anuncio se queda en fume, xa que a dinamización económica do medio rural incrementábase nuns escasos 5,5 millóns de euros, un 1,7%. Isto é, menos do incremento medio.

Non hai ningunha ambición por avanzar cara un modelo produtivo innovador e de futuro, xa que os incrementos en I+D+i son de 4,7 millóns. Desde o BNG consideramos imprescindible duplicar esta partida con respecto ao orzamentado para 2016, e realizar unha aposta estratéxica pola innovación e investigación como vectores dun novo modelo de desenvolvemento do país, o que significaría incrementar esta partida en 125 millóns de euros. Por se fose pouco, un sector tan necesitado de apoio e reorientación produtiva como a industria, ve recortado o seu orzamento nun 9%.

O proxecto non contempla actuacións totalmente imprescindíbeis para avanzar no benestar, a igualdade e na recuperación económica, tais como un plan de choque para mellora dos servizos públicos, duplicar o orzamento en I+D+i, un Plan Retorna para facilitar a volta da mocidade emigrada, un Programa de accións para a igualdade que incluíra un Pacto Galego contra a Violencia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Machista, un Plan de emerxencia social de loita contra a pobreza e recursos para favorecer o acceso ao crédito de empresas e autónomas.

A fórmula de financiamento mediante as colaboracións público privadas resulta ineficiente e mesmo o Consello de Contas ten advertido das súas contraindicacións, porén esta fórmula vai a implicar que a Xunta de Galiza destine 134,6 millóns de euros so no 2017, dos cales 65,8 corresponden ao Novo Hospital de Vigo. Esta fórmula de financiamento supón unha forte hipoteca, xa que a Xunta de Galiza ten pagos comprometidos ate o 2039.

Do punto de vista ambiental e da conservación da natureza non se albisca alternativas nin solucións aos graves problemas pendentes como poden ser a rexeneración das nosas rías, a posta en marcha dunha política integral de conservación e bo estados das masas de auga ou un cambio de modelo na xestión do lixo que aposte pola redución, reutilización e reciclaxe e que dote de plantas comarcais de compostaxe ao conxunto da nación galega. Por outra banda, sería preciso compromiso real no proxecto orzamentario coa conservación de espazos naturais protexidos e coa biodiversidade e os ecosistemas galegos. O incremento do 1,7% nas actuacións medioambientais dista moito de avanzar na consecución destes obxectivos.

En definitiva, son uns orzamentos desilusionantes polo seu continuísmo, sen ningún deseño estratéxico para xerar emprego nin para loitar contra as graves desigualdades sociais.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA 2017.**

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:30:07

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 04, Presidencia, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

Os motivos que xustifican a devolución dos orzamentos explícanse en razón do argumentado para cada un dos departamentos relacionados.

SECRETARÍA XERAL DE PRESIDENCIA.

Non se xustifica a dotación de fondos libres nin o seu peso relativo dentro do orzamento total, polo que non podemos aceptar as partidas consignadas nin así repartidas.

S.X. DE MEDIOS

Consígnanse partidas millonarias para a subvención ao sector privado de comunicación e prensa sen facerse avaliación dos resultados da aplicación desa subvención, sen que se teña acreditado en anos anteriores a eficacia do diñeiro para os fins para os que se entregan. Singularmente, en materia lingüística, nin se acredita o impacto no maior uso da lingua nin un aumento real de uso da lingua na información ordinaria.

S.X. EMIGRACIÓN

Non se acredita a consignación de programas específicos de atención á mocidade galega actualmente emigrada, nin as súas circunstancias específicas.

Non se realiza un apoio á mocidade retornada en particular nin aos colectivos de difícil inserción laboral dentro das capas de poboación migrante. Tampouco consta a existencia de plans de seguimento do impacto real das políticas de retorno, polo que o esforzo de investimento non está avaliado en canto á súa



eficiencia. Finalmente non se acredita a chegada ou difusión das liñas de retorno entre a poboación galega emigrada.

S.X. DEPORTES.

Non existe estratexia de infraestruturas deportivas de Galicia, polo que os investimentos carecen de programación en función nin de poboación atendida nin de áreas afectadas. Non existe un mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, polo que a política deste apartado resulta completamente errática.

AMTEGA e RETEGAL SA

RETEGAL non cumpre co seu cometido de asegurar que unha parte importante dos núcleos rurais de Galicia, e a maioría dos da montaña de Lugo e Ourense dispoña de servizo de Internet, sen que se prevexa no Plan de Banda larga o remedio desta situación.

AMTEGA tampouco está desenvolvendo eficazmente as tecnoloxías da comunicación no eido singularmente da Administración de Xustiza, onde o pretendido obxectivo do papel cero foi un fracaso logo dun ano de aplicación.

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A institución non preveu orzamentariamente o cumprimento da Sentenza xudicial arredor do Castelo de Monterrei, nin existen previsións de investimento para facer do Castelo realmente un centro de dinamización turística e económica e cultural da comarca, tal como foi autorizado no traspaso deste ben de interese cultural.

CORPORACIÓN DA RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA SA

Non se desenvolve a lei do audiovisual e os seus contidos de promoción do sector, nin se dá cabo do cumprimento cos deberes de promoción da lingua na produción audiovisual, o que distorsiona o cumprimento dun dos fins da institución como é a normalización lingüística e a promoción cultural.



S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

A xestión privada dos albergues do Camiño de Santiago, adxudicada en 2016 a unha empresa do grupo de Florentino Pérez determina un inadecuado cumprimento das funcións desta sociedade, que nace precisamente encomendada para a súa materialización, sen que tampouco se adecúen orzamentariamente outras partidas aos fins para os que se constituíu a sociedade.

FUNDACIÓN PARA O DEPORTE GALEGO.

Non existe unha planificación de gasto na Fundación que permita coñecer de antemán cal é a estratexia seguida na organización de actividades, de xeito que carecemos de elementos para avaliar o impacto na poboación de anos anteriores e se todo o territorio nacional está adecuadamente cuberto coa dotación e a súa distribución.

En resumo, estas contas non evidencian recuperación algunha. Todo o contrario. Consolidan os recortes e privatizacións de anos anteriores,. Por iso, En Marea solicita a súa **devolución**.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 21:02:34

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a **seguinte emenda á totalidade, de devolución do Ente Público “CRTVG”, Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Non se detecta agresión ningunha con respecto ao orzamento destinado á CRTVG. Falamos dunha importante partida de 104,7 millóns de €. Si se lamenta que se presenten orzamentos baseados na información contable para un rexistro mercantil, onde é imposible analizar o destino concreto dos fondos públicos e facer un control do mesmo e da súa eficacia. Non existe, por exemplo, un desglose das partidas xenéricas de aprovisionamento; nin en “outros gastos de explotación, se desglosa a partida de servizos alleos. Tampouco se especifica que investimento se destina á produción propia nin nin na dobraxe.

Os orzamentos para o 2017 da Corporación CRTVG, unha vez máis afondan no camiño da privatización e externalización do que debera ser un servizo público fundamental para fomentar, defender e dar a coñecer a entidade de Galicia.

O seu financiamento e a súa liquidación, deben seguir estritos informes e controis do Parlamento, medido sobre os custes netos das misións legais, e dotado de ampla transparencia pública que debe exercerse non só dentro dos organismos de control internos e externos do servizo público, senón tamén cara á cidadanía que constitúe a súa auténtica propietaria.



Fronte á intolerable manipulación denunciada en reiteradas ocasións para financiar campañas institucionais, exacerbadas de sectarismo nas eleccións, os contidos deben estar enfocados a crear comunidades, o que esixe normas, Códigos Deontolóxicos e libros de estilo.

Con respecto á produción é necesario manter no servizo público un equilibrio permanente, planificado e controlado entre os niveis de produción propia interna co seu papel dinamizador da industria audiovisual independente: un alto nivel de produción interna como garantía de calidade e fiabilidade nas súas misións centrais de servizo público, combinado co seu papel como motor da industria audiovisual.

A lei que regula o papel da TVG non desenvolve o apartado sobre fomento da participación cidadá como misión específica do servizo público, contravindo a Carta de Gobernanza Multinivel en Europa. Asemade, é necesario redefinir os procesos de decisión e acción democrática baixo os principios de apertura, transparencia, cooperación, inclusividade e coherencia. Evidenciamos o deterioro do espazo público democrático en canto a pluralismo e diversidade, e especialmente a forte degradación do servizo público con perigo futuro.

Cremos que son imprescindibles os Consello Informativos , como instrumento esencial da independencia informativa do servizo público, do seu pluralismo político e social e da súa defensa respecto a toda presión externa, gubernamental ou privada. Para garantir o cumprimento das misións de independencia editorial e calidade das misións de servizo público, sería imprescindible unha carreira profesional interna, plasmada nun Estatuto da Carreira Profesional se servizo público, pactado polo Consello de Administración cos sindicatos representativos e cos consellos de informativos no seu campo de competencia.

Considerando que os orzamentos son opacos e que non é posible determinar se poden cumprir as obrigas da CRTV conforme á lexislación vixente, rexeitamos os mesmos.



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:12:52

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos da Fundación Deporte Galego, Sección 04, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

O pequeno incremento orzamentario que sofren os orzamentos desta fundación non chegan para afondar nos retos do deporte en Galicia, unha vez máis centrado nas axudas ás persoas deportistas de Alto Nivel, aínda así cativos para un país como Galicia, pero esquece de forma reiterada o modelo de deporte inclusivo e para todos e todas.

Compre canto antes establecer unha estratexia de deporte onde se priorice a práctica de deporte para o conxunto da poboación, pero sobre todo para os nosos maiores e nenos e nenas, feito reiteradamente obviado nas liñas desta fundación, debemos recuperar a importancia do deporte escolar, e o deporte como medio de socialización e vida saudable, todo sen esquecer as últimas modificacións legais e de taxas que están a facer que en ámbitos como as carreiras populares, o cross e o atletismo en pista cuberto ou o aire libre continuemos a permitir ou obrigar que moitos dos nosos deportistas atopen mellores condicións e facilidades na veciña Portugal, cando nosoutros continuamos a poñer enormes dificultades para facilitar a presenza de deportistas do país veciño, nas probas en Galicia.

Continuamos esperando a resolución definitiva da protección en termos de accidentes e saúde das multitudes de formas de deporte en Galicia, tanto a nivel profesional pero sobre todo afeccionado sometidos a tiranía das



aseguradoras que en moitos casos afogan ou directamente impiden a celebración de eventos de deporte para todos ou afeccionado.

Debemos impulsar o apoio as entidades locais para as escolas deportivas e o deporte para o conxunto da cidadanía, establecendo liñas permanentes de axuda e de creación, mantemento e mellora das infraestruturas deportivas.

Por todo o exposto solicitamos a devolución do orzamento desta Fundación.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 13:17:20

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 04, Presidencia da Xunta de Galicia, así como das axencias Amtega e de Turismo de Galicia**, e con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Como xa reiterabamos no debate dos orzamentos de 2016, esta Sección orzamentaria, co seu actual organigrama, abrangue competencias que van moito máis alá daquelas que serían propias das necesidades da Presidencia da Xunta de Galicia; asumindo ámbitos competenciais propios dunha consideración absolutamente presidencialista da dirección política do Goberno da nosa Comunidade Autónoma.

E ao propio tempo que presidencialista e, polo tanto, pouco colexiado nas súas decisións sobre ámbitos de competencias tan sensibles socialmente como os medios de comunicación, a emigración, o deporte ou a modernización tecnolóxica de Galicia, esta sección orzamentaria presenta un diagnóstico claro, e reiteradamente denunciado, de opacidade, de gasto excesivo e sobredimensionado; especialmente nuns momentos no que a sociedade esixe máxima credibilidade e exemplaridade nas organizacións.

O orzamento total consolidado desta sección 04 xunto coas súas entidades instrumentais e axencias públicas acada un importe de 279.1 millóns de euros, case 7 millóns máis que no orzamento do vixente exercicio 2016. Nestas cifras non podemos, nin debemos socialmente, de deixar pasar unha vez máis a opacidade na información sobre o gasto en persoal eventual de confianza. Unha vez máis, nos cadros onde se reflicten os medios humanos de cada servizo non aparecen desagregados desta clase de persoal, nin a súa categoría nin responsabilidades. Unicamente temos coñecemento da súa existencia polos importes que se consignan para as súas retribucións. Nada

Grupo Parlamentario

menos que un monto total de 1.561.052 euros, correspondendo os maiores importes á propia Secretaría xeral da Presidencia e á Secretaría xeral de Medios (867.368 a Presidencia e 502.105 a Medios).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Se a este importe lle engadimos os 463.702 euros de retribucións de altos cargos, que por certo recollen unha suba salarial que tamén estamos a denunciar como absolutamente inapropiada nestes momentos, temos un montante total de 2 millóns de euros en persoal de confianza ao servizo directo do Presidente da Xunta, sen ningún tipo de explicación. Non fan falta máis palabras nin máis números para poñer en evidencia esta política de falta absoluta de transparencia e exemplaridade no exercicio do servizo público por parte da Presidencia da Xunta de Galicia.

E nesta liña de falta clara de exemplaridade, e dos seus correspondentes custos, tamén poñemos en cuestión un organigrama inflacionado de cargos e de órganos (derivados do Decreto 234/2012), considerando ademais que xa se teñen posto en marcha varias axencias públicas que deben absorber todas as competencias propias dos seus ámbitos.

Cuestionamos se realmente é preciso manter unha dirección xeral do Gabinete da Presidencia se esta labor se subsume na propia Secretaría xeral da Presidencia. Tamén se é realmente preciso manter unha dirección xeral de Comunicación se as súas funcións se encadran na Secretaría xeral de Medios. Obsérvese que estas dúas direccións xerais unicamente contan con gastos de persoal, precisamente para atender as retribucións dos seus titulares.

Unha vez posta en marcha a **Axencia de Turismo de Galicia**, ten sentido non extinguir e integrar nela a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo? Por que manter a Fundación Deporte Galego se as súas funcións poderían ser desenvoltas pola Secretaría para o Deporte?

Grupo Parlamentario

Consideramos que unha simplificación da estrutura de órganos directivos dependentes da Presidencia, ademais de reducir custos innecesarios, axudaría a conformar equipos agregados máis eficientes e profesionalizados, ao tempo que coadxuvaría a súa maior transparencia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En materia de **Medios e Comunicación**, non se formula unha verdadeira política de máxima transparencia e concorrência competitiva, tanto para a asignación do programa 461A por importe de 1.135.000 euros de axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión como para o 1.535.000 euros dos programas de comunicación social. A sociedade galega, como calquera sociedade madura e avanzada na nosa contorna, necesita que as súas políticas de comunicación e medios garantan a diversidade cultural, ideolóxica e política, coa participación activa e directa dos grupos sociais representativos no conxunto da programación.

En materia de **Emigración** chaman a atención as consideracións que se recollen no proxecto de orzamentos sobre os seus obxectivos en materia de retornados, cando para as asociacións e plataformas do sector a situación real é ben distinta, de claro esquecemento e tratamento moitas das veces discriminatorio. Basta con mencionar toda unha serie de problemas que está a denunciar a emigración retornada para ser conscientes de que os dereitos e necesidades dos galegos que poden regresar a Galicia están atendidos de forma moi insuficiente. E se isto é así, non menos grave son as perspectivas dos que durante esta crise teñen saído a outros países en busca de mellores oportunidades. O escenario que se lles ofrece por parte dos gobernos central e autonómico non permite precisamente pensar no retorno.

Polo que respecta á **Secretaría xeral para o Deporte**, lamentamos que sexa o único ámbito sectorial da Presidencia que reduce o seu orzamento total, nun -2%, perdendo 400.000 euros respecto de 2016, con especial intensidade en materia de investimentos. Como noutras ocasións, demandamos o pleno desenvolvemento da Lei 3/2012, unha distribución territorial dos fondos con transparencia e a transferencia de instalacións deportivas de ámbito local aos seus concellos.

Respecto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (**Amtega**), demandamos tamén que se asegure a máxima transparencia tanto nas súas licitacións como nas políticas de subvención que desenvolverá en 2017. Só a corporacións locais vai destinar 780.000 euros en transferencias correntes e 900.000 en transferencias de capital. Tamén destina axudas a empresas e familias e institucións sen ánimo de lucro, pero non parece ter en conta ao tecido universitario de Galicia, punteiro precisamente en TIC en varios dos seus campus. Non vemos en absoluto clara a aposta polas políticas integrais de *software* libre.

O Software Libre é unha ferramenta de transformación social que fomenta a igualdade, a participación e a solidariedade, promove o desenvolvemento, a sociedade do coñecemento e a innovación tecnolóxica, favorecendo o acceso de todas as persoas a todas as tecnoloxías; se fundamenta en compartir o coñecemento, é economicamente máis rendible (as súas licenzas son gratuítas), fomentando o emprego a nivel local, é libre (calquera o pode utilizar e mellorar) e fai uso de estándares públicos e de formatos abertos, posibilita a independencia tecnolóxica e, ao contrario que o software privativo, evita estar atados ás decisións e intereses privados.

En relación co programa 761A “Coordinación e promoción do turismo”, hai que sinalar que o sector do turismo representa un papel crucial no crecemento económico e na xeración de emprego da nosa comunidade autónoma, supón arredor do 10 % do PIB galego, polo tanto é un sector estratéxico para Galicia e clave para o desenvolvemento económico do país. Non obstante, o orzamento previsto para o ano 2017 representa un 55 % menos que o de 2009.

Nestes orzamentos non se contemplan partidas suficientes para facer fronte ás eivas que temos no sector turístico, como a baixa estadía media dos turistas en Galicia, a falta de campañas ambiciosas que poñan en valor o noso patrimonio cultural, paisaxístico, gastronómico, termal, rural, a gran diversidade de rutas de sendeirismo, etc; e a falta dunha aposta clara e

Grupo Parlamentario

decidida polo turismo de cruceiros, que non é estacional, e que esta a ter gran afluencia nos portos de Vigo, A Coruña e Ferrol.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Para corrixir esta situación é moi importante contar cunha imaxe propia de “marca” onde se promocióne toda a diversidade turística de Galicia no seu conxunto. Todo isto, sempre coa participación das entidades locais e coas empresas do sector.

En definitiva, as políticas, as contas, as formas de facer, a falta reiterada de transparencia, precisan dun serio cambio na organización da Presidencia da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:50:33



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia da Xunta, Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns:

Os orzamentos desta sección non cumpren cos obxectivos en materia de comunicación institucional e medios de comunicación, promoción do turismo, promoción da actividade deportiva, fomento da sociedade de información e do coñecemento, e emigración.

En primeiro lugar, entendemos que a estrutura de competencias da sección 4 non é coherente nin funcional senón que é resultado dunha amalgama que non responde a ningún criterio máis alá do control pola presidencia de materias como a comunicación institucional e social ou as novas tecnoloxías que teñen unha forte carga propagandística. No caso da promoción do turismo, o lóxico é que esta competencia se vinculase á consellaría de enonomía.

Consideramos que se debe reducir nunha porcentaxe do 30% as cantidades destinadas a persoal eventual de gabinete, co obxecto de destinar estes recursos a programas de promoción da actividade deportiva destinados ao conxunto da poboación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Támén consideramos necesario reducir gastos do capítulo II (cobertura informativa, comunicacións, reparacións, material de oficina, gastos diversos) para destinalos a incrementar os orzamentos do programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento.

No referente ao capítulo VI, consideramos necesario reducir a partida do programa 461A (Programas de comunicación social e outras actuacións) e incrementar as axudas a empresas xornalísticas e de difusión, con un vencellamento claro e directo ao apoio do uso da lingua galega nos medios de comunicación para cumprir a normativa vixente en materia de normalización lingüística.

Por último, o grupo de BNG considera necesario un cambio sustancial nos orzamentos e nos programas destinados á emigración, incrementando os créditos destinados á promoción do retorno e da integración sociolaboral.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 04.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:33:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos do Ente Público “CRTVG” (Sección 04) no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns.

Os orzamentos presentados son máis un ano continuistas e manteñen, polo tanto, unha liña de xestión da Corporación da Radio e Televisión de Galiza (CRTVG) que impide desenvolver as súas obrigas recollidas no Mandato Marco.

No contexto mediático actual, caracterizado pola fragmentación de audiencias e unha maior competitividade, as contas non son acaídas para que a CRTVG configure o espazo galego de comunicación multiplataforma en lingua galega que deben liderar os medios públicos do país.

Perante os novos reptos xurdidos da aparición de novos canles de TDT xunto coa xeración dun espazo comunicativo pivotante entre cada vez máis soportes – fundamentalmente virtuais-- os Orzamentos propostos para 2017 non permiten encarar de maneira acaída e cos recursos económicos necesarios as urxencias que nesta materia ten a CRTVG.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos do Ente Público CRTVG (Sección 04).



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:29:22

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 05, Vicepresidencia e Administración Pública, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

Os motivos que xustifican a devolución dos orzamentos explícanse en razón do argumentado para cada un dos departamentos relacionados.

VICEPRESIDENCIA.

SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE.

A falta de dotación orzamentaria para formación en igualdade de xeito transversal e a insuficiencia de fondos destinados a esta secretaría, á vista dos indicadores estatísticos das desigualdades de carácter laboral e social da posición das mulleres respecto dos homes na sociedade galega, así como os datos de violencia contra as mulleres determinan a insuficiencia dunhas políticas que aquí se amosa que carecen de respaldo orzamentario para se faceren efectivas.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Non se garante que co orzamento consignado a Asesoría poda cumprir coa súa función de participación na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico, nin se especifica de que xeito e con que medios a Asesoría vai resultar funcional a este obxectivo.



PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARIA XERAL TÉCNICA

O control de infraestruturas administrativas non permite actualmente combater o cambio climático de xeito eficaz, porque a súa programación centralizada impide desconectalo localmente en caso de alta temperatura, e provoca situacións absurdas de funcionamento de sistemas de calefacción ao tempo que o persoal debe ter as xanelas abertas. Tamén se impide desconectalo na fin de semana. Esta situación determina unha dotación de fondos que non se atopa xustificada cunha xestión eficiente dos recursos.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Con esta planificación orzamentaria non se cumpre cos obxectivos de implantación da Nova Oficina Xudicial, que por outra banda veñen xa de 2003.

Non se consigna nin un só euro para asegurar que o programa informático da Administración de Xustiza vaia estar dispoñible en 2017 en lingua galega.

Carece de consignación orzamentaria específica a potenciación das medidas alternativas á prisión, co que non se acredita a posibilidade do seu cumprimento.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Non existe planificación de recursos para a fusión ordenada de concellos, e experiencias de anos anteriores revelan unha errática asignación de recursos que mantivo en situación de incerteza os que aprobaron a súa converxencia.

Non existen referencias ás comarcas nin á área metropolitana da Coruña nas liñas de actuación –malia que xa está anunciada a súa creación-, e tampouco



hai referencia ás áreas urbanas, o que revela a falta de compromiso cos espazos interurbanos en Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Ferrol.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

A actividade da dirección xeral non xustifica as partidas nin de propaganda nin de traballos técnicos non especificados.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Non se fai avaliación do impacto do TTIP na economía galega e no emprego nin se consignan fondos para o estudo nin para paliar os seus efectos económicos e sociais.

Non se dotan orzamentariamente programas de Cooperación para o Desenvolvemento nin se dá cabo do cumprimento dos compromisos de solidariedade establecidos con organizacións non gubernamentais.

DIRECCIÓN XERAL DE REFORMA E AVALIACIÓN ADMINISTRATIVA.

As previsións orzamentarias non permiten garantir o desenvolvemento da Lei 1/2015 no relativo ás garantías cidadáns usuarias de servizos públicos, nin se dotan as ferramentas que permitan coñecer os recursos dispoñibles fronte actuacións ilícitas da administración.

Os programas orzamentados de medición de calidade obvian o uso da lingua galega como indicador.

Non existe avaliación e seguimento programados do cumprimento dos obxectivos de modernización, cando os investimentos da materia están sendo moi elevados, o que imposibilita os xuízos de eficiencia na asignación de gasto.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR.

A ausencia dunha partida específica de estudo dun maior desenvolvemento das competencias en materia de policía autonómica, a insuficiencia da dotación en materia de formación en seguridade dos corpos locais (abranguendo esta crítica a Academia galega de Seguridade), as formas de xestión privatizada de servizos públicos esenciais escollidas e o seu montante orzamentario determinan a devolución desta partida.

CONSORCIOS AUTONÓMICOS.

A elección de formas indirectas de xestión e a súa dotación orzamentaria determinan que servizos esenciais como de extinción de incendios sufran unha precarización laboral inasumible polo Grupo Parlamentar de En Marea,

Por iso, En Marea solicita a súa devolución na súa totalidade da sección 05.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:41:58

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución do Ente Público Fundación Galicia Europa, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Un ano máis continuamos sen atopar os fundamentos que permitan entender a necesidade de manter este orzamento, xa que logo estamos ante unha fundación que non está a permitir a defensa dos intereses galegos fronte a UE, e o seu conxunto de decisións lesivas para o país como o reparto de cotas pesqueiras ou as novas normas de etiquetaxe que afectan de forma moi importante aos nosos sectores primarios ou a análise da afectación dos tratados TTIP ou CETA para o noso país

Por todo isto solicitamos a devolución deste orzamento

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 13:23:15

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución do Servizo 80, Escola Galega de Administración Pública, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

A formación dos traballadores públicos debe ser un elemento fundamental para mellorar e optimizar os servizos que se prestan á cidadanía, por iso un orzamento tan pouco ambicioso neste sentido, que continúa ademais errando na oferta formativa en moitos casos atendendo a necesidades e criterios certamente partidistas e non de atención das necesidades xerais, fan que solicitemos a devolución deste orzamento.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 13:29:30

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución do Ente Público Fundación Semana Verde de Galicia, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

A Fundación Semana Verde que debера ter como obxectivo prioritario o fomento e a mellora económica do sector primario, resulta que a través do estudo deste orzamento podemos comprobar que esa partida incrementase a metade do que se incrementan cada unha das actividades que se prevén realizar nas instalacións, que nada ou pouco teñen que ver cos obxectivos básicos da Fundación. Cremos necesario a mellora e fortalecemento das capacidades da Fundación Semana Verde para mellorar as condicións laborais e de vida das persoas do sector agroforestal galego, pero semella que as liñas de actuación esqueceron este obxectivo para acadar máis relevancia as actividades de carácter lúdico que, sendo importantes para mellorar a relación das instalacións coa comunidade que ocupan, evitan a mellora do obxectivo fundamental para o que foi pensada.

Por todo isto solicitamos a devolución deste orzamento

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 13:37:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á "Axencia Galega de Emerxencias" como organismo autónomo, Sección 05, A1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

A meirande parte dos investimentos reais da Axencia (por riba incluso da dotación para a nova infraestrutura que será a sede dos servizos da Axencia) van destinados a contratar a atención telefónica, en mans privadas, nunha estratexia política e orzamentaria que non podemos admitir por impoñer unhas condicións laborais precarias para as persoas prestadoras do servizo e unha merma dos recursos que poderían estar a disposición do cumprimento doutras funcións esenciais da Axencia e non o están porque deben satisfacer o beneficio empresarial da adxudicataria.

A organización dos servizos de ambulancia das zonas de Alta montaña de Lugo e Ourense e o seu correlativo orzamentario non permiten satisfacer en tempo razoable as necesidades de atención sanitaria destas comarcas do interior de Galicia. O mesmo sucede coa estratexia de parques de bombeiros, que non permite atender as urxencias en momentos iniciais onde o lume é máis doadamente controlable.

Estas razóns obríganos a solicitar a **Devolución** deste orzamento.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:15:05

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 05, Vicepresidencia, e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

O Orzamento da Sección 05 crece un 3,7 %, algo máis de 9 millóns respecto de 2016. Considerando que dos 261,9 millóns que acada para 2017, 124,5 son para gastos de persoal do capítulo 1, o que representa un 47,5 % do total, tendo en conta que os gastos de persoal se incrementan xa entre un 3-4 %, encontrámonos con unha escasa capacidade de acción política nos departamentos que engloba esta sección.

E si é certo que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia presentan nas súas competencias un marcado carácter instrumental e de soporte administrativo aos distintos departamentos autonómicos, non é menos certo que ten entre as súas responsabilidades as políticas de Igualdade, as competencias autonómicas en materia de Xustiza, o apoio á Administración Local galega ou as políticas de Seguridade e Emerxencias e Acción Exterior da Comunidade Autónoma. Por iso, estas políticas terían que crecer nos vindeiros orzamentos en ratios máis ambiciosos.

Non obstante, debemos de ter en conta xa de partida que novamente o gasto en persoal de confianza suma 700.000 euros, que non debemos deixar de sumar ao 1,5 millóns de gasto de persoal desta clase no ámbito da Presidencia. Así podemos afirmar obxectivamente que o gasto total na máxima dirección política do Goberno galego en persoal exclusivamente de confianza ascende a máis de 2,2 millóns €. Estes datos falan por si solos dunha concepción presidencialista, “absolutista”, da acción de goberno e da non tan austera política de gasto corrente da que habitualmente fai gala o Sr. Núñez Feijoo.

Polo que atinxe á **Secretaría Xeral de Igualdade**, a pesar das “novedosas” apostas do Partido Popular polas políticas de conciliación, estas reciben o mesmo crédito que no orzamento de 2016, ao igual que as accións de promoción e fomento do autoemprego e emprego feminino e practicamente son iguais os recursos para situacións de especial vulnerabilidade. Un compromiso serio e firme coas políticas de Igualdade esixe non só sensibilidade senón recursos, sempre insuficientes.

Esperamos que o incremento co que se dotan os programas de apoio ás mulleres vítimas da violencia machista sexan suficientes, aínda que o que máis esperamos é que o conxunto de políticas preventivas paren dunha vez por todas esta lacra!

Pero botamos moi en falta medidas transversais que contribuírían decididamente a traballar por una sociedade en igualdade: políticas de maior impulso no ámbito escolar, de rexeitamento de subvencións precisamente a centros escolares que segregan por sexo, programas que fomenten a titularidade compartida no ámbito das explotacións agrarias, de corresponsabilidade parental e igualdade nas relación familiares en supostos de ruptura, de garantía legal de presenza equitativa nas listas electorais, de equilibrio nos órganos de goberno e alta administración tamén do sector privado. Tamén avogamos polas necesarias políticas contra a trata, a explotación e a prostitución; neste ámbito precísase un decidido plan de carácter integral.

No ámbito da **Asesoría Xurídica Xeral**, será máis que oportuno verificar a participación dos servizos xurídicos autonómicos na elaboración dos plans de prevención contra a corrupción, no ámbito das novas competencias do Consello de Contas, que non pode quedar só nun titular máis.

En materia de **Xustiza** debemos deternos de forma singular. En Galicia, os Orzamentos de 2017 para Administración de Xustiza sinalan a falta de vontade real e de capacidade do Goberno para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade ten no eido dunha

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

institución tan esencial para o noso sistema democrático. Canto se ten executado do orzamento de 2016? onde está ese tremendo incremento anunciado para a Xustiza? Porque, aínda que a Memoria do Orzamento para a Dirección Xeral de Xustiza indica unha suba do 5,2 %, o certo é que soben un 5,1 % xa os gastos de persoal e non hai variación en investimentos respecto do ano 2016. Casualmente, ou de forma rutineira tal vez, neste capítulo figura ao céntimo o importe de 2016 (448.740€).

Lembremos que nestes 8 anos de Goberno:

1º. Non se ten feito absolutamente nada na promoción e no desenvolvemento do Dereito Civil Especial de Galicia.

2º. Na promoción do galego, non hai avances, incluso a modernización tecnolóxica o está a esquecer, e tecnoloxicamente non ten que ser necesariamente así.

3º. Descoñécense as medidas alternativas ao cumprimento das penas de prisión.

4º O sistema de asistencia xurídica gratuíta agarda a modificación que nunca chega.

5º Nada se di realmente de alcance respecto do Imelga.

Polo que respecta á **Dirección Xeral de Administración Local**, a falta de compromiso coas entidades locais é manifesto, aínda que incrementa o Fondo de Cooperación. Os orzamentos para 2017 baixan un 15 % (ata un 27 % nas transferencias de capital en materia de creación, mellora e ampliación de servizos locais básicos).

E non se ofrecen respostas aos seguintes retos:

- Ás previsións en materia de fusións municipais.
- Ás áreas metropolitanas que por fin queren desenvolverse en Vigo e na Coruña.

Grupo Parlamentario

- Ás perspectivas sobre o Pacto Local en Galicia.
- Ao novo modelo de financiamento local a defender na FEMP.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E non se presentan fórmulas de xestión que avancen decididamente cara a un modelo de subvencións realmente obxectivas. As corporacións locais de Galicia recibirían fondos do orzamento autonómico para 2017 por un montante total de 328 millóns de euros. Avancemos cara a un financiamento incondicionado, reequilibrador, obxectivo e de máxima transparencia.

No ámbito de **Relacións Institucionais e Parlamentarias**, gustaríanos coñecer cales van ser os indicadores da maior presenza e rendición de contas do Goberno ante este Parlamento, pero nada se concreta ao respecto.

E non podemos deixar de pasar dous compromisos que asumen, pero tamén sen ningunha concreción, o cal é máis grave:

- Afondar no autogoberno: os exemplos que estamos a debater estes días poñen en tela de xuízo este nobre compromiso e a capacidade do actual Goberno galego en Madrid. (AP-9 ou AVE).
- Contribuír a definir a revisión da organización territorial do Estado desde una perspectiva, din, global. Explíquenno o seu modelo; é a sensibilidade territorial que tiveron desde Madrid estes últimos anos?

Da Memoria de **Emerxencias e Interior** despréndese que non vai haber apenas incremento porque, aínda que indica unha suba do 3,9 %, o certo é que soben un 2,2 % os gastos de persoal e non hai variación en investimentos respecto do ano 2016. E nada de profesionalizar as emerxencias, senón deixalas en mans de voluntarios. Cremos que a achega do voluntariado é importante e loable, pero na fase de intervención precisamos profesionalizar o sector.

Grupo Parlamentario

Din que están pendentes de que as deputacións provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra concreten definitivamente a viabilidade xurídica e económica da súa proposta dun cambio no modelo de xestión dos consorcios provinciais, tal e como comprometeron, pero a Xunta de Galicia non manifesta o seu posicionamento.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por último, o número de persoal da Unidade de Policía Adscrita comezou o ano 2016 con 447 efectivos, dos 470 que chegou a ter en xullo do ano 2013. A previsión é que para finais de 2016 se reduza este número en 4 efectivos. Cales son realmente as previsións para a UPA? Non hai respostas nin programas concretos.

Sobre **Relacións Exteriores e coa UE**, dúas cuestións que para nós son da máxima sensibilidade (esperamos que para o Sr. Feijoo tamén):

- A previsión de transferencias correntes en materia de Cooperación seguen igual que en 2016. As de capital as incrementan en 300.000 €.
- Non hai previsión de axudas para os refuxiados. Lembremos que dos 21,3 millóns de refuxiados actuais no mundo, a metade son nenos e nenas. A Declaración de Nueva York adoptada no Cumio das Nacións Unidas sobre Refuxiados e Migrantes o 19 de setembro pasado é contundente.

Cren de verdade que con estas previsións, ou falta delas, están a asumir compromisos humanitarios no exterior propios dun país socialmente avanzado e solidario. A crise non pode ser escusa.

En materia de **Avaliación e Reforma Administrativa**, tres preguntas que tampouco teñen resposta no documento do proxecto de orzamentos:

- Cal é a estratexia que van seguir para verificar a calidade dos servizos públicos, deteriorados de forma grave tras os recortes

 Grupo Parlamentario

sufridos? Gustaríanos coñecer resultados.

- Sinalan na memoria que teñen culminado o proceso de reordenación de entidades instrumentais do sector público autonómico. Que planificación teñen para o conxunto das 69 entidades que actualmente conforman este sector a efectos SEC-2010?
- Tamén anuncian un Plan de Reordenación de Efectivos. Poden explicarnos o seu alcance e planificación?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E para finalizar, así como a **Academia Galega de Seguridade** incrementa o seu orzamento para formar tamén, segundo indican, aos 8.000 garda civís e policía nacionais en virtude do novo convenio co Ministerio de Interior, a **EGAP**, que mantén o mesmo orzamento que en 2016, tamén debería dispor de maiores recursos para mellorar as súas capacidades de formación dos empregados públicos. O propio Plan estratéxico de Galicia 2016-2020 recolle este obxectivo de forma preminente no seu eixe 5 (Unha Administración moderna, eficiente e de calidade).

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:53:05



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como os Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns:

Son orzamentos que se caracterizan polo elevado gasto de funcionamento, nomeadamente os relativos a persoal de gabinete (754.737) e gasto corrente (34.769.320). Consideramos excesivo o gasto do Capítulo II do programa 121A, que ascende a un total de 19.249.604 euros.

No que se refire á acción exterior (programa 111E), adoece de carencias e eivas que limitan a presenza e participación de Galiza no marco da euro-rexión Galiza Norte de Portugal, nos países da lusofonía, en Europa e no mundo. En xeral, o orzamento deste programa pon de manifesto unha visión limitada, pouco ambiciosa e rotineira da acción exterior, que non prioriza os esforzos nin persegue obxectivos claros desde o punto de vista da imaxe do país, a proxección da lingua e a cultura, a presenza política en foros e organismos internacionais, e a defensa dos intereses económicos de Galiza.

No referente a cooperación exterior e ao desenvolvemento, o lixeiro incremento que experimenta esta partida aínda nos sitúa nos últimos postos do



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estado e compromete a viabilidade de moitas accións que desde a iniciativa social se están a desenvolver neste ámbito.

En materia de igualdade, se ben se producen incrementos en partidas destinadas a loitar contra a violencia machista, entendemos que cómpre desenvolver un programa ambicioso de combate contra esta auténtica lacra social promovendo un pacto galego que comprometa a todas as institucións e ao conxunto da sociedade e que mobilice maiores recursos e medios. Como base deste plan, é preciso ampliar e potenciar as medidas encamiñadas a combater a desigualdade, especialmente no eido da formación, a educación, salarial e o emprego.

Neste proxecto de orzamentos mantense a opción política deste goberno por un sistema de atención ás emerxencias de xestión privada, fragmentado, sen operativos eficaces de mando e coordinación, e con fortes desequilibrios territoriais.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 05.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:33:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **sección 06, Consellería de Facenda, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

A primeira razón ten que ver coa responsabilidade desta consellaría na elaboración dos orzamentos xerais de Galicia porque as graves carencias metodolóxicas dos anos anteriores, o carácter rutinario dos mesmos, que converten a elaboración dos Orzamentos Xerais nun exercicio meramente contable e non no documento estratéxico para a acción do Goberno, hai que engadir os innumerables erros numéricos deste exercicio.

As presas, a improvisación, a falla de medios e outras razóns son as que están detrás duns textos cheos de erros, en especial na Memoria e no Informe económico financeiro, os documentos que en teoría deberían darlle consistencia e cohesión as cifras das partidas orzamentarias.

Ademais os orzamentos da Consellería non serven para cumprir os obxectivos estratéxicos e operativos que incorporan os diferentes programas que xestiona: nin contribúe a lograr unha función pública, profesional, motivada e orientada ao servizo público, nin contribúen á cultura económica e salarial nin, moito menos, axudan a ter unha administración financeira transparente, eficiente e orientada a resultados.

Por outro lado, non parece que os orzamentos do ano 2017 vaian a servir para corrixir as graves carencias das entidades públicas instrumentais que dependen da consellería: o Consello Económico e Social de Galicia, a Axencia Tributaria de Galicia e o CIXTEC.



Por último, non parece que os orzamentos de 2017 vaian a corrixir a incorrecta estratexia da xestión da débeda pública nin a dos fondos empregados.

En resumo, por todo o exposto rexeitamos os orzamentos da Sección 06 do Proxecto de Orzamentos para o ano 2017 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformados na súa totalidade.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:34:31

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo B1, Consello Económico e Social de Galicia Sección 06, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

O Consello Económico e Social (CES) é un órgano consultivo da Xunta de Galicia que cumpre un papel fundamental para unha sociedade democrática e participativa, sendo un foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e dos representantes da sociedade civil organizada no proceso de toma de decisións, tendo o cometido tanto de analizar a actividade normativa governamental como de elaborar, por iniciativa propia, estudos e informes que resulten en propostas de acción política en calquera ámbito directamente vencellado ao desenvolvemento económico e social do País.

No Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, o Orzamento previsto para o CES non acada o mínimo necesario para reforzar o seu papel consultivo e de análise sociopolítica, ficando en 819.293 € - que representa pouco máis do 63% dos recursos dispoñibles en 2009 para o CES -.

Ademais, o Capítulo II, que representaba o 59,47% dos Orzamentos en 2009, redúcese a un 32,39% do total nos Orzamentos para 2017, o que se traduce en menos medios para a realización de informes e estudos, aumentando así a porcentaxe sobre o total que representa o mantemento de persoal e estrutura, pois mesmo dos 265.345 € do Capítulo II, case 100.000 € adícanse a mantemento de instalacións e servizos.

Estes Orzamentos para 2017 consolidan, así, o baleirado de contido que o Goberno Galego pretende aplicar ao CES, ben a través de reducir os seus recursos para a elaboración de informes e para a celebración de xornadas de interese socioeconómico, ben non sometendo a ditame do CES o anteproxecto de lei de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, que acompaña aos Orzamentos 2017, ben reducindo ao mínimo as peticións de informes ao CES.

Neste momento de crise social –que non rematou coa mellora do cadro macroeconómico, senón que, como recoñece a Memoria do propio CES de 2015, se consolidaron as desigualdades sociais– é fundamental reforzar a labor de análise socioeconómica do CES, pois só cunha correcta diagnose, participada pola sociedade civil, se pode chegar ás solucións acertadas para mellorar o benestar do pobo galego, e o CES podería cumprir unha achega moito máis importante neste sentido.

Por outra parte, nun escenario parlamentar de maioría absoluta cobra meirande importancia a elaboración de ditames sobre a labor lexislativa governamental co concurso dunha sociedade civil plural, para complementar a labor dos diferentes grupos parlamentarios e ampliar as oportunidades de participación da sociedade no goberno da Xunta.

Polo exposto con anterioridade, **rexeitamos os orzamentos** da Sección 06 da Consellería de Facenda (**Consello Económico e Social**) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 na súa totalidade **e reclamamos a súa devolución para seren reformados** tendo en conta a necesidade de reforzar a autonomía e o importante papel do Consello Económico e Social, tanto na elaboración de análises sobre a realidade socioeconómica galega, coa implicación da sociedade civil do noso País, como na avaliación de anteproxectos de lei e de decretos da Comunidade Autónoma que regulen materias socioeconómicas.



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 19:51:35

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 06, Consellería de Facenda, así como ás axencias públicas e aos organismos autónomos dependentes dela**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

O crecemento económico non se plasma na elaboración destes orzamentos, posto que o incremento dun 2,7 % en gasto non financeiro corresponde maioritariamente ao incremento no capítulo de persoal, debido á recuperación para os empregados públicos nas súas extras o complemento de destino que perderan en 2012.

Nestes orzamentos non se recolle o incremento do teito de gasto aprobado polo Goberno central, que pasa do 0,5 contemplado neste proxecto ao 0,6; o cal supón aproximadamente, un incremento de 60.000.000 €.

A Consellería de Facenda renuncia de novo a exercer unha política fiscal progresiva, na que as rendas máis altas contribúan máis, na procura dunha mellor e máis equitativa redistribución da riqueza. Non se reflicte unha mellora na recadación tributaria

Non se reflicte un esforzo para combater a fraude fiscal a través da Axencia Tributaria Galega (Atriga), que incrementa o seu orzamento en tan só nun 1,02 % respecto de 2016. Non se contempla un auténtico plan con obxectivos e indicadores contrastables e controlables.

Grupo Parlamentario

O crecemento económico non se manifesta nunha aposta real por unha política en favor do emprego de calidade, cando temos unha taxa de desemprego dun 16,4 % e unha poboación ocupada de 1.057.900 persoas (EPA 3T 2016).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non aportan ningunha estratexia para frear a sangría demográfica que está a padecer Galicia, cun 24,33 % de poboación maior de 65 anos e un 15,76 % menor de 20. Non se establece ningunha medida que incida na fixación de poboación.

Non aporta ningún plan que incentive o retorno do talento, da xuventude que tivo que emigrar por non atopar resposta ás súas necesidades.

É necesario que, ademais de elaborar un plan de dinamización demográfica, este se acompañe dunha dotación de recursos que permitan o desenvolvemento das medidas e obxectivos recollidos: creación de emprego estable, facilitar o acceso á vivenda das persoas máis novas, servizos públicos para conciliar a vida laboral e familiar, sobre todo no rural; incremento das bolsas para I+D+i.

Non atopamos neste documento un apoio ás familias que non teñen ningún ingreso ou que teñen a todos os seus membros no paro para acadar a inserción laboral, máis alá do incremento na contía da Risga que, sendo absolutamente necesaria, supón un fracaso social e económico na xestión dos recursos da Xunta de Galicia.

Estes orzamentos non garanten a recuperación na calidade dos servizos públicos, ao volver a ser insuficientes nas súas dotacións básicas, non tendo en conta que a situación socioeconómica actual das familias galegas ten empeorado considerablemente.

A igualdade, como elemento vertebrador, non foi tido en conta neste documento, a pesar de que o informe sobre o impacto de xénero forma

Grupo Parlamentario

parte del, o que implica examinar o xeito en que a distribución de recursos orzamentarios afecta ás oportunidades económicas, sociais e persoais de mulleres e homes, e medir o impacto do gasto público en relación cos obxectivos de igualdade de xénero

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Realiza uns orzamentos baseados en premisas pouco realistas, posto que as previsións orzamentarias mostran que non se acadará o ritmo de crecemento necesario para lograr un aumento do emprego como o plantexado. Cabe recordar que o mesmo se afirmaba para orzamentos anteriores, cando nunca se viron confirmados pola realidade posterior, senón que se afastaban das optimistas previsións da consellaría.

Presentan unhas contas publicas que manteñen un déficit axustado, pero que pola contra, séguese en niveis de débeda moi altos o que sen dubida lastrará os futuros gobernos de Galicia. A redución do gasto da débeda destes orzamentos é debida a unha baixada dos tipos de xuro, pero isto pode cambiar no futuro comprometendo parte importante do orzamento de gastos, xa que os escenarios de cambios no horizonte da economía mundial lévannos a pensar nun incremento xeneralizado dos tipos de interese.

En definitiva, non son uns orzamentos adaptados ao territorio nin á poboación aos que van dirixidos. Non teñen en conta as peculiaridades e as novas necesidades xurdidas durante esta etapa de crise, non se teñen en conta as persoas.

Non dan resposta ás necesidades de financiamento actual, formulando un proxecto no que o Goberno actual da Xunta de Galicia renuncia a lograr un apoio financeiro ao noso sistema produtivo.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:54:59

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda e todas as entidades públicas, instrumentais dependentes, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns.

O Proxecto de lei de Orzamentos da Consellería de Facenda para 2017 consolidan o modelo de desigualdade e precariedade que paga as consecuencias da crise e ampara a consolidación dos recortes en materia social, carecen de ambición de país e os incrementos son mínimos e non serven para compensar os recortes acumulados no período de goberno de Feijóo, que superaron os 10.000 millóns de euros.

Despois dunha avaliación completa do proxecto de orzamentos presentados pola Consellería de Facenda obsérvase que a principal característica é o continuísmo a respecto das políticas restritivas iniciadas polos Gobernos presididos por Alberto Núñez Feijoo, polo que este proxecto non serve de piar para a activación da economía nin serve de blindaxe para os servizos públicos e as políticas sociais que o país precisa para combater as desigualdades sociais e a pobreza. De seguido expoñemos estes e outros argumentos que xustifican a presentación desta emenda.

1. Orzamentos insuficientes para activar a economía.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto de orzamentos medra menos do que incrementaran os aprobados para o ano 2016, pasando de incrementar 437 millóns a sumar 259 (241 canto ao gasto non financeiro máis 18 destinados a instrumentos financeiros de Pemes e I+D+i) e, ademais, prevén un menor crecemento económico.

Estímase un incremento do PIB do 2,4% para o 2017, un incremento que é menor que o previsto para o 2016 (que se estima nun 3,1%) e menor tamén que o previsto para o conxunto do Estado xa que o goberno central estima o medre nun 2,5%. Consolídase así unha tendencia na que Galiza está a medrar a un ritmo menor ao do conxunto do Estado. Ademais, estímase que a compoñente do PIB que menos medrará será xustamente a de “consumo das administracións públicas”, que depende das administracións públicas, da Xunta e do Estado, que presenta, outro ano máis, unha previsión menor que as outras dúas compoñentes, cun 2%.

2. A suposta expansividade dos orzamentos dáse só na débeda.

Unha vez máis os orzamentos foron presentados como expansivos. Porén, analizadas as cifras obsérvase como o maior incremento que presentan está no gasto da débeda (capítulos 3 e 9), que se incrementa en 224 millóns, un 14% de modo que se destinan á débeda o 17% dos orzamentos. Isto significa aumentar ata cinco veces máis intensamente o gasto da débeda do que o gasto non financeiro, que aumenta só un 2,7%. Polo tanto, lonxe de promover a expansividade no gasto social, estes orzamentos consolidan a expansividade nas partidas da débeda.

Doutra banda, a hipoteca coas colaboracións público-privadas compromete 2.857 millóns até 2040 dos cales 135 corresponderán ao exercicio de 2017.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3. Consolidan a desigualdade e a precariedade da crise e carecen dunha apostas estratéxica para garantir os servizos básicos e dinamizar sectores estratéxicos.

Lonxe de estarmos nunha fase de recuperación da economía e da igualdade social, a situación que atravesan os galegos e galegas é preocupante. Un contexto socioeconómico con datos que revelan que un de cada catro fogares galegos teñen que sobrevivir con menos de mil euros ao mes ou que o desemprego sobe no último mes contabilizado (novembro) máis do triplo que no conxunto do Estado español atinxindo a suba un 2,32% con respecto ao mes anterior (fronte á media estatal de medre no 0'66%) e afectando a todos os sectores. Neste contexto, os sectores estratéxicos e o gasto social teñen que ser a prioridade, porén non o son.

Un sector tan necesitado de reorientación produtiva e apoio como é a industria ven recortado o seu orzamento nun 9% e as partidas dirixidas a investigación e desenvolvemento incrementáanse de forma insuficiente, non chegando aos 5 millóns. Doutra banda, o rural, potencial sector estratéxico para o desenvolvemento sustentábel do noso país e para a saída da crise, aumenta o seu orzamento uns escasos 5,5 millóns, incrementando un 1,7% o seu orzamento, menos do incremento medio, polo que non é unha prioridade malia o anunciado polo goberno na investidura. Ademais, non hai no Proxecto de Orzamentos ningún deseño para desenvolver os nosos sectores económicos estratéxicos, reorientar o modelo produtivo coa mirada posta no medio e longo prazo e xerar emprego de calidade.

Así mesmo, o leve incremento do gasto non financeiro tampouco supón a blindaxe dos servizos públicos e os seus piares básicos, ensino e sanidade, medran



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respectivamente un 2,8% e un 2,9%, un incremento similar á media que se traduce en que non son unha prioridade de gasto e se comparamos, por exemplo, con 2009, están dotadas aínda con 195,1 e 134,4 millóns menos respectivamente.

Ademais, observamos con preocupación como, atendendo á distribución funcional en gasto de persoal, hai partidas de sectores clave como a pesca, a industria, o medio rural ou a enerxía que sofren un descenso, o que pode implicar unha redución dos postos de traballo na administración destinados a estes ámbitos.

4. Oportunidade perdida para mudar unha política de ingresos regresiva que se completa cun modelo de financiamento insuficiente.

O goberno perde a oportunidade novamente de dotar de maior progresividade ao IRPF e baixar o mínimo exento, de introducir maior progresividade no imposto de patrimonio ou de crear impostos novos que permitan avanzar cara un sistema fiscal máis xusto e progresivo e sumar máis recursos para dinamizar a economía e garantir a dotación dos servizos básicos.

Doutra banda, o slogan electoral do Partido Popular repetido en 2015 e 2016 de “impostos cero no rural” non ofrece cambios significativos. No Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados elimínanse varias deducións e bonificacións e establécese unha dedución de cara a fomentar a adquisición de vivenda habitual en zonas despoboadas que vén a equivaler ás bonificacións suprimidas sen supoñer grandes novidades.

Para este 2017 o noso país vai ingresar o noso país vai ingresar como achega do sistema de financiamento 6.815 millóns de euros, un incremento realmente escaso, dun 1'2 % a respecto de 2016 e que ilustra o esgotamento dun modelo que limita pola vía dos feitos unha maior expansividade orzamentaria. Esta contía non só



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

é claramente inferior a 2009, senón que é a mesma contía de 2007, volvemos unha década atrás evidenciándose que o modelo vixente, nunca cuestionado polo goberno, non achega recursos suficientes para desenvolver as nosas capacidades e potencialidades.

En suma, son uns orzamentos continuistas, sen ambición de país, carentes de estratexia para xerar emprego, combater as desigualdades sociais e apostar polo futuro do país.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Consellería de Facenda (Sección 06) do Proxecto de Orzamentos para o ano 2017.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:30:34

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

O proxecto de Orzamento da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é continuista e nel non se albiscan os cambios profundos que creemos necesarios para afrontar retos coma a loita contra o cambio climático, conservación dos espazos naturais e da biodiversidade, a xestión sostible do lixo, ou o saneamento integral das rías e ríos.

Anúnciase, 8 anos despois da chegada do PP ao goberno de Galiza, unha estratexia galega de loita contra o cambio climático, o que é mostra do escaso interese deste goberno por esta cuestión dende que goberna, pero polo de agora no actual proxecto de orzamentos non se albisca unha necesaria política transversal para que esa loita sexa algo máis que propaganda.

A política de protección do medio natural sube nunhas modestas porcentaxes, en contraste cos grandes recortes nos anteriores 6 anos, e as axudas aos espazos de Rede Natura son moi pequenas e estáncanse, o que provoca que os seus habitantes vexan as limitacións que supón estar neses espazos pero non vexan outras posibles ventaxas que virían por un plan máis ambicioso de axudas a espazos de Rede Natura.

Non existen partidas axeitadas para a declaración de novos parques naturais nin partidas para mellorar a calidade de vida das persoas que viven no entorno dos xa existentes.

Unha vez máis o proxecto de orzamentos revela que a Xunta de Galicia non cuestiona o modelo de xestión de residuos.

Este modelo é manifestamente mellorable dende un punto de vista ecolóxico, centralizado e que non respeta a xerarquía de tratamento da Directiva europea 2008/98/CE de residuos e da propia lei galega 10/2008 de residuos.

A suba do canon do lixo do 34 % que entrou en vigor en marzo de 2014, coa excusa dos efectos da reforma eléctrica, pero que en cambio foi aplicada para os previsibles impactos dunha sentenza polo cambio da clasificación da planta termoeléctrica e polo vencemento dos préstamos participativos, posteriormente rebaixada, pero só un 10 %, trasládase dun xeito inxusto aos concellos adheridos a Sogama, e a súa conxelación pretende venderse coma un éxito.

As contas da empresa de 2014 e 2015 seguen a demostrar a mentira na que se baseou a suba nos orzamentos dese ano.

A solución deste goberno segue a ser insistir nun modelo ecolóxicamente fracasado, e economicamente beneficioso para a empresa, pero non para a cidadanía, e non se inviste na descentralización do sistema de xestión, baseado na compostaxe e a eliminación progresiva da incineración.

En canto ao saneamento das rías e dos ríos, baixan as transferencias a Augas de Galicia, pero o que é máis preocupante, non se replantexa un modelo de saneamento que se demostrou moitas veces pouco adaptado ás características dispersas da poboación galega, e ineficiente no seu funcionamento cando se pon en funcionamento.

Por todo o exposto, e porque as políticas que pretenden desenvolver estes orzamentos son contrarias á lóxica ambiental, económica e científica, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro, SOLICITAMOS a devolución do Orzamento desta sección.



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 18:47:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, Augas de Galicia, da Sección 07, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

Augas de Galicia tal como figura no propio articulado ten encomendado entre outras cuestións “prever a deteriorización de todas as masas de auga”, e “reducir progresivamente a contaminación”, de todos é coñecido as últimas novas procedentes da UE sobre o noso estado de depuración ou a situación da calidade das nosas augas costeiras en augas interiores.

Fronte a isto atopamos un orzamento claramente insuficiente, non xa para revisar o ineficaz modelo de depuración galego, se non incluso para cumprir os compromisos e promesas adquiridas neste ámbito, así ante o previsto para ingresos en materia de saneamento e depuración podemos afirmar que Galicia continuará sen cumprir os obxectivos fixados pola UE, expoñéndose a novas sancións.

Dende o Grupo Parlamentar de En Marea desexamos ademais un orzamento suficiente, no so para crear as centrais depuradoras necesarias, senón para adaptar as xa existentes aos caudais necesarios, e introducir tamén a depuración terciaria en toda a rede de depuración, e rematar dunha vez por todas a ansiada separación na recollida de augas no conxunto do noso territorio.

Por todo isto solicitamos a devolución dos orzamentos para Augas de Galicia.



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 16:50:39

Á Mesa da Comisión 3.^a,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 07 –Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, así como os entes dependentes da mesma, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

Medio Ambiente.

O artigo 45 da CE de 1978 é, como ano tras ano, vulnerado nos orzamentos para o medio ambiente do ano 2017.

Estes orzamentos non están adaptados á evolución medioambiental do país nin á realidade do noso territorio.

Son tan continuistas como os dos anos anteriores e, polo tanto, volven ser unha oportunidade perdida para Galicia.

Moitos plans e informes, pero poucas accións e realidades. A clave está na baixa execución do orzamento para 2016 porque o que realmente interesa non é só en que gastamos, senón tamén para que gastamos.

A maior abundancia, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é a que menos medra de todas.

Das partidas orzamentarias en políticas ambientais dentro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio podemos extraer que o orzamento de gasto en actuacións ambientais para o exercicio 2017 é de algo menos de 112 millóns de euros, o que significa case 170 millóns de euros menos que no exercicio 2009.

Grupo Parlamentario

Deixando ao marxe as transferencias dende a Consellería de Medio Ambiente a Sogama e Augas de Galicia, posto que son tratadas na emenda á totalidade presentada a eses organismos, as partidas orzamentarias reflectan o seguinte:

1. En materia de Calidade e Avaliación Ambiental, unha das liñas básica é “Iniciar a elaboración da Estratexia galega de cambio climático 2050”. Non é serio, posto que na loita contra o cambio climático non temos plan e nin sequera datos oficiais actualizados dende o ano 2011.
2. Hai 3 novas normas proxectadas:
 - 1) Unha nova lei de protección e benestar Animal que se espera publicar e implementar durante o vindeiro exercicio para protexer os animais domésticos e salvaxes en cativeiro, cando logo se presupostan só 150.000 euros para axudas para a protección dos animais domésticos.
 - 2) Unha nova lei do Patrimonio Natural de Galicia, porque é necesario acadar una protección máis eficaz do patrimonio natural e da biodiversidade, mais da que nada se sabe.
 - 3) Un decreto para a creación da Rede Galega de Reservas da Biosfera, que non leva aparellado compromiso económico algún para poder levar a cabo proxectos e accións en común a todas as Reservas da Biosfera galegas.

O Goberno galego segue a manter o Plan de residuos 2010-2020, absolutamente continuista na súa primacía da incineración e do vertedoiro, en contra da xerarquía establecida pola UE e das demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados.

Segue a haber materias esquecidas, tales como:

- A avaliación ambiental de todo tipo de plans e proxectos sectoriais ou territoriais dos diferentes organismos.
- A educación, información e divulgación ambiental, como sinalización nos parques Naturais, parque Nacional ou toda a Rede Natura.

Grupo Parlamentario

- A atención de servizos tan necesarios para o conxunto da poboación como Meteogalicia, servizo ao que dota de novo dunhas cantidades ridículas.

Ordenación do territorio.-

O Goberno semella esquecer a recente aprobación da Lei do solo de Galicia de 2016, polo seguinte:

1. Só dedican 2,6 millóns de euros (dos que un 80 % son destinados ao pago do persoal) á xestión do planeamento dende o Instituto de Estudos do Territorio.
2. 250.000 euros (o mesmo que o ano pasado), á creación dos plans básicos, anecdótico para os fins que se pretenden.
3. 104 vivendas de protección oficial en todo o territorio e para as que se prevén 3 millóns de euros, partida claramente insuficiente.
4. Uns 5,4 millóns de euros (dos que 3 millóns son de persoal), para a APLU, exactamente o presupostado o pasado ano, o que parece insuficiente si se pretende neste ano mellorar impulsar o papel de vixilancia de forma coordinada cos concellos.

Augas de Galicia.-

Unha das grandes liñas de actuación da Memoria de orzamentos deste ente público para 2017 é a utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos. Mais o Plan CAMGAL (loita contra a contaminación mariña derivada de accidentes) non está presupostado.

Os ingresos que financiarán o seu orzamento de explotación proceden, fundamentalmente, dos petos da cidadanía (canon da auga e coeficiente de vertedura, eses novos tributos que impuxo o Goberno), pero, mentres para 2016 estaban presupostados máis de 99 millóns, para 2017 só están orzamentados 57 millóns de euros. Con estas cifras é imposible que se manteña o ritmo investigador na obra hidráulica necesaria para obter o recoñecemento de bo estado ecolóxico das augas en 2016, tal e como esixe a Directiva Marco da Auga do ano 2000. O que significa que as sancións

Grupo Parlamentario

reiteradas da UE van seguir.

As liñas de actuación que pon a memoria son bastante increíbles. Sobre todo cando un bucea nas cifras:

1. Mellora dos sistemas de saneamento e depuración da ría de Arousa: algo máis de 337.000 euros.
2. Plan de saneamento local da ría de Pontevedra: algo menos de 554.000 euros.
3. Ampliación e mellora da Edar de Os Praceres: non chega a 594.000 euros.
- 4.
5. Edar de Foz: 8.000.000 euros, mentres que para a optimización dos sistemas de saneamento de todas as rías galegas hai menos de 8 millóns!

Os servizos exteriores estímase nun importe de case 38 millóns de euros, cantidade que, paradoxicamente, se vai cubrir co canon da auga, coeficiente de vertedura e canon de saneamento; é dicir, coas cantidades que han de ter que pagar os cidadáns. E, paradoxicamente, este importe inclúe, entre outros, gastos en dietas e locomoción.

Sogama.-

Na propia memoria da sociedade pública recóllese “Detalle da situación de partida:

Entre as conclusións da diagnose realizada da xestión de residuos domésticos en Galicia nos últimos anos destacan as seguintes:

1. Insuficiente información referente á xeración e recollida de residuos.
2. Elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela e orgánica.
3. Elevada dispersión territorial non fai aconsellable un modelo único

Grupo Parlamentario

de xestión, debendo incorporarse novas loxísticas para o medio rural onde algunhas recollidas selectivas teñen unha baixa eficiencia.

4. Necesidade de ampliar a xestión in situ, especialmente en lugares con elevada dispersión territorial e plantas de tratamento afastadas”.

Se estas son as conclusións, a maior cota de responsabilidade caerá sobre quen leva gobernando o país durante 29 anos. Hai un Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, que foi elaborado pola Xunta de Galicia e que este defende a capa e espada na Memoria (“Iniciar a elaboración da Estratexia galega para dar continuidade á progresiva consecución do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020”).

Para 2017, seguimos a ter un orzamento de Sogama nutrido dos ingresos da cidadanía, co incremento nun 23,50 % do canon: a Disposición adicional 21ª da Lei de orzamentos de 2013 segue en vigor.

Que vai pasar co Plan de viabilidade que o Goberno encargara a PWC a comezos de 2013, para 2014-2023? PWC manexaba as contas que Sogama lle dera e prevía que terminaría o exercicio de 2013 cunhas perdas de máis de 4 millóns de euros (por iso se subira o canon de residuos). Pero chegou xullo de 2014 e Sogama rexistraba unhas perdas de algo máis de 600.000 euros, é dicir, un 85 % inferiores. Por que non se rebaixa o canon que se cobra aos concellos pola xestión dos residuos sólidos urbanos?

A orixe dos fondos para financiar os investimentos está calculada, unicamente, coa tesourería xerada pola sociedade e sobre a base dun índice irreal de cobro anual aos concellos do 100 %. Mais non é certo: non pagan todos os concellos.

Séguese a manter unha política salarial de persoal aberrante para o seu presidente, cunha retribución excesiva para o caso dunha empresa de carácter público, sendo cales son as circunstancias económicas do país.

Grupo Parlamentario

O apartado de servizos exteriores -cun orzamento de máis de 85 millóns de euros- non está suficientemente explicado nin concretado.

Por último, o proxecto estrela deste exercicio é o mesmo que o do exercicio anterior, a ampliación das instalacións de Cerceda a través dunha planta de compostaxe que, segundo Sogama, permitirá poder tratar máis de 15.000 toneladas de residuos. Para tal ampliación, o orzamento de 2016 prevía uns 468.000 euros (e a inversión real estaba prevista para 2017, cun custo total en 2017 de 29 millóns de euros). Pero neste orzamento resulta que se estima que serán 1.600.000 para 2016 e a previsión para 2017 xa é só de 801.000!

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:56:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e aos organismos dependentes da mesma, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do territorio e organismos dependentes da mesma non responden ás prioridades en materia de conservación do medio natural e da biodiversidade, da xestión eficaz do ciclo da auga, dun sistema racional e avanzado de tratamento dos residuos. Por tanto, non existen dotacións suficientes para cumprir as obrigas derivadas da directiva da auga (rexeneración e sanameamento integral das rías) nin as recomendacións da EU sobre a rede de espazos naturais protexidos e a súa ampliación.

O orzamento prevé unha importante dotación económica para consolidar o modelo SOGAMA e a incineración. Un sistema fracasado, con elevados custos económicos e ambientais e que non cumpre as determinacións da lexislación vixente en materia de redución, reciclaxe e recuperación sustentábel e saudábel dos residuos sólidos. O proxecto de orzamentos exclúe a posibilidade de apoiar un modelo descentralizado que aposte pola compostaxe como sistema de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamento da fracción orgánica, que representa máis do 40% dos residuos sólidos urbanos.

O proxecto de orzamentos non incorpora dotacións para desenvolver as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, que prevén instrumentos e medidas concretas para actuar nestes ámbitos.

Por último, o documento incorpora as Medidas provisionais de ordenación urbanística, que configuran un marco legal contraditorio e ambiguo, e que na práctica diseña un atallo lexislativo para evitar ter que cumprir sentenzas firmes dos tribunais de xustiza.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 07.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/12/2016 12:58

Nº Rexistro: 2483

Data envío: 23/12/2016 12:58:29.182

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:33:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08 , Consellería de Vivenda e Infraestructuras, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

A política de vivenda da Xunta de Galicia, é puramente cosmética e superficial sen atacar a estrutura dun modelo que focaliza a vivenda como negocio e non como un dereito. Non existe unha política de vivenda que garanta o dereito unha vivenda digna para todos os galegos e galegas.

Tanto a lexislación coma os orzamentos son insuficientes para afrontar con éxito a solución a este drama que viven centos de familias ano tras ano. Segundo datos oficiais os desafiuzamentos seguen a ser un problema de primeira magnitude e representan unha cifra no noso país duns 5 desafiuzamentos diarios.

Os resultados demostran a ineficiencia e falta de vontade da Xunta de Galicia, o CXPX dí que os desafiuzamentos seguen a manter en 2016 aproximadamente as cifras de anos anteriores. O balance dos programas de prevención e de realoxo de persoas desafiuzadas é desolador.

Ante isto preséntanse mínimos cambios, nula avaliación crítica sobre os resultados das políticas aplicadas nos últimos anos, e unha aposta orzamentaria moi tímida.

Incrementéntase o orzamento do programa 451A de rehabilitación de vivendas, mentres se estanca o esforzo para o programa 451B de acceso á vivenda.



Os datos de execución destes programas e o descenso da actividade de rehabilitación nestes anos son moi evidentes.

As actuacións de rehabilitación, incluso nas vivendas propiedade da Xunta de Galicia, brillan pola súa ausencia, xa que os datos oficiais do IGE mostran un brusco descenso dende o ano 2009.

As políticas da Consellería de Vivenda e Infraestruturas seguen a apostar pola creación de infraestruturas destinadas á utilización do transporte privado e individual, e a aposta polo transporte público segue a ser menor. Existe unha clara priorización das vías de alta capacidade e seguen a desprezar a alternativa do ferrocarril como xeito de artellamento do país dun xeito máis sostible.

Segue ausente dos orzamentos a vontade de ter unha política propia de promoción do tren, que debería de comezar pola reclamación da transferencia das competencias das políticas ferroviarias, e por iniciar proxectos de adecuación de vías ou construción de novas infraestruturas que conecten as principais cidades e vilas do país que aínda non o están ou non o están en condicións mínimas para un medio de transporte propio do século XXI.

Galicia é unha das CCAA que carecen de servizo de cercanías, a pesar de que se trata dunha reclamación histórica e a pesar de contar coa infraestrutura ferroviaria precisa para crear un tren de proximidade. A aposta por esta infraestrutura debería ser unha das prioridades desta consellería.

Por todo o exposto, as políticas que pretenden desenvolver estes orzamento son contrarios á lóxica ambiental, económica e social, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro, e por elo **SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos da Consellería de Vivenda e Infraestructuras para o ano 2017.**



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:45:17

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución do Servizo 80 Instituto Galego da Vivenda e Solo**, Sección 08, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Si existe un evidente drama social neste país é o drama dos desafiuzamentos con cifras inaceptábeis para calquera sociedade avanzada, hoxe o dereito a vivenda que recolle a Constitución non é mais que unha quimera para milleiros de familias galegas.

Todo por políticas que eliminaron o carácter de ben imprescindible e necesario que tiña a vivenda, para transformalo en un elemento puramente especulativo a costa das familias, estes días observamos como unha vez máis a UE, tivo que poñer freo as practicas usureiras da banca, neste caso no referente as cláusulas chan.

Pero parece que o Goberno galego non o ve así, e atopamos neste orzamento que diminúen partidas tan importantes como o Programa Aluga que pasa de 750.000€ no 2016 a 10.000€ no actual; o Programa Aluga axudas afectados execucións hipotecarias redúcese en 110.000€ ao desaparecer o programa de vivendas baleiras, cando o país precisa xa establecer un banco de vivendas baleiras dispoñibles no conxunto do territorio para os afectados polas políticas de despexo.

Por ultimo a practica conxelación do programa 451B unido ao escaso crecemento do 451A demostra a falla de compromiso do Goberno galego coas políticas de acceso a vivenda digna que tanto precisa o país.

Por todo isto solicitamos a devolución deste orzamento



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 16:31:07

Á Mesa da Comisión 3.^a,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 08 – Consellería de Infraestruturas e Vivenda, así como os entes dependentes dela**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

A consellería non contribuírá á creación de emprego nin servirá para reactivar a economía, posto que continúa coa liña de parálise dos últimos exercicios, centrándose ademais nos investimentos a maior parte deste drástico descenso.

Os investimentos da consellería representan un esforzo notoriamente insuficiente para corrixir os desequilibrios en infraestruturas e dotacións e sobre todo para contribuír á creación de emprego e a dinamizar a nosa economía.

O incumprimento do gasto acumula déficits de actuacións, á vez que produce unha desconfianza real sobre o reflectido no Proxecto de orzamentos de 2017 en canto os seus compromisos de execución.

Os incumprimentos na execución dos diversos plans presentados pola consellería, como pode ser o relativo ás estradas, son xa clamorosos, xa que as dotacións orzamentarias se converten en ridículas cando as comparamos coas previsións e compromisos que o propio Goberno galego deu a coñecer.

En relación á **Sociedade Pública de Investimentos**, nos seus orzamentos non están claramente definidos os mandatos para o vindeiro ano, nin se precisan as fontes de financiamento nin os seus efectos sobre a débeda pública, volvendo dita empresa pública a utilizar vellos costumes de

Grupo Parlamentario

incorporar obras de mantemento, cuestión que deberían ser asumidas polos orzamentos das consellerías. O orzamento da SPI parece, pois, o caixón onde todo cabe, dende actuacións de conservación e mantemento ata obras novas, sen criterio de asignación e priorización e sen especificar as fórmulas de financiamento, debuxando partidas xenéricas que impiden coñecer os seus compromisos efectivos.

Nos se concretan, nin teñen respaldo orzamentario actuacións que garantan o mantemento e conservación das estradas, así como unha decidida intervención que preserve a seguridade viaria.

Con respecto á **política de vivenda**, se constata a falta de prioridade no fomento de vivenda pública. A oferta de 104 vivendas como obxectivo en todo este ano, parece, cando menos, anecdótica e falta de ambición. Pola contra, a pesares do suposto fomento e maior apoio as políticas de rehabilitación se detecta unha execución insuficiente das partidas presupostadas nos pasados anos, pola baixa adxudicación das axudas, cunha repercusión ínfima na sociedade, o que nos leva a dubidar sobre a viabilidade das medidas formuladas e a xustificación incluso da existencia do IGVS por ineficaz.

Medidas que atendan ao problema do desafiuzamento co realoxamento da xente ou axudas ao alugueiro, adoecen da mesma desconfianza ante o reflectido nos orzamentos, polo alto incumprimento de gasto e baixa repercusión das medidas adoptadas en anos pasados. Polo que o traslado case mimético das medidas e incluso menor inversión xeral deste ano, non parecen a mellor medida a adoptar.

Así mesmo se reflicte igualmente a práctica desaparición da **política de solo industrial**. Dotacións claramente insuficientes, como xa se vén demostrando, na práctica destes pasados anos.

Grupo Parlamentario

En transporte, as partidas orzamentarias destinadas a facilitar a mellora de mobilidade, principalmente no contorno das principais áreas urbanas e para o transporte no rural, continúan a ser claramente insuficientes para atender as demandas da cidadanía, sufrindo uns recortes moi considerables. As estacións intermodais deberán esperar un ano máis.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:57:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e aos organismos dependentes da mesma, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns:

O orzamento da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os seus organismos dependentes non responden ás prioridades que nesta materia require a sociedade galega actual. Consideramos que non se aborda con rigor unha aposta polas políticas sociais de vivenda ou de mobilidade sustentábel e segura. No que atinxe ás infraestruturas predomina o investimento en infraestrutura gris, baseada no cemento e no asfalto, en detrimento da infraestrutura verde.

Estes orzamentos non atenden de maneira prioritaria facer fronte ao problema de acceso a unha vivenda digna. Constatase que o goberno fai anuncios propagandísticos no relativo á situación na que se atopan as persoas ante os desafiuamentos, un grave problema que afecta a miles de galeas e galegos e que require unha resposta coordinada e eficaz desde o ámbito legal e institucional. Existe ademais unha dotación de fondos insuficiente para promover unha política de vivendas sociais en réxime de alugueiro.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Estes orzamentos tampouco dan solución aos problemas de mobilidade dos galegos e galegas. Continúase coa provisionalidade e a improvisación no sistema de transporte público. Non existe investimento de ningún tipo nas comunicacións para apostar pola posta en marcha das cercanías na Galiza, non se dota de fondos a Compañía Ferroviaria galega, nin se aposta pola creación e mantemento de liñas de proximidade.

Malia o incremento da sinistralidade viaria no ano 2016, non se contemplan investimentos imprescindíbeis para mellorar a seguranza viaria e a accesibilidade, e por promover un modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro na rede de estradas de titularidade autonómica, nomeadamente nas zonas urbanas e periurbanas e nos treitos que teñen maiores índices de sinistralidade.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 08.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 12:58
Nº Rexistro: 2484

Data envío: 23/12/2016 12:58:38.088

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:34:06

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Economía, Emprego e Industria**, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, en virtude das seguintes consideracións.

Polo que se ve nestes orzamentos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a estratexia industrial, de desenvolvemento económico e fomento do emprego límtase aos anuncios que cada catro anos regálanse o Sr. Feijóo antes de que haxa eleccións. Promesas que lamentablemente nunca se cumpren.

Preséntannos un orzamento rutineiro e pouco creativo, que renuncia a desenvolver unha verdadeira estratexia industrial, comercial e de fomento do emprego de calidade no noso país.

Un orzamento que non confía na verdadeira capacidade dos sectores produtivos de Galicia, un orzamento que non confía en Galicia.

Un orzamento que non aposte decididamente pola Investigación e a Innovación, pola Internacionalización, polo fomento da calidade e a produtividade, pola formación para o emprego tecnoloxicamente desenvolvido, etc. non é un orzamento dun país que confía no seu futuro, nas súas empresas e nos seus traballadores.

No ámbito da promoción e formación para o emprego este orzamento non pode garantir unhas mínimas iniciativas para preparar aos nosos traballadores e empresas para os retos de competitividade que temos por diante e a adaptación aos sistemas de traballo automatizados.



A aposta pola investigación e innovación ten unha dotación claramente insuficiente e esquecese dunha colaboración decidida coas nosas universidades.

O apartado de impulso da internacionalización das nosas empresas é case anecdótico, e impide unha colaboración eficaz coas mesmas para ter opcións de competir nos mercados exteriores.

No apartado de política enerxética o orzamento esquecese de seguir apoiando á enerxía eólica e non dedica fondos ao autoconsumo enerxético persoal ou comunitario, unha opción ideal para un país cunha poboación tan dispersa.

Por contra prodúcese un impulso formidable á biomasa que non parece que poida ser moi sustentable. Estamos de acordo coa biomasa de uso doméstico e comunitario de baixo nivel que dea a posibilidade de reciclar a silvicultura da contorna, pero o que indica o orzamento é unha aposta masiva que pode pór en risco o futuro dos bosques autóctonos de Galicia.

O mínimo orzamento dedicado á economía social e cooperativa denota unha gran miopía cara a este sector que se demostrou o máis resistente á crise e onde as condicións de emprego son máis favorables.

Non hai noticias no orzamento dunha mínima aposta pola industria naval. Parece que o Goberno se resigna a ver desaparecer este sector en Galicia.

Galicia non se pode permitir estes orzamentos raquíuticos e indignos da industria, o comercio e o emprego do século XXI.

Por todo isto SOLICITAMOS a devolución destes orzamentos



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 10:21:41

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Servizo 81, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

As cifras oficiais que confirman as tendencias alcistas nas estatísticas de sinistrabilidade laboral non fan máis que confirmar a necesidade de impulsar melloras na política de prevención, melloras que deben xurdir tamén do traballo do ISSGA.

No país ademais increméntase do forma moi notable os accidentes con resultado de morte, tanto no traballo como en itínere, unha evidencia de que a temporalidade mata, o novo modelo de relacións laborais non fai máis que empobrecer a calidade dos medios de prevención e análises de risco das empresas; estamos ante unha consecuencia máis da xestión da crise, temos menos traballo, con menos salario pero máis perigoso.

Por iso que os orzamento do ISSGA non recuperen nin as cantidades que tiñan asignadas no 2015, 6.093.288 fronte aos 5.982.082 actuais, supón un retroceso inaceptable e que amosa a falta de compromiso coa protección e a seguridade e saúde laboral por parte do executivo.

Por todo isto solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para este Instituto.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 16:42:33

Á Mesa da Comisión 3.^a,

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativo a **Sección 09 – Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como para o Instituto Galego de Promoción Económica, Instituto Enerxético de Galicia e Axencia Galega de Innovación**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

No actual contexto, de saída da recesión con taxas de crecemento por riba do 3 %, pero cunha forte incerteza económica que afecta a orde económica mundial e que tense incrementado nos últimos meses, as sancións a Rusia polo conflito de Ucraína, a deriva autoritaria do goberno de Turquía, o chamado *Brexit*, a vitoria de Donald Trump nas eleccións dos EE.UU., a crise de goberno e os problemas bancarios en Italia, así como a desaceleración do crecemento nos países emerxentes, o papel da política debería de ser cada vez máis relevante.

Ante as incertezas, e as previsións de diminución no ritmo de crecemento económico para o ano 2017 en España e en Galicia; os socialistas consideramos que o papel económico do sector público debería de ser reforzado con maior intensidade. Pensamos que o orzamento desta consellería, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas, que os socialistas consideramos estratéxico para a reactivación económica e a creación de emprego, reflicte a falla de estratexia para abordar os problemas dos que falábamos ao comezo. Ademais os cambios introducidos na consellería, coa incorporación do ámbito do fomento do emprego dificultan ademais a comparación cos anos anteriores.

Esta falla de estratexia e dun proxecto coordinado e coherente, especialmente grave nun momento de incerteza política e económica como o actual, mostra en realidade as carencias do Goberno galego para atopar

Grupo Parlamentario

unha estratexia de saída da crise adecuada a unha realidade económica moi difícil, e o que é máis grave, cambiante no curto e medio prazo, a pesares da elaboración de plans estratéxicos que se incumpren sistematicamente, e de grandes doses de publicidade e propaganda.

En realidade estes orzamentos, se ben medran, o que fan é consolidar, despois dos fondos recortes que a Consellería de Economía e Industria vén sufrindo dende os primeiros orzamentos de Feijóo, unha estratexia errada. Aínda que a causa das habituais “triquiñuelas” formais resulta difícil facer unha comparación axustada; o certo é que no orzamento de 2010, esta consellería (Economía e Industria) e os seus organismos autónomos, dispuñan de 364,6 millóns de euros, e no 2017, serían pouco máis de 200, se mantiveramos a estrutura e competencias de entón.

Unha evolución orzamentaria que se ten reproducido con moita intensidade en todos os ámbitos da consellería, pero que está concentrada especialmente no Igape (reflexionemos sobre o nome, Instituto Galego de Promoción Económica), cun comportamento inexplicable dende calquera punto de vista no contexto económico actual e futuro a curto e medio prazo.

O escaso carácter pouco regresivo e paralizante destes orzamentos, tendo en conta a debilidade da recuperación, estamos medrando menos da metade que o conxunto de España; e que estamos ademais sometidos a tensións económicas e xeopolíticas con consecuencias difíciles de prever, resulta un elemento enormemente negativo nas expectativas dunha recuperación equilibrada da nosa economía.

Se descendemos ao análise dos diversos programas, atopamos certamente incrementos orzamentarios, pero a súa coherencia e articulación é moi difícil de explicar. Sen dúbida, os que continúan a resultar máis sorprendente en termos de explicación son os cambios entre 2016 e 2017 no programa **“741A - Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial”**,

Grupo Parlamentario

incomprensibles a todas luces no contexto actual, e co discurso do Goberno galego sobre a internacionalización.

En termos sectoriais, os orzamentos seguen sendo incapaces de dar unha resposta axeitada ás necesidades dos sectores industriais da Comunidade Autónoma. Dende a industria naval, con dificultades obxectivas a pesar da propaganda oficial, a auxiliar da automoción, a metal-mecánica, as enerxías renovables, o granito, a lousa, o téxtil etc.

No caso da enerxía, outro ano máis, o sector eólico galego continuará paralizado coas decisións políticas tomadas polo Goberno de España, e que o Goberno galego non ten rexeitado coa contundencia necesaria. A Xunta de Galicia ten asumido dunha maneira vergoñenta a suspensión do desenvolvemento previsto, como imposición do Goberno central e abandona os obxectivos derivados da Lei 8/2009, reguladora do aproveitamento eólico. Nin novos parques, nin plans industriais asociados, nin creación de emprego, por moito que a propaganda oficial siga falando de elevadas porcentaxes de concesións que seguen adiante pero que ninguén ve. Iso si, comezan as sentencias xudiciais que moito nos tememos van a ter un importante custo de fondos públicos.

O orzamento, segundo as directrices das grandes empresas eléctricas, non presta a debida atención a outras fontes renovables de enerxía. Así, hai previsións de crédito moi escasas para o impulso da biomasa, cando todas as plantas proxectadas en Galicia están paralizadas, nada para o desenvolvemento da enerxía miniéolica, que favorecería ás pequenas explotacións industriais ou agrogandeiras e a moitos fogares, e moi pouco para a xeotermia. E xa non falemos do autoconsumo, vendo a memoria dos orzamentos e vendo a feble posición da Xunta de Galicia diante do real decreto recentemente publicado polo Goberno de España, queda perfectamente claro que intereses se defenden. Neste contexto tan negativo, os orzamentos do Inega se reducen un 13,4 % en 2017 respecto a 2016.

Grupo Parlamentario

No programa “**751A - Ordenación regulación e promoción do comercio en Galicia**”, dende que goberna o Sr. Feijóo pasamos de 35.224.920 euros no ano 2009 a 16.534.860 euros nos actuais orzamentos, o que significa unha baixada de 18.690.060 euros que en porcentaxe significa un 47 % menos.

Nun momento en que a caída da demanda interna, froito de varios elementos; a falta de crédito, o elevado e prolongado desemprego, así como os procesos de devaluación interna con fortes caídas salariais, teñen situado ao sector comercial, especialmente ao pequeno comercio, nunha vía sen saída, cos efectos sociais, demográficos e territoriais que ten a desaparición deste tipo de comercio.

Ante esta situación que está a vivir o comercio, as liñas de actuación previstas son insuficientes para a mellora da competitividade e dinamización do comercio, especialmente do comercio minorista e de proximidade, que xoga un papel moi relevante na articulación dos espazos urbanos en cidades e vilas. A pesar da nosa insistencia, seguen sen contemplarse créditos para adecuar a estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas do territorio.

Como dicíamos antes; estes orzamentos, que seguen a ser contraditorios coa evolución económica, e fundamente ideolóxicos, son uns orzamentos totalmente inadecuados e insuficientes para abordar os obxectivos expresados na memoria dos mesmos; unha vez máis ou descoordinación, ou publicidade e propaganda.

O Goberno galego vén de aprobar un Plan estratéxico de impulso ao comercio galego 2015-2020, cuxo obxectivo fundamental é o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector, algo que non aparece reflectido en estes orzamentos.

Grupo Parlamentario

Os socialistas consideramos imprescindible co orzamento de 2017, a elaboración dun plan integral de axudas ao pequeno e mediano comercio en pro da recuperación económica e fomento do emprego neste sector, co obxecto de rematar coa “choiva fina” de axudas repartida entre as asociacións de comerciantes, pero que non atallan os problemas de fondo.

Dito plan deberá contemplar axudas para a mellora da súa competitividade, desenvolvemento de programas para transitar dende o comercio tradicional ao comercio especializado, xerar as condicións precisas para que o pequeno comercio galego poida aproveitar os beneficios das economías de escala, reforzar a imaxe de marca e favorecer a implantación de centrais de compras cunhas dotacións orzamentarias que se elevarán ata un 50 % nos orzamentos de 2017.

Tamén, a pesares da propaganda oficial, seguen aparecendo nos orzamentos un número constante de organismos autónomos, axencias públicas, sociedades mercantís e fundacións, con funcións que se superpoñen en varios casos e con escasos e dubidosos mecanismos de control, a pesares do discurso oficial da transparencia. Os orzamentos apenas ofrecen información sobre a actuación da maior parte deles. De feito, existe unha preocupante falta de transparencia na xestión da consellería e dos seus organismos.

Os orzamentos do Instituto Galego de Consumo, mantéñense constantes, o que non compensa as reducións producidos nos anteriores e que leva a cumprir con moitas dificultades as necesidades para necesaria defensa dos e das consumidores usuarios e usuarias.

Os orzamentos do Promoción Económica, mostran a falla de iniciativa e de proactividade do Goberno galego á hora utilizar ferramentas contra-cíclicas fronte a crise. Atopámonos cun incremento orzamentario centrado basicamente nos “activos financeiros”, mentres caen máis dun 15 % as transferencias correntes. A pesares da profusión de anuncios na prensa autonómica e a anunciada aposta pola internacionalización; se volvemos a

Grupo Parlamentario

vista atrás convén recordar que o orzamento deste organismo vénse reducindo con forza dende 2009, nese ano era de algo máis de 300 millóns euros, suficientemente ilustrativo do desmantelamento programado nestes sete orzamentos de Feijóo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Igape, ten iniciado, despois que os socialistas o reclamáramos dende fai cinco anos, unha renegociación das liñas de crédito do Banco Europeo de Inversións (BEI). Unha eiva estratéxica que se prolongou demasiado tempo nun momento en que a billa do crédito estivo practicamente pechada, sobre todo para as pequenas e medianas empresas, que son a maioría do tecido empresarial de Galicia. Neste orzamento, o Igape segue xestionando practicamente a totalidade do programa **“741A - Apoio á modernización, internacionalización mellora da competitividade, innovación produtividade”**. Os resultados destas políticas de promoción da actividade económica, aínda difíciles de avaliar, mostran en todo caso, unha recuperación moi débil, moi vulnerable aos contextos dos mercados internacionais, e comportan unha creación de emprego moi escasa e de moi baixa calidade.

O orzamento da Axencia Galega de Innovación (basicamente, xunto coa universidade, o programa **“561A – Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación tecnolóxica”**) medra neste ano un 3,7 %, crecemento que non pode ocultar o feito de que dende 2009 a Xunta de Galicia ten reducido case nun terzo os fondos dedicados a I+D+i. Nunha estratexia errada de situar os fondos en diferentes consellerías, o Goberno galego creou a Axencia Galega de Innovación no ano 2012. Estas reducións acumuladas nos orzamentos teñen producido que o gasto de I+D+i medido como porcentaxe do PIB, diminúa, situándonos nos niveis de Ucraína ou Turquía, un 0,89 % do PIB.

Certamente, vemos ao longo dos anos, unha minguante e cativa aposta pola investigación e a innovación, que pon en evidencia a estratexia de publicidade e propaganda da Xunta de Galicia. Non resulta crible que a chamada “Estratexia de Especialización Intelixente – RIS3” teña a máis mínima posibilidade de acadar resultados satisfactorios, cando o noso nivel

Grupo Parlamentario

de investimento en I+D+i, sitúase nun nivel do 0,86 % do PIB. E non é posible con esta aposta “simbólica” pola innovación basear a nosa recuperación na internacionalización e na coñecida como “Industria 4.0”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estas cifras orzamentarias, a pesares do aumento de este ano, despois de anos de intensos recortes, non van a permitir, na nosa opinión, acadar os obxectivos enunciados na Memoria dos orzamentos e no novo Plan Estratéxico que se está a definir; que a innovación sexa o principal mecanismo de competitividade das empresas galegas, tanto no interior, como no exterior.

Lamentablemente as políticas que están a desenvolver os gobernos de Galicia e España seguen camiñando cara un proceso de devaluación interna que está levando a unha caída dos salarios, a un descenso da participación das rendas salariais no PIB e a unha perda de calidade no emprego que xa ninguén pode negar.

Estes orzamentos, en opinión dos socialistas, non son o camiño para, dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria, buscar solucións a estes problemas e novas estratexias de crecemento e, sobre todo, de desenvolvemento económico.

Ao igual que os ámbitos de economía e industria, e o conxunto dos departamentos da Xunta de Galicia, os orzamentos de emprego presentan un escenario pouco crible, cun incremento da poboación ocupada e un descenso do paro que non se corresponden co crecemento previsto do PIB polos gobernos de Galicia e España, e por suposto non ten en conta o cambiante contexto, a baixa, da economía internacional.

Grupo Parlamentario

O desemprego en Galicia aumentou un 2,3 % no último mes (novembro 2016), cuaduplicando á taxa do Estado, onde medrou un 0,6 %. A de Galicia é a segunda maior suba de todo o Estado no número de persoas paradas en termos absolutos, e a terceira en termos relativos. Ademais, as afiliacións á Seguridade Social caeron case o dobre que no resto do Estado, mentres a nivel interanual aumentaron apenas a metade que no resto de España.

Ademais Galicia ten unha taxa de protección por desemprego do 26,5 %, 12,1 puntos menos que en 2011, só unha de cada catro persoas paradas percibe prestacións. Trece de cada catorce mozos ou mozas, tres de cada catro mulleres, e dous de cada tres homes están desprotexidos. No último ano o número de fogares sen ningún ingreso, nin salarios, nin pensións, nin subsidios, aumentou en 5.000 e afecta xa a 35.000 fogares en Galicia. Hai 75.000 fogares (225.000 persoas) con todos os seus membros en paro.

Neste contexto laboral tan negativo, algúns programas estratéxicos como o “**322A – Fomento da empregabilidade**”; constituído polas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego as persoas desempregadas, por conta allea ou propia, diminúe nos orzamentos do ano 2017 en máis de 10 millóns de euros con respecto ao ano 2016, un 20 %.

Neste marco cuantitativo desfavorable, o Goberno presenta unhas contas nas que o orzamento en materia de emprego tan só alcanza os 240 millóns de euros; contía que confrontada cos 420 millóns de euros do orzamento do 2009 (un descenso do 43´5 %), indican que, con máis parados e menos ocupados, se destina menos orzamento á loita contra o desemprego (2.500 euros por parado no 2009 fronte a en torno aos 800 euros por parado no 2017).

 Grupo Parlamentario

Hoxe en día ter traballo xa non significa vivir dignamente. A pobreza laboral xa se instaurou neste país. As estatísticas e a realidade do día a día así o corroboran. Máis do 40 % dos traballadores/as con contrato a tempo parcial están nesta situación de xeito involuntario; 310.000 traballadores/as teñen salarios por debaixo do SMI e 184.000 cobran a metade do SMI. En suma oito orzamentos dos gobernos Feijóo perdidos para que as políticas de emprego en Galicia teñan cooperado na saída da crise.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:59:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Economía, Emprego e Industria e de todos os seus organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

1. Orzamentos non adaptados ao preocupante contexto canto á economía, o emprego e a industria.

Lonxe dos triunfalistas discursos de expansividade orzamentaria e recuperación económica, Galiza atravesa unha preocupante situación diante da que a Consellería de Emprego, Economía e Industria debería ver incrementados os seus orzamentos en todas as áreas e acompañarse dun cambio de rumbo da distribución pormenorizada.

Na pasada lexislatura a industria perdeu un 2,8% de ocupación industrial e os últimos datos de desemprego, referidos a novembro de 2016 tampouco son alentadores xa que o noso país suma 203.554 persoas no desemprego. Un incremento, ademais, que afecta a todos os sectores sen excepción e que fan que sexa a terceira comunidade do Estado español que máis incrementa esta cifra.

Estes orzamentos medran menos dos que pechan 2016 tanto a nivel xeral como na concreción da consellería, prevén un menor crecemento económico se o



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comparamos co exercicio anterior e da súa análise despréndese que o verdadeiramente reforzado é o volume destinado á débeda.

2. Non se aposta pola investigación e a innovación

Os incrementos en I+D+i son de apenas 4,7 millóns, unha contía absolutamente insuficiente a xuízo do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, que ten manifestado a súa proposta de duplicar a cantidade orzamentada no 2016, o que suporía engadir cando menos 125 millóns máis para unha aposta estratéxica e de futuro, orzar a prol do coñecemento e a vangarda creadora.

Segundo os últimos datos dispoñíbeis (2014), o gasto en I+D+i en porcentaxe sobre o PIB revelan que Galiza inviste en I+D+i un escaso 0,89% do PIB, unha porcentaxe menor que o rexistrado antes do Goberno de Feijoo, xa que en 2008 a porcentaxe chegaba até o 1%. Todo isto nun contexto internacional complexo no que aínda cunha precarización extrema da clase traballadora é imposible competir desde Galiza dende unha óptica centrada na redución de custes vía redución dos custes laborais.

Ademais, a aposta polo coñecemento é unha ferramenta fundamental para frear as preocupantes deslocalizacións que está habendo en numerosos ámbitos, como é o da automoción, cara o sur de Portugal mentres non se aposta por estratexias que a freen e non se controla de forma exhaustiva as contías en materias de subvencións.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3. Renuncian á reorientación produtiva e á enerxía como motor de recuperación.

Un piar tan necesitado de reorientación produtiva e planificación como é a industria sofre, se atendemos á distribución funcional, un recorte dun 9%. Salienta, ademais, a contía reducida en eficiencia enerxética e enerxías renovábeis cun 14,87% menos. Con estes orzamentos de continuísmo impídese pola vía dos feitos redeseñar unha estratexia de política industrial e enerxética como motores de recuperación.

4. Fían o aumento de emprego neto á baixada da poboación.

Prevén un descenso da taxa do paro até o 15'6% (de 1'8 puntos a respecto de como se prevé rematar este ano, 17'4%) e recollen no seu propio informe que “un descenso da poboación activa xunto cun incremento do emprego do 1'6% levaríanos a esa taxa” é dicir, o propio goberno fía a baixada da taxa de desemprego á baixada de poboación activa, algo tremendamente preocupante nun contexto de medre do PIB. Ademais, mesmo o crecemento de emprego neto que se estima para 2017 (1'6%) é menor ao que se estimou para este ano (1'7%). Isto supón apostar por un crecemento fráxil e pouco sostíbel mentres aumenta a emigración, envellece a poboación e baixa a natalidade nun país que esmorece. Neste contexto, os orzamentos presentados supoñen a continuidade das políticas anteriores e outra oportunidade perdida para mudar as condicións materiais de vida dos galegos e galegas así como de apostar decididamente por mudanzas estruturais que asenten un cambio de rumbo con seguridade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección
09.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:30:59

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 10, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

En primeiro lugar porque consideramos este un orzamento absolutamente insuficiente. Estamos falando dun orzamento que se vende como expansivo malia quedar por debaixo do crecemento previsto do PIB, e que en termos reais, é dicir, unha vez eliminamos a estimación do IPC, só aumenta o 1,7%. Unha subida minúscula despois de dúas lexislaturas de recortes brutais que acumularon unha perda do 14% nas partidas sociais.

Se nos centramos no ensino, estamos falando dun tímido aumento do 1,57%, menos aínda que o aumento xeral, despois de ter recortado un 17,51% en sete anos. E no que atinxe á cultura a situación é aínda peor. Despois de recortar un 64,15% os recursos dedicados a esta materia nos últimos anos, a suba deste ano será dun 1,76%. O que suporía que, a este paso precisaríamos 36,4 anos para volver ó nivel de gasto do 2009.

E en segundo lugar, porque as decisións de gasto son unha tradución clara das liñas políticas dun goberno que insiste no desprestixio e desmantelamento dos servizos públicos, coa fin, máis ou menos evidente de apostar pola privatización.

Unha política especialmente clara no eido do ensino, porque os colexios concertados, os do Opus, os centros con prácticas machistas que segregan ó alumnado por sexo, non padeceron nunca as mesmas restricións que os centros públicos. Deste xeito, unha das partidas orzamentarias que máis medra



neste ano é a de transferencias correntes a concertos educativos. Así, os concertos educativos de infantil, primaria e ESO aumentan 13,75 millóns de euros, un 6,33% e na FP fano ata un 16,21%. Ademais, este orzamento demostra que a aposta polo adoutramento relixioso nas aulas continúa, consagrando 26 millóns de euros en profesores de relixión.

Pola outra banda atopámonos con partidas claramente insuficientes, como o financiamento universitario que ve reducida a súa contía en 6 millóns de euros. Como insuficiente resulta o diñeiro que se dedica a bolsas universitarias, malia que estas proveñen na súa maior parte do Ministerio de Educación, a Consellería de Educación e Cultura ten unha partida específica para, en principio, alcanzar a aquelas persoas que non cubriron os requisitos estatais. Falamos polo tanto dunha partida que debería garantir ó acceso universal ós estudos universitarios e que se mantén conxelada nuns míseros 3.180.000 euros.

No que atinxe á cultura a situación non é mellor. Estamos falando dunha das materias que máis recortou o goberno do Partido Popular. Nos últimos sete anos, o orzamento recortouse nun 64% o que supuxo 77,5 millóns de euros menos dispoñibles para patrimonio, bibliotecas, museos, creación artística, fomento de actividades culturais e un longo etcétera de actividades que deberían servir para garantir un dereito fundamental como é o acceso á cultura.

Non soamente nos lamentamos dun orzamento minúsculo, senón polo reparto que se fai do mesmo. Mentres se está afogando o ecosistema cultural galego, estes orzamentos teiman en seguir enterrando os cartos das galegas e os galegos no gran elefante branco que teñen na cidade da cultura. Alí van rematar un de cada tres euros que se dedicarán ás actividades culturais.

Na mesma liña cómpre analizar o orzamento en materia de política lingüística. Aquí recortaron, nada máis e nada menos que o 78%, sendo a función dos orzamentos con maior caída de todas. Unha partida, que tendo en conta o IPC,



non só non aumenta, senón que se reduce nun 0,29% de xeito que se insiste no maltrato e abandono á lingua do país.

En definitiva, estamos ante uns orzamentos que persisten nunha política educativa e cultural equivocada, que leva á diminución da calidade no ensino público e afonda no afogamento do noso sector cultural.

Por iso rexeitamos o orzamento da sección 10 do Proxecto de lei Orzamentos para o 2017 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:30:20

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Fundación Pública Cidade da Cultura (sección 10), do Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, atendendo ás seguintes razóns:

O orzamento en cultura foi un dos grandes damnificados polas políticas do Partido Popular. En sete anos, retraeron 77,5 millóns de euros das arcas públicas adicadas a esta materia, que supuxeron, tendo en conta a variación dos prezos, unha baixada en termos reais do 64%. Neste ano, anúnciase un lixeiro ascenso de 1.924.748 euros que, en termos reais, apenas vai supor un incremento do 1,9% que nos segue deixando moi lonxe do desexable.

Sen embargo, os recortes orzamentarios non foron aplicados a todos os ámbitos cultura por igual, sendo, a Cidade da Cultura, o exemplo paradigmático dunha nefasta política cultura que apostou por continentes grandiosos a costa de contidos culturalmente sostibles e interesantes.

Á inxente obra hai que sumar unha factura de gastos diarios desorbitada, que consume máis da metade do orzamento anual que recibe. Neste ano falamos de 9.092.989, cantidade exactamente igual ca do ano pasado. Unha cifra que supón o 14,2% de todo o orzamento cultural e un de cada tres euros que se dedican ó fomento das actividades culturais.

Deste xeito, o orzamento da Cidade da Cultura condiciona enormemente o orzamento total da Consellería, supoñendo un enorme custo de oportunidade para o sector cultural de Galicia, toda vez que cada euro que se gasta da Cidade da Cultura supón un euro menos invertido no tecido cultural galego.



En Marea consideramos que este diñeiro debería ser invertido na totalidade do tecido cultural galego, buscando a descentralización que espalle a cultura polo conxunto do noso territorio de xeito que se garanta este dereito fundamental.

Por todo iso, rexeitamos os orzamentos da Fundación Cidade da Cultura (sección 10) do Proxecto de Orzamentos para o 2017 na súa totalidade e **reclamamos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:28:04

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **enmenda á totalidade, de devolución do Ente Público Fundación Camilo José Cela, Sección 10**, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

A Fundación Pública Galega Camilo José Cela é unha fundación do sector público autonómico sen ánimo de lucro dedicada á promoción do estudo da obra de Camilo José Cela e á conservación do seu patrimonio cultural, humano e anecdótico, así como ao fomento da cultura en tódolos seus ámbitos, tal e como se recolle nos seus Estatutos (Artigo 7 dos mesmos).

A Fundación creada no ano 1986 como institución privada, pasou en xuño de 2012 a converterse no 2012 nunha fundación do sector público autonómico coa consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia (Artigo 1 dos seus Estatutos).

Na Auditoría presentada o 18 de maio de 2016 por ACR Auditores (por encargo do Padroado), no *Párrafo de énfase* chámase a atención sobre as contas anuais e descríbese unha incertidume relacionada coas dilixencias previas abertas por presunto delicto de malversación contra a Fundación.

No epígrafe de transferencias e subvencións de exploracións recibidas, figura a mesma cantidade que a Fundación recibe alomenos desde 2014, en transferencia corrente de 257.294€ da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Cultura acaba de adxudicar á Fundación un contrato para a adquisición de obras de arte e diversos fondos artísticos da Fundación por un valor de máis de 103.000 €. Provoca perplexidade que o presidente do



padroado da Fundación é o propio conselleiro de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria. O contrato asinouse o 2 de novembro de 2016.

En Marea rexeita radicalmente a adxudicación de subvención a esta fundación que nin sequera ten completado o seu inventario e que está “en proceso de recatalogación e revaloración do seu inventario porque non dispón dun documento definitivo dos mesmos”. E que ademais non garante o cumprimento dos obxectivos para os que foi creada.

Por todo isto solicitamos a devolución deste orzamento

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:38:53

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) A1. Sección 10 da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

A Axencia Galega de Industrias Cultura AGADIC (AGADIC) naceu coas funcións, entre outras, de consolidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeran, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores e o establecemento de canles de cooperación. A súa importancia en canto ao potenciamento das artes escénicas, do audiovisual galego e da danza é máxima.

As súas unidades de produción están moi limitadas nas súas posibilidades de xestión e contratación (elencos limitados e xestión de espazos como o Salón Teatro, reducida ao mínimo). A danza non pode acadar os seus obxectivos e vemos como o apoio á creación artística, investigación e formación das artes do movemento están cada vez máis minguadas.

Os circuitos teñen cada vez menor programación e máis limitada. As Redes de Teatros e Auditorios, de salas e de Música ao vivo non teñen o apoio que merecen.

As Compañías sobreviven con escasísimas axudas á produción e reducindo cada vez máis os seus formatos.

A proxección exterior é moito máis cativa da necesaria.

Os orzamentos da AGADIC para o 2017 **(10.532.088 €)** manteñen a liña do 2016, unha liña orzamentaria que non serve para compensar a diferenza con



respecto ao ano 2012, onde se contaba con **15.144.786 €**, isto é, hoxe existe un recorte de **4.612.689 €**.

Estes recortes contribúen a empeorar as deficitarias condicións do sector cultural galego e non permiten desenvolver con eficacia, eficiencia e efectividade as funcións que se lle encomendan á AGADIC.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 18:44:43

 Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a **seguinte emenda á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 10, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, así como á **Axencia Galega de Industrias Culturais** e á **Fundación da Cidade da Cultura** dependentes dela, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

As razóns que motivan a imposibilidade de apoiar este proxecto de lei e de pedir a súa devolución son as seguintes:

O proxecto de orzamento supón un incremento de 109 docentes, cantidade que é equiparable á que existía no curso 2013/2014, e moi afastada dos existentes no curso 2009/2010.

O proxecto de orzamento supón un incremento de 78 funcionarios doutro tipo dos que se descoñece a que obxectivos se dedicará.

Non se intúe ningunha senda de recuperación nin do número de docentes necesarios nin das súas condicións laborais, posto que non se escoitou ningunha referencia á mellora dos horarios do profesorado.

Tampouco se intúe ningún sinal que invite a pensar, sequera minimamente, que esta consellería vai modificar os criterios para agrupar o alumnado de educación infantil e primaria nos centros rurais máis afectados pola caída demográfica, e isto é así porque o incremento de docentes previsto concéntrase integramente na educación secundaria; é dicir, nin un mestre máis.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As cantidades previstas para obras de melloras nos centros son insuficientes; estamos a falar dun parque inmobiliario construído, na súa maior parte, na década dos 70 do pasado século e que engade á súa antigüidade a falla de mantemento consecuencia dos recortes realizados nos últimos anos.

A un eixo fundamental de actuación como é a formación profesional dual destínanse 255.000 € (ó 0,035 % do programa 422M).

A plans de emprendemento destínanse 150.000 € (ó 0,020 % do programa de 422M), cantidade que pon de manifesto o nulo compromiso cunha actuación de extraordinaria transcendencia, tanto dende o punto de vista educativo como económico para o país.

Este proxecto de orzamento non garante o acceso do alumnado aos materiais didácticos necesarios (gratuidade de libros de texto), perpetuando un modelo máis próximo ás axudas ligadas a situacións de insuficiencia económica que á verdadeira consecución dun dereito.

Os orzamentos dedicados ao Sistema Universitario de Galicia non son suficientes para acadar un financiamento das universidades acorde coas esixencias do mundo científico e formativo no que teñen que competir, e non garanten a súa suficiencia financeira.

Se restamos o fondo de recuperación retributiva, observamos unha conxelación das cantidades destinadas ás universidades, tamén nos fondos dedicados a I+D+i o que implica que non é posible realizar un cambio do modelo produtivo nin a modernización de Galicia.

Os orzamentos de cultura defínense pola conxelación dos fondos e a continuidade das políticas da consellería. Iso quere dicir que afondan nos erros cometidos nos anos anteriores e só serviran para aumentar os problemas que padecen as industrias culturais, os creadores e a cultura de base do noso país.

Mostran a escasa importancia que para o Goberno ten a cultura dado que os seus orzamentos supoñen tan só o 0,6 % dos totais da Xunta de Galicia e que descenderon un 55 % dende 2010 o que resulta inadmisíble.

Estes orzamentos non garanten a defensa do noso patrimonio dado as escasas partidas destinadas a este fin, e seguen sen apoiar a edición, as artes escénicas, a música e en xeral á creación e aos creadores.

Os orzamentos do Agadic son claramente insuficientes e precarizarán aínda máis o emprego nas industrias culturais, dado que a Axencia non ten capacidade para desenvolver programas estables que permitan dar continuidade aos grupos que dinamizan a actividade cultural do país.

En cambio, os orzamentos dedicados á Cidade da Cultura son excesivos e non terán ningunha rendibilidade nin cultural, nin social, nin económica. Esta infraestrutura segue sendo un lastre para a cultura de Galicia xa que os fondos a ela destinados supoñen o 17 % dos totais de cultura.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En canto ao orzamento dedicado ao fomento da lingua galega non se pode admitir a conxelación que se produce para 2017, o que agrava a situación desta área que é a que máis recortes padece polo Goberno do presidente Feijoo, un 70 % de caída dos presupostos dende 2009 a 2017. Está claro que con estes orzamentos non se poden levar a cabo políticas efectivas de fomento da normalización da nosa lingua.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 13:01:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns:

Os Orzamentos de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apenas se incrementan o 2,9% a respecto das contas de 2016. Unha suba que non permite recuperar os fondos recortados desde 2009 e polo tanto os parámetros necesarios para fornecer un ensino de calidade. Neste senso, é preciso restituír o orzamento retallado para garantir a igualdade de condicións entre o alumnado, nomeadamente aquel que precisa dunha atención específica.

De igual maneira e malia que as contas para 2017 prevén restituír as condicións salariais do profesorado e mesmo convocar unha OPE, tampouco prevé o executivo nas súas contas a recuperación dos postos de traballo amortizados nos últimos anos e que se sitúan por volta dos 2.500.

Así mesmo, o proxecto de Orzamentos para 2017 presenta un recorte de 5 millóns de euros na partida destinada a axudar as familias na adquisición de libros e material escolar, nun momento no que após a desaparición do sistema de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

préstamo gratuíto de libros xunto coa crise económica, as familias presentan maiores dificultades para afrontar este gasto.

Tampouco os Orzamentos prevén un maior investimento en servizos educativos complementares como o transporte escolar e o comedor malia as carencias que presenta o actual modelo de xestión.

Asemade, recórtanse partidas destinadas ao ensino universitario como os fondos estruturais e as axudas á contratación de persoal investigador e tecnólogo (Programa 561B).

Doutra banda, o investimento en Cultura previsto nos Orzamentos para 2017 recolle un incremento ridículo do 0,6% a respeito de 2016 malia terse reducido no 44% só entre 2010 e 2014. As partidas destinadas ao fomento do audiovisual (Programa 432C) desaparecen e o investimento real dirixido á edición do libro en galego perde 200 mil euros; un recorte que se prevé tamén nos fondos para Feiras nacionais e internacionais nesta materia.

Porén, a maior desidia nestas contas reflíctea as partidas dirixidas á Normalización Lingüística que se manteñen de facto conxeladas para 2017 após ter sufrido un recorte do 70% desde 2009. Os datos sobre o uso do galego poñen de manifesto a errática política lingüística do executivo galego e estas contas, lonxe de mudar a actuación, reforzan a súa praxe.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10. Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:31:26

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **sección 11, Consellería de Sanidade, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

A esquerda real denunciou dende o inicio a estafa en termos económicos e sociais que supuña a crise económica iniciada pola debacle dos poderes financeiros. Unha estafa, porque mentres a banca era rescatada con fondos públicos, mentres se nos esixía o recorte no investimento, o groso da poboación, a clase traballadora, sufría a progresiva eliminación dos dereitos laborais e dos dereitos sociais, pola vía dos recortes nos servizos públicos.

A Sanidade non escapou ás tesoiras liberais. Mais cando dende a dereita gobernante se preconiza unha exigua recuperación económica, traballadoras e traballadores seguen soportando a persistencia da eliminación dos dereitos outrora eliminados precisamente coa escusa da crise-estafa.

É dicir, anúnciase unha mellora económica, mais non se repón o recortado.

Esta situación é evidente no orzamento sanitario. O leve incremento orzamentario vai parar fundamentalmente ao pago das detraídas pagas extraordinarias, mais pouco ten mudado no resto das contas. Respecto ao ano 2009, último previo ás grandes retalladas, o orzamento sanitario global segue perdendo un 4,12% en termos nominais (155 millóns menos), un 13% en termos reais. Retalladas que sobre todo teñen afectado ao máis importante do sistema en termos organizativos, isto é a prevención e promoción da saúde e a atención primaria. A primeira perdeu un 14,83% de orzamento en termos



nominais (24,23% en termos reais) e a segunda un 19,01% (28,41% en termos reais).

A focalización do groso da diminución dos orzamentos nestes dous aspectos é chave para entender o cambio de modelo sanitario, que transita dun modelo baseado na prevención, na promoción da saúde a un baseado no negocio en torno á atención especializada e os servizos relacionados coa mesma.

Escenifícase a perda dos dereitos sanitarios *per se* en canto á universalidade, equidade, etc. nas contas económicas. E non recuperamos orzamento para aumentar persoal sanitario, nin mellorar as infraestruturas, nin tan sequera para recuperar programas básicos a nivel preventivo.

Neste senso, o estrangulamento da prevención e tratamento das drogodependencias segue patente, sen que tampouco exista integración na rede pública.

Non hai orzamento extraordinario para poñer en marcha o plan de saúde mental ou o plan galego do suicidio. Sucede o mesmo coa saúde sexual e reprodutiva e a saúde da muller, que fican sen novas partidas para repor os servizos recortados e levar a cabo melloras na atención, por exemplo a respecto da endometriose.

Tampouco figura partida algunha que permita o desenrolo real da Lei 5/2015 de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais. Nin quedan patentes as melloras relativas ao corpo de inspección farmacéutica de sanidade, que mantivo unha folga no 2016, a pesar que dende a Consellería se teña afirmado na comparecencia na Comisión de Economía que van mellorar o control das augas (e tamén dos niveis de pole).

Poderíamos citar moitas outras melloras a nivel sanitario necesitadas de orzamento e desafiuzadas das contas do 2017.



Outro aspecto moi preocupante é a persistencia na memoria orzamentaria da figura das unidades de xestión clínica. Este elemento organizativo deseñado para facilitar a privatización sanitaria ao estruturar o traballo por sectores e permitir a futura laboralización do persoal estatutario foi derrotado polas sanitarias e sanitarios que conseguiron, coa súa loita a paralización do proxecto. Sen embargo, lonxe de desbotalo, o Goberno parece telo metido nunha gabeta á espera de tempos “mellores” para voltar intentar introduci-lo. Feito que evidencia tamén escaso respecto ao criterio das e dos profesionais.

En resumo, estas contas non evidencian recuperación algunha. Todo o contrario. Consolidan os recortes e privatizacións de anos anteriores, consolidando polo tanto á súa vez a perda de dereitos da cidadanía en canto á protección e promoción da súa saúde individual e comunitaria. Por iso, En Marea solicita a súa devolución.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:00:10

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao “Servizo Galego de Saúde” coma organismo autónomo, Sección 11, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Tal e coma este grupo ten reflectido na emenda de devolución que presentamos á Consellería de Sanidade no seu orzamento para 2017, a recuperación económica preconizada por parte do Goberno non ten reflexo real nas contas do ano 2017. Os recortes en materia sanitaria acumulados dende o ano 2.009 non son recuperados e o leve incremento orzamentario vai, fundamentalmente, adicado aos complementos específicos do persoal estatutario. Isto é, adicados a pagar as pagas extraordinarias que foron detraídas polo mesmo Goberno.

Existen graves desordes no gasto farmacéutico, coma o incremento do gasto da farmacia de primaria a pesar dos recortes que teñen suposto os repagos ao abeiro do RD 16/2012 e da exclusión de fármacos de uso común da carteira farmacéutica. Desorde que se evidencia tamén nunha farmacia hospitalaria que se incrementa ano tras ano, sen que o Goberno aclare que parte de ese incremento é debida a novos fármacos.

Ao mesmo tempo e a pesares das denuncias feitas polo Consello Económico e Social, o SERGAS segue mantendo partidas insuficientes nos capítulos de persoal. Esta política de baixo orzamento ten producido o abuso de utilización do fondo de continxencia para contratación temporais, causando un desaxuste das contas. Sen embargo, nin a elevada temporalidade, nin a amortización de prazas acometida en anos anteriores e que eliminou case 1.800 prazas de profesionais sanitarias e sanitarios vai acompañada de orzamento para poder ofertar novas prazas públicas. Asímesa con estas contas na man, que o



Goberno non pensa mudar a súa política de persoal que ten suposto unha perda da calidade asistencial e un empeoramento das condicións laborais no SERGAS.

A política en materia de infraestruturas tampouco mellora. A ausencia de partidas de fondos provintes de Europa deixa como resultante uns escasos 5 millóns de fondos propios a repartir en 12 centros de saúde. Outros comprometidos dende fai anos e mesmo con terreos á disposición da Xunta, coma é o caso do centro de saúde de Aldán- O Hío seguen agardando por partidas que non chegan.

Estas circunstancias evidencian, claramente, o desleixo na atención primaria. Nun país onde grande parte dos centros tamén precisan actuacións con urxencia e sen embargo, a partida para reparacións de 100.000 euros dificilmente chegaría para reparar un só das decenas onde hai que actuar. Este desinterese fai pensar que este ano o Goberno galego tampouco fai facer nada para asumir, en acordo coa FEGAMP, a titularidade dun número aceptable de centros de saúde.

Tamén as partidas adicadas aos plans directores dos hospitais son escasas. A situación do Hospital Juan Cardona de Ferrol é insostible e segundo a Consellería as actuacións de este ano basearanse simplemente en voltar redactar o plan director. En Pontevedra, tiveron que sufrir dúas lexislaturas de inacción, nas que o PP defendía un novo hospital PFI sen facer absolutamente nada, para que, finalmente, gracias á presión de profesionais e veciñanza se opte pola ampliación de Montecelo. Máis a partida é insuficiente nin para comezar e perdéronse oito anos por unha xestión pésima.

Ademais, por segundo ano consecutivo as partidas adicadas a pagar os canons do Novo Hospital de Vigo, supoñen unha merma orzamentaria importante e evidencian un modelo que aposta pola privatización, ben mediante xestión indirecta dos servizos, colaboracións público-privadas ou ben mediante as derivacións directas a clínicas concertadas. Situación que volta repetirse un



ano máis, cun incremento orzamentario de 4 millóns de euros adicados a este fin. Unha obscenidade cando o Presidente trasladou en Sé parlamentar que o Goberno estaba a diminuír partidas nos concertos privados.

Resumindo, os orzamentos para 2017 non suplen os recortes efectuados en persoal, non supoñen novas infraestruturas sanitarias nin serven para mellorar a atención primaria. Pola contra, afondan no mesmo modelo de privatización, cun deterioro da calidade asistencial na pública, co incremento das partidas adicadas a concertos privados, co mantemento da colaboración PFI do NHV e con graves deficiencias en canto á planificación económica e organizativa do SERGAS. Todos estes feitos fan que solicitemos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 21:06:51

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sociedade Mercantil Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Galaria SA é a actual herdeira do antigo MedTec (Instituto Galego de Medicina Técnica SA). A empresa, naceu para asesorar e traballar en torno ás innovacións e tecnoloxías sanitarias, pero perdeu cedo este exclusivo cometido, iniciándose a provisión directa de servizos sanitarios que podería proporcionar o Servizo Galego de Saúde. É público que tanto MedTec coma Galaria foron foco de denuncia pública por opacidade e mesmo exceso no uso de certas probas de imaxe. A pesar disto a empresa e as súas competencias nunca foi traspasada ao Servizo Galego de Saúde.

Resulta incomprensible que, sendo unha das motivacións da existencia da empresa a innovación en alta tecnoloxía estea subcontratada polo SERGAS ao traverso dunha colaboración público-privada, o diálogo competitivo asinado con Philips e Varian para a radioloxía e radioterapia. Cabe preguntarse cal é, xa que logo a utilidade de manter Galaria como tal.

Por outra parte, a encomenda realizada para a xestión da Oficina Técnica do Novo Hospital de Vigo foi un fracaso. A subcontratación con Efficientia Clinical Mangement non só constituíu unha porta xiratoria (titularidade dunha ex-alto cargo do Partido Popular) se non que tivo uns pésimos resultados de xestión, chegando a ser substituída por xestión pública antes de que rematase o prazo estipulado pola orde para a contratación.

Tampouco hai motivos que avalen o seu mantemento para o resto de actividades, que poderían estar a prestarse dentro do sistema público, como a



central de chamadas, o asesoramento, etc. Todo isto, tendo en conta que ademais a vía recadatoria nítrese con orzamento público.

Por todos estes motivos, entendendo que debera procederse á súa absorción polo Sistema Público de Saúde, solicitamos a devolución destes orzamentos que a seguen mantendo coma Sociedade Anónima.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:50:44

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á "Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde"** coma organismo autónomo, **Sección 11, A1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Os entes paralelos, fundacións, empresas... téñense amosado opacos no económico e no organizativo. Motivo abondo de por si para facilitar a absorción dos mesmos dentro do Sistema Público, mediante unha xestión directa e transparente.

Sendo ademáis os recursos públicos e traballando en teoría para o Sistema Público, non ten xustificación algunha manter organizacións paralelas para facer un traballo que se debería poder facer dende a mesma Consellería e Servizo Galego de Saúde. De feito, se observamos o estado de ingresos de Galaria, dos 2,1 millóns orzamentarios, soamente 9.500 euros proveñen de fondos non públicos.

A constitución da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento á raíz da aprobación da Lei 14/2013 viu a substituír á Fundación pública escola galega de Administración sanitaria. É dicir, non so se malogrou a posibilidade de integrar formación e investigación no sistema público, se non que se afondou máis nunha estrutura empresarial.

En Marea entende que os servizos sanitarios deben ser públicos e o máis transparentes posibles e atendendo a estas razóns, solicitamos a devolución de este orzamento.



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 19:31:16

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á “Axencia Galega de Sangue, órganos e Tecidos” coma organismo autónomo, Sección 11, A2 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Os entes paralelos, fundacións, empresas... téñense amosado opacos no económico e no organizativo. Motivo abondo de por si para facilitar a absorción dos mesmos dentro do Sistema Público, mediante unha xestión directa e transparente.

Sendo ademais os recursos públicos e traballando en teoría para o Sistema Público, non ten xustificación algunha manter organizacións paralelas para facer un traballo que se debería poder facer dende a mesma Consellería e Servizo Galego de Saúde.

En troques de ir modificando esta situación coa asunción progresiva de estes entes polo sistema público, a Xunta de Galicia continúa creando novos entes con estruturas empresariais.

A constitución da Axencia galega de sangue, órganos e tecidos da aprobación da Lei 14/2013 viu a substituír á Fundación pública Centro de Transfusión de Galicia, con diferentes atribucións.

Entendendo que a creación de novos entes resultan perniciosas e as súas tarefas deberan ser asumidas mediante xestión directa pública, solicitamos a devolución de este orzamentos.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 19:43:28

Á Mesa da Comisión 3.^a,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 11 – Sanidade, así como dos organismos autónomos do Sergas e de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., dependentes da mesma**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Os orzamentos para 2017 destinados á Consellería de Sanidade resultan insuficientes e pouco adecuados á realidade da situación sanitaria de Galicia na actualidade. Se ben existe a presunción de que os orzamentos son crecentes, en termos xerais a capacidade de investimento redúcese, por canto o apartado de investimentos reais do Sergas, que constitúe o núcleo fundamental dos orzamentos, diminúe nun 7,1 %. Os orzamentos vense realmente agrandados polo obrigado cumprimento do canon destinado a pagar pola construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, 84 millóns de euros en suma expresados polo conselleiro de Sanidade no debate sobre os orzamentos da súa consellería na Comisión 3.^a. Por esta razón, consideramos que os orzamentos son inadecuados no seu cómputo xeral.

Existen certos déficits presentes nestes orzamentos para 2017 que consideramos un problema de diagnose e/ou de solución. Non corresponden á estrutura e gasto da consellería, a evolución do gasto informático presenta lagoas que son difíciles de explicar. Se no 2015 o investimento neste apartado foi dunha suma aproximada de 27 millóns de euros, no 2016 de 28 millóns de euros, para o 2017 aproxímase aos 30 millóns de euros pero para o 2018 unicamente se prevén 3,25 millóns de euros, sen aclararse nin unha explicación clara sobre as necesidades dun investimento de case 100 millóns de euros nestes catro anos nin a previsión de descenso tan elevado.

Grupo Parlamentario

No referente ás infraestruturas, a previsión da Consellería de Sanidade resulta vaga e imprecisa, sendo ademais case semellante á anunciada no ano anterior. Este feito evidencia dúas cuestións preocupantes: por un lado que o cumprimento do orzamento do ano anterior foi deficiente, o que apunta tamén unha nova preocupación sobre o posible cumprimento do que está en debate. Por outra banda, apunta tamén que existe unha limitada capacidade previsor e analítica no que corresponde á mellora e nova dotación de infraestruturas sanitarias de Galicia. Esta cuestión vese a través de exemplos como o compromiso no ano anterior de finalizar o Plan director para o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, mentres que neste ano se destinan 1,6 millóns de euros para esa mesma finalización.

O retraso no inicio do Plan director do Hospital Arquitecto Marcide, que xa fora anunciado no ano anterior, resulta insostible dende o punto de vista orzamentario pois existía partida para elo no ano 2016 e agora, non entanto, volve a recibir investimento (6,6 millóns) para 2017, o que amosa que non se cumpriu o compromiso o ano anterior.

No caso dos centros de saúde, a situación apunta semellante. Os centros de saúde de Melide, O Saviñao, Pereiro de Aguiar, Milladoiro, Narón ou Salceda de Caselas foron prometidos no debate de orzamentos da Consellería de Sanidade na comisión 3.^a para 2016, pero volven a estar comprometidos para o seu inicio na memoria de 2017. Caso especial cabe para o Centro de Saúde de A Illa de Arousa, que no 2016 se comprometeu para iniciarse o novo centro, pero para o 2017 redúcese o compromiso a reformar o existente, obrigando ao Concello de A Illa de Arousa a conformarse. Os centros de saúde de Gondomar ou Ares foron comprometidos de ser finalizados en 2016, e volven a ser incluídos na partida de 2017, o que evidencia o incumprimento e alerta sobre o posible incumprimento neste novo ano. Non existe compromiso con centros de saúde novos (ou mellora dos existentes) que son amplamente demandados pola cidadanía e corporacións locais, como poden ser algúns casos como Aldán, O Grove, ou Vilagarcía de Arousa. Cabe sinalar, que estes compromisos figuran na memoria da consellería pero non teñen reflexo explícito nos orzamentos, nos que existen algunhas partidas destinadas de maneira xenérica a “plans directores”, que non se especifican e que a

Grupo Parlamentario

consellería non aclarou na presentación dos seus orzamentos na Comisión 3.^a, o que leva a amosar unha imprecisión intencional que non é aceptable.

Nas cuestións referidas ao apartado de persoal, existe unha previsión moi semellante ao 2016, polo que se poden extraer dúas conclusións negativas:

a) Non existe provisión de fondos para a xeración de máis prazas no sistema sanitario, que segue a ser unha demanda fundamental e moi real para o correcto funcionamento dos servizos. Os déficits en termos de perda de servizos ou substitucións por baixas, vacacións, etc., segue a lastrar a calidade do sistema e, por tanto, é preciso establecer un plan de incorporación de novos profesionais ao sistema de saúde, que deba ter dotación orzamentaria clara e non existe.

b) A recente sentenza da Unión Europea que sinala a inestabilidade do persoal que traballa con contratos claramente precarios, e que fai labores que contractualmente se entenden como coxunturais pero que son de realidade estrutural, afecta con claridade ao Sergas. No Servizo Galego de Saúde existen numerosos e numerosas profesionais que cumpren contratos moi menores, por meses, semanas, días e incluso horas, cubrindo constantemente as mesmas funcións durante un tempo moi prolongado.

Esta situación, coa xurisprudencia marcada pola UE, obrigará previsiblemente ao sistema público galego a incorporar novas prazas ao seu cadro de persoal. Non entanto non existe previsión para esta situación, o que evidencia un déficit profundo de previsión que pode causar un problema de gran tamaño no balance económico da consellería.

Na cuestión puramente asistencial, ademais dos problemas que xurdirán como froito da imprevisión e da inadecuación dos orzamentos á realidade que se extrae das valoracións anteriores, existen cuestións específicas que merecen ser sinaladas. En primeiro lugar é preciso apuntar aos máis de 200 millóns de euros destinados a concertos con centros privados que realizan atención sanitarios a pacientes do sistema público. A memoria da

Grupo Parlamentario

consellería que acompaña aos orzamentos indica, dentro do capítulo destinado ás principais liñas de acción, no eixo 3, o punto 3.4, que existe vontade de planificar conxuntamente os servizos nos centros públicos e concertados, *que se orixine nas estruturas de xestión integrada*, e se apunta á intención de *mellorar o ámbito de colaboración das entidades concertadas*. Sendo estas cuestións asumibles, o debate dos orzamentos de sanidade permitiron explicitar que sería recomendable acordar que o obxectivo final debe ser sempre dotar ao sistema público de recursos suficientes para afrontar a atención sanitaria plena dende os seus centros e co seu persoal profesional. Este punto non foi asumido de maneira explícita pola consellería, o que apunta unha posición non asumible de incorporación de facto dos centros concertados que debería ser exclusivamente circunstancial. Dentro da relación da sanidade público-privada está a situación do Hospital Alvaro Cunqueiro, que como xa se apuntou no inicio, absorbe unha elevada cantidade do orzamento público (84 millóns de euros) no pago de canon, e outros investimentos comprometidos coa construtora en termos de equipamento e material (9,4 millóns de euros para o ano 2017). Estas partidas son paradigmáticas da privatización progresiva do sistema sanitario galego.

En canto ás problemáticas do eido asistencial, non existen nos orzamentos apuntes ou especificacións para a incorporación plena do servizo de hemodinámica no HULA, para resolver o déficit en pediátría que se manifesta nos constantes problemas de ausencia de titulares ou substitucións para a consulta de pediátría e a derivación de servizos como a cirurxía pediátrica, que non se desenvolven de maneira plena nos centros hospitalarios (exemplo: CHUOU). A atención primaria, sempre presente de maneira discursiva, continúa a ver decrecendo a súa importancia tamén dende o punto de vista orzamentario, pois estanse a producir déficits tanto na provisión de persoal para cubrir substitucións, como nos eidos de dirección que, por mor da implantación das EOXIs están a eliminar xerencias de atención primaria dos hospitais comarcais (exemplo: Hospital do Salnés). Este problema en atención primaria contribúe a problemas maiores como é o incremento de listas de espera, sen que a memoria e os orzamentos preveñan e planifiquen solucións de choque contra o problema que pasarían por incrementar prazas de profesionais e maior dotación de recursos.

Grupo Parlamentario

Por último, aínda que non menos importante, nótase a ausencia de dotación específica para proxectos anunciados, como a Estratexia Galega en Saúde Mental, que non prevé fondos directos. E non existe notoria variación en termos de investimento en investigación, que resulta un eido de fundamental importancia para a sanidade. Os compromisos son vagos e simples, sen que teñan un respaldo concreto que se traduza en estabilización de investigadores e apertura de posibilidades para o seu traballo.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 13:03:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Sanidade e de tódalas entidades públicas, instrumentais dependentes, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, polas seguintes razóns:

Con estes orzamentos consolídase ese escenario de grandes partidas de gasto social recortadas. Un incremento leve que dende logo non vai supoñer, nin moitísimo menos, reverter ese escenario de recortes levado a cabo durante todos estes anos.

Uns orzamentos cun leve aumento orzamentario, nada significativo para cambiar esa senda de restricións continua, levada a cabo desde o ano 2009, e que supuxeron para a sanidade pública de Galicia unha perda acumulada de centos de millóns de euros que se deixaron de investir na sanidade pública do noso país.

Malia o anuncio dun grande esforzo en sanidade, observamos como o orzamento destinado á mesma medra un 2,8% é dicir, un incremento similar á media, polo que queda claro que non se trata de partidas prioritarias nestes orzamentos.

Máis da metade dese aumento, case 66 millóns de euros, van ir parar ás arcas do grupo empresarial que construíu o novo Hospital Álvaro Cunqueiro. Así, en 2017 Sanidade ten que achegar á empresa 41,9 millóns de euros, equivale ao



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

40,7% do aumento no orzamento sanitario para o vindeiro ano. Aos 41.9 millóns de euros de canon hai que engadir outros 25 millóns de euros pola prestación de servizos non clínicos, cátering, lavandería, limpeza, mantemento... todas esas cuestións que vostedes tamén privatizaron.

Estes orzamentos son continuistas, non supoñen ningún cambio relevante e non van reverter os enormes recortes levados a cabo, en orzamento, na perda de máis de 600 camas, de máis de 2000 profesionais, na privatización de infraestruturas e dunha inxente cantidade de servizos ligados á atención sanitaria.

Nestes orzamentos a Atención Primaria sigue a perder peso, non hai ningunha estratexia para reducir as listas de espera, nin para rematar coas derivacións constantes de doentes á sanidade privada, a saúde mental sigue sen unha dotación económica acorde coas enormes necesidades da mesma, e as adicións e a drogodependencia seguen con unha dotación económica moi lonxe do que se precisa.

O persoal sigue a ser un dos damnificados, estes orzamentos non supoñen nin recuperación salarial, nin devolución do que se lle ten detraído en salarios, días adicionais, nin reposición das vacantes.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección
11.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:31:47

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao **abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Política Social, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

O ámbito das políticas que competen á Consellería de Política son fundamentais para facer fronte ao aumento dos problemas sociais tras anos de crise que non fixeron máis que aumentar a desigualdade social no noso País, cun cuarto da poboación en risco de exclusión social e cuns niveis de precariedade que alcanzan á metade da clase traballadora galega, unido á baixa contía das pensións galegas. Esta realidade social é máis negativa para as mulleres galegas que, ademais, son quen, de xeito maioritario, se ocupan dos coidados e de atender as necesidades sociais onde a Administración non chega.

A pesares de que os Orzamentos da Consellería de Política social para 2017 aumentan a respecto de 2016 -menos do que aumenta o custe do goberno galego-, non son suficientes para cubrir as amplas necesidades sociais e, no seu conxunto, os programas de protección e promoción social, que inclúen tanto as políticas de emprego como toda a política social, perderon o 18% dos seus recursos dende 2009.

En xeral, preséntanse uns Orzamentos continuístas, sen medidas que supoñan unha novidade, mantendo unha Renda de Inclusión Social (RISGA) que non garante a subsistencia material digna, e reducindo en programas de loita contra a desigualdade económica e de atención a persoas maiores, ademais de caeren as inversións reais con respecto a 2016.

A situación social de Galiza fai preciso un sistema de protección social amplo e público, colaborando coas entidades sociais sen que esta colaboración conleve a inhibición das políticas públicas de atención, para posibilitar o despregamento da atención social por todo o territorio galego, evitando a desigualdade de recursos sociais segundo a localidade de residencia; precísase, asemade, aumentar as prazas de residencia para persoas maiores e garantir unha maior porcentaxe de prazas públicas, pois Galiza é a cuarta comunidade do Estado cunha menor porcentaxe de prazas públicas sobre o total (20,6%), retos todos estes que non se abordan co presente proxecto de Orzamentos para 2017.

Por outra parte, o anteproxecto de lei de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, que acompaña aos Orzamentos 2017, mantén a conxelación salarial do persoal público e non recupera integramente o Vº Convenio Colectivo do persoal da Administración, estando intimamente relacionada precariedade laboral con menor calidade do servizo e maior taxa de accidentes laborais.

Polo exposto con anterioridade, rexeitamos os orzamentos da sección 12 (Consellería de Política Social) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 para seren reformados tendo en conta a necesidade de aumento dos seus recursos para atender as crecentes necesidades sociais do pobo galego, incluíndo a posta en marcha dunha verdadeira renda galega de cidadanía, no marco dun urxente plan de rescate cidadán.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:59:24

Á Mesa da Comisión 3.^a,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa a **Sección 12–Consellería de Política Social**, así como dos **organismos adscritos: Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Fundación Galega para o impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, e a Axencia Galega de Servizos Sociais**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

A pesares da publicidade e propaganda do Goberno galego para “vender” estes orzamentos coma os máis sociais da historia de Galicia, o certo é que o incremento nas partidas dedicadas a Consellería de Política Social seguen moi por debaixo do mínimo imprescindible para cubrir as necesidades das persoas, a política contra a precariedade social é moi insuficiente, e contribúen a consolidar un modelo de sociedade máis fragmentada e desigual.

Só se produciría un verdadeiro cambio nas prioridades se o Goberno galego recupera os dereitos cercenados ás persoas durante a crise económica e elimina as dificultades de acceso ao sistema que tanto o goberno de Feijoo como de Rajoy introduciron. Iso quere dicir máis orzamento, pero tamén modificacións legislativas que garantan os dereitos das persoas en vez de mudar estes por programas asistencialistas máis semellantes á beneficencia e a caridade.

O programa de protección e inserción social, e pensións asistenciais, o programa destinado a cubrir as necesidades básicas de persoas con carencia de recursos e en risco de exclusión social, baixa máis de 2 millóns de euros con respecto ao ano anterior, principalmente porque descenden as axudas para loitar contra a desigualdade económica e o fondo extraordinario para perceptores de subsidios e pensións non contributivas. Iso ocorre nun país

Grupo Parlamentario

onde só un de cada catro pensionistas galegos, supera a barreira do mileurismo.

Existe ademais unha brecha de xénero onde as mulleres saen claramente prexudicadas, de cada tres pensións que non chegan ao SMI, dúas cóbranas elas. No outro fiel da balanza, o que integran os perceptores da paga máxima, só supoñen en Galicia un 1,8 % do total de pensionistas.

Redúcese a partida dedicada ao Plan de loita contra a pobreza e a exclusión social, cando hai medio millón de persoas viven en fogares con carencia material, e 136 mil padecen carencia material severa, e tendo en conta que no último ano o número de fogares sen ningún ingreso, nin salarios, nin pensións, nin subsidios, aumentou en 5.000 e afecta xa a 35.000 fogares en Galicia.

Segundo datos do INE e do IGE en torno a 100.000 fogares en Galicia non poden manter a súa casa a unha temperatura axeitada, máis do 10 % da poboación que non pode facer fronte ao recibo da luz a final de mes, un 1,8 % non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días cando menos, un 27,4 % non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos.

O que afecta sobre todo aos menores de idade, hai pobreza infantil significativa na Europa Occidental do século XXI e iso non é tolerable. Os socialistas insistimos na necesidade de que se poña en marcha un programa especial contra a pobreza infantil para atender as urxencias do presente e preparar o futuro, que non poña o límite das axudas nos nenos/as de 3 anos como fai o Goberno galego.

Un ano máis o Goberno vese na obriga de incrementar a partida orzamentaria da Renda de Inclusión Social, pero en calquera caso resultará insuficiente, posto que só se atende a un 30 % das persoas obxectivo. Existe unha gran lista de espera, demasiados meses de atraso e en moitos

Grupo Parlamentario

casos un difícil acceso a estas axudas, que están reguladas para provocar o desestimento.

Os socialistas seguiremos defendendo que compre reformar e ampliar a Risga, avanzando cara sistemas de garantías de ingresos mínimos facendo un esforzo adicional nas familias sen recursos e con fillos, encaixable financeiramente e compre impulsar un sistema de protección á infancia.

O desleixo da Xunta de Galicia en materia de dependencia, cando se cumpren dez anos da aprobación desta lei polo Goberno socialista de Zapatero, fai que debido a demora pola concesión destas axudas ou por denegárselles esta prestación asistencial e abocar a pagar do seu peto as atencións aos seus familiares, se incrementaran este último ano ás denuncias contra a Administración autonómica.

A promesa de atender a máis dependentes durante o vindeiro ano non se achega a realidade, xa que para atender a máis persoas o orzamento previsto é insuficiente. Así que, unha de dúas, ou as prestacións a outorgar son de novo revisadas á baixa, como se ten feito no ano 2015 coas reavaliacións das persoas dependentes co dereito recoñecido, ou se pretende baixar a lista de espera co desestimento e cos falecementos que se producen cada ano de persoas co dereito recoñecido e que nunca chegaron a percibir as prestacións.

O problema demográfico non se reduce á natalidade. Compre tamén falarmos de emigración, pois o espellismo da inmigración neta durou pouco, dende 2008 tornamos a ser un país de emigrantes. As familias desexan 2 fillos e teñen 1. É esta fenda entre desexos e decisións efectivas a que compre encher, actuando sobre as condicións laborais, a conciliación, o reparto das tarefas domésticas, a dispoñibilidade de servizos ou unha política de axuda á infancia.

Grupo Parlamentario

A caixa finlandesa é puro marketing electoral. Para fundar unha familia, os galegos e as galegas precisan unha caixa pero non de cartón, necesitan que a caixa da Xunta de Galicia inverta de verdade en políticas sociais. As partidas dedicadas a apoio á conciliación da vida laboral e persoal, e para a igualdade e promoción da muller, son as que máis baixa execución orzamentaria teñen no ano 2016 de toda a Consellería de Política Social, con case un 30 % dos fondos pendentes de executar.

O Proxecto de orzamentos para o vindeiro ano 2017 contempla a construción de tres escolas infantís, as mesmas que figuraban nos orzamentos de 2016: A Estrada, Mos e Paderne de Allariz, todo elo mentres o incremento en máis do 70 % das matrículas para estes centros fai que moitos pais e nais teñan que desistir de mandar aos rapaces e rapazas a esas escolas públicas, a estratexia é clara, desviar a estas familias a centros privados.

Os orzamentos para o ano 2017 dedicados a servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade é un 40 % menor que no ano 2009. Todo elo mentres Galicia segue sendo unha das comunidades autónomas cunha menor taxa de actividade entre as persoas con discapacidade a nivel estatal, case 8 puntos menos que a media de España, e cunha taxa de desemprego que é máis de 7 puntos superior á xeral da poboación galega. A respecto das accións presupostadas para a promoción da solidariedade e do impulso da participación cidadá en accións de voluntariado e participación, segue en caída libre outro ano máis, é segundo o proxecto de orzamentos para o ano 2017, nove veces menor que a do ano 2009.

A pesares de que a taxa de desemprego xuvenil rolda o 40 %, unha cifra que sería moito maior senón fóra porque hai moitas persoas mozas que aceptan condicións laborais propias doutro século e porque milleiros de mozos e mozas emigraron ante a falla de oportunidades en Galicia, o orzamento dedicado ás políticas á mocidade segue minguando, é no Proxecto de orzamentos do ano 2017 é un 28 % inferior ao do 2009.

 Grupo Parlamentario

A Funga mantén un ano máis a opacidade do orzamento. E imposible coñecer polos datos que se subministran ao Parlamento de Galicia a que dedica esta fundación os recursos dos que dispón, nin qué tipo de recursos son.

O orzamento do consorcio é coma sempre absolutamente opaco, ademais calcúlase un volume de ingresos cando menos “optimista” por non dicir irreal, xa que contempla ingresos por valor de máis de 8 millóns de euros que proveñen dos concellos.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo. Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Na Axencia Galega de Servizos Sociais non se contempla de xeito transparente e claro cal vai a ser o seu cometido neste ano 2017. Aparece como receptora de fondos provenientes da consellería pero sen que se especifique o destino dos mesmos, contribuindo á opacidade característica dos organismos que vai creando o Goberno galego ano a ano.

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 13:04:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, da Consellería de Política Social e de todos os seus organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns:**

O orzamento é o instrumento fundamental en mans do Goberno para facer política, para mudar as condicións de vida da cidadanía, os orzamentos desta sección non mostran unha auténtica política social que teña como obxectivo incidir na dramática situación na que están inmersos miles de galeg@s. Máis de 700.000 persoas en risco de pobreza e exclusión, 132.000 persoas en pobreza severa, a pobreza laboral converténdose en estrutural, case o 5% da poboación en situación de privación material severa...

Na actual situación de empobrecemento e desigualdade da sociedade galega a Consellaría de Política Social debería ser un verdadeiro piar para paliar as consecuencias que sofren as familias e as persoas. Sen embargo, os aumentos son simplemente cosméticos, xa que funcións como a 311A “Dirección e servizos xerais de promoción social” teñen un acumulado negativo do 80,94%.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non contempla actuación que garantan realmente un camiño de muda na tendencia demográfica de Galiza, nin unha verdadeira política de conciliación e igualdade real.

As partidas adicadas á dependencia aínda que aumentan, seguen a ser insuficientes para dar cobertura a todas as persoas que teñen recoñecido o dereito e non desfrutan da prestación.

A protección e promoción social aumenta, máis non por un xiro social do Goberno galego, senón porque froito da súa xestión cada día hai máis persoas en risco de exclusión social e por tanto con dereito a percibir a RISGA.

Baixan partidas para o fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas, medida especialmente grave tendo en conta a situación das pensións en Galiza.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 12.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:32:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **sección 13, Consellería de Medio Rural**, dos **Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

O orzamento que contempla o proxecto presentado ante esta Cámara para a Consellería de Medio Rural é inútil para corrixir a situación de envellecemento, empobrecemento e abandono do noso medio rural provocados por unhas políticas públicas que dificultan o acceso e a vida no rural galego.

Dende En Marea botamos en falta un proxecto que permita mellorar as condicións de vida e emprego do noso rural aproveitando o noso potencial produtivo mediante una modificación substancial do actual modelo agrario e forestal.

Ademais das modificacións que contempla a actual Lei de Acompañamento a Xunta insiste en continuar cun modelo de desenvolvemento e ordenación do territorio lesivos para os nosos intereses como país.

Sectores como a agricultura ecolóxica a horticultura ou a fruticultura continúan ocupando un lugar secundario nas políticas agrarias do goberno, cando poderían ser mecanismo de xeración de riqueza, valor engadido e asentamento de poboación no rural, pero para iso fai falla unha aposta polo asesoramento que evite os actuais índices de fracaso inicial nos proxectos, así como o impulso dos circuitos comerciais que garanta a comercialización da produción.



Unha vez máis o Goberno esquece un plan lácteo que viabilice as explotacións do país afogadas pola imposibilidade de cubrir os gastos de produción, reiterando políticas fracasadas neste sentido.

No sector forestal continuamos a superar o gasto en extinción de incendios fronte á prevención ao longo do ano dos nosos bosques, e continuamos coa política de monocultivo que afoga e pon data de caducidade a este sector no país.

Por último, non existen os compromisos orzamentarios necesarios para mellorar e apuntalar a capacitación do noso sector primario, nin avanzamos en políticas de investigación pública nestes campos, que permitan avanzar cara un novo modelo que xere riqueza e emprego de calidade.

Por todo isto **SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos da Consellería de Medio Rural** para o ano 2017.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 12:44:39

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao “Instituto Galego da Calidade Alimentaria” da Sección 13, doS Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

O Instituto é un instrumento básico que ten a Xunta de Galicia ao seu dispor para fomentar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico do sector alimentario.

Tamén é unha magnífica ferramenta para protexer e prover a calidade diferencial dos nosos produtos alimentarios acollidos aos distintos indicativos de Calidade. Sen embargo, as transferencias ao INGACAL previstas no proxecto e orzamentos amosan a intencionalidade de proceder ao desmantelamento do sistema público de investigación e innovación, cando o que se precisa é xustamente o contrario

Estas decisións son o paradigma das políticas de desmantelamento da investigación e a innovación no país, tamén no referido aos nosos produtos alimentarios.

Por todo isto solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para este Instituto.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016

Asdo.: Luís Villares Naveira



Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 16:45:25

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 13, Consellería do Medio Rural**, así como o **Fondo Galego de Garantía Agraria, e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

A Consellería do Medio Rural presenta uns orzamentos para o ano 2017 de 519.678.000 euros, cun incremento dun 2,9 %, que en ningún caso se pode considerar como orzamento expansivo e moito menos a base para lanzar o slogan de “lexislatura do rural”. Co dito orzamento só se poden facer políticas continuistas xa asentadas na consellaría, polo tanto, sen programas ou proxectos novos que poidan ilusionar ou facer concivir esperanzas de que o eido rural vai experimentar un profundo cambio.

As partidas asinadas ao sector lácteo carecen dunha estratexia propia e diferenciada para uns momentos de grave crise no sector. As cifras dedicadas á promoción do sector lácteo son insignificantes e o peche de explotacións segue evolucionando de xeito imparable. Segundo datos do Ministerio no presente ano levan pechado 476 e moi probablemente remate o ano con case 600 explotacións menos o que na práctica vén a desmentir a propaganda da consellaría en canto a novas incorporacións -boa parte delas simples cambios de titularidade- apertura de explotacións e expansión do sector.

O gran volume de orzamento destinado a prevención e extinción de incendios forestais segue incidindo no modelo xa sobradamente demostrado máis caro e menos eficaz que vén desenvolvendo a Xunta de Galicia. Un modelo que segue primando a extinción en detrimento da prevención e que segue apostado polas brigadas municipais como elemento fragmentador do sistema de extinción.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nun dos problemas estruturais como é a mobilidade de terras, paralizado na práctica por este Goberno nos últimos anos, non se percibe tampouco neste orzamento unha aposta clara e contundente. Se ata agora o problema era a lexislación, a entrada en vigor da nova Lei de mellora da estrutura agraria non trouxo consigo o apoio orzamentario previsto.

Non contemplan ningún tipo de avaliación, emenda ou corrección sobre erros cometidos en anos anteriores, nin ningunha adaptación a circunstancias excepcionais, non deixan de ser un trámite administrativo coa única diferenza da dispoñibilidade dos fondos europeos correspondente ao novo período 2014-2020 do PDR, que máis da metade deles quedan sen executar.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 13:06:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13, Consellería de Medio Rural, Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes desta, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns:

Todo parecía indicar, a tenor da campaña electoral do PP, que os orzamentos deste ano principiarían a anunciada LEXISLATURA DO RURAL. Nada máis lonxe dese anuncio. Estes orzamentos consolidan a inercia en declive e o desleixo que sofre o Medio Rural de parte da consellería desde hai anos.

Necesitado dunha atención especial e dunha aposta seria por unha revitalización ordenada e progresiva que free o abandono da actividade gandeira, promocióne a actividade agraria e invista o proceso de debalo demográfico fixando poboación, atopámonos cuns orzamentos que se ben non son regresivos medran un mísero 3%.

Se reparamos no que toca á dinamización económica do medio rural, a conclusión é máis severa aínda, apenas un 1,7% de incremento.

Desde o Bloque Nacionalista Galego estamos a falar dunha aposta baseada en tres eixos básicos que conformarían un plan de EMERXENCIA



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

urxente para conseguir un sector primario acorde cos tempos e coas necesidades deste noso País:

Un sector lácteo cunha consellería con capacidade de interlocución, con accións orzamentarias e políticas destinadas a facer da mobilidade de terras un dos piares básicos que faga subir as ganancias por litro de leite ós gandeiros e diminúa a dependencia de forraxes e pensos vindos do exterior. Unha aposta pola transformación industrial do leite líquido aquí, potenciando e promocionando, animando... Nunha palabra, un posible Grupo Lácteo de Transformación.

Promoción da agricultura nas súas modalidades apostando seriamente pola calidade e pola promoción de razas autóctonas, poñendo en valor e aproveitamento o xermoplasma que atesouramos e que pode darnos pulo internacional pola súa orixinalidade e calidade.

De que nos serve que aumente o orzamento no programa destinado á fixación de poboación no medio rural, que destinemos cantidades importantes á mellora da calidade agroalimentaria ou a mellorar a competitividade, se non potenciamos antes ou a un tempo a actividade agrogandeira e forestal? É pura literatura.

No que atinxe a actuacións desta Consellaría que teñen por obxecto a mellora a formación, a investigación, innovación e transferencia de coñecemento ao sector produtor e polo tanto contribuír a darlle maior valor ás producións, descende poñendo ao borde da extinción importantes programas de formación e investigación. Como consecuencia disto redúcense un ano máis os orzamentos cos que vai contar o INGACAL (Instituto Galego de Calidade Alimentaria) e comprométense gravemente tanto a formación como a transferencia de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coñecemento. Se o ano pasado descendera nun 9,5%, este ano faino novamente, desta vez nun 7,8%

Neste proxecto de lei certifícase o mantemento dunha política de loita contra os incendios forestais baseada exclusivamente na extinción, paralizando o seu proceso de modernización emprendido nos últimos anos, consolidando a volta ás brigadas municipais e arrombando a política de prevención, ao restarlle fondos a liñas de acción que pretendían por o acento en evitar o risco de incendio. Mantéñense os recortes na profesionalización e na dotación dos medios adecuados ao dispositivo de loita contra incendios.

En definitiva no que se refire ás políticas de reactivación económica do medio rural, dos sectores produtivos agrarios, de mellora das condicións de vida de produtores e produtoras estes orzamentos supoñen un gran retroceso que só van contribuír a consolidar as actuais eivas e problemas estruturais.

Por todo isto solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 13.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/12/2016 12:59

Nº Rexistro: 2489

Data envío: 23/12/2016 12:59:28.167

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:32:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da sección 14, Consellería do Mar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

Estes orzamentos non abordan de forma contundente ningún dos graves problemas que ten a flota galega ou o noso marisqueo, unha vez máis desaparece a iniciativa da Xunta sobre cuestións fundamentais para o noso sector marítimo-pesqueiro, en primeiro lugar a Xunta debe decidir o seu modelo, e parece que continúa na idea de definir un modelo que foi multitudinariamente rexeitado na protesta contra a súa lei de Acuicultura, pero o Goberno teima en fortalecer este sector da acuicultura intensiva e lesiva co noso medio e modelo de produción marítimo. Faltan as partidas necesarias para a mellora e modernización da nosa flota, o investimento en seguridade pública no mar, con cifras alarmantes e a cabeza de tódolos sectores en sinistralidade e morte. Falta o compromiso coa investigación mariña no estudo, prevención e traballo sobre as toxinas ou as mareas vermellas que son hoxe un problema de primeira magnitude para sectores como o marisqueo ou a miticultura.

Non entendemos que non exista xa, unha estratexia definida de defensa do produto propio contra o exterior, sendo ademais necesario atender o que se deduce da sentenza que no seu día obrigaba a mellor etiquetaxe do mexillón galego, controversia que aínda hoxe a Xunta parece non entender, ou en todo caso defende o sector industrial fronte o extractivo, afondando unha vez mais na errónea política de compartimentar o noso sector mariñeiro fronte a necesidade de políticas que fomenta a cooperación e a autorganización do mesmo.



Afondar polo tanto no autogoberno das nosas augas interiores, na defensa do sector da pesca de baixura e as artes tradicionais, o marisqueo a coxestión dos recursos, a prevención e sobre todo a mellora da calidade do medio, son os retos que nin afronta nin asume o executivo.

Por último antes os últimos episodios de peches cremos necesario establecer liñas que non existen na actualidade que permitan a pervivencia nos meses de peches, vedas, paros biolóxicos, ou producidos polo mal tempo.

Por todo isto **SOLICITAMOS a devolución dos orzamentos da Consellería do Mar** para o ano 2017.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 13:00:53

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, do ente público **Portos de Galicia**, dos **Orzamento Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

Dende En Marea ansiamos a creación dunha estratexia conxunta e coordinada de tódolos portos do país, incluíndo os de interese xeral, de xeito que evitemos o actual modelo de competencia cara un modelo de cooperación e resposta global os retos da nosa rede portuaria.

Unha vez máis observamos como nos orzamentos do ente público están a obviarse as necesarias inversións na calidade do servizo e seguridade prestada aos profesionais da pesca tradicional ou artes menores, por non falar das redeiras, fronte a inversión continua en actividades deportivas, que están a superar o nivel de interese da Xunta fronte á necesaria política para recuperar a dignidade da nosa pesca tradicional. Estes orzamentos nos serven para superar os actuais perigos de diversos portos como o de Laxe, ou a necesaria creación de infraestruturas eternamente prometidas como no porto de Cabo de Cruz.

Por todo o exposto solicitamos a devolución do orzamento deste ente para acadar un orzamento consensuado coa xente do mar, que minore as carencias que neste sentido ten o ente público.



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 18:45:03

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo A1, Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), Sección 14 da Consellería do Mar, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, atendendo ás seguintes razóns:

Este instituto ten encomendado unha tarefa básica para o sector do mar do país, a protección e control da calidade do medio, mediante un seguimento e investigación da calidade ambiental das nosas augas.

De todos é coñecido a situación actual con numerosos peches por toxina, a afectación de parasitos os nosos bancos marisqueiros, a necesaria labor de protección e saneamento das nosas rías, por iso un centro como este ten que ter un importante impulso para mellorar a súa investigación así como os recursos que permitan ter un equipo suficiente para atender as demandas do sector, feito este último que non esta garantido co actual orzamento.

Dende En Marea apostamos polo compromiso na investigación e o desenvolvemento no medio mariño, que permita superar as actuais dificultades nestes ámbitos polo que en atención a estas consideracións rexeitamos os orzamentos do INTECMAR.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 20:56:26

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**, relativa á **Sección 14, Consellería do Mar e Portos de Galicia** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Os investimentos da Consellería do Mar descenden un 5,84 % con respecto ao ano anterior, unha variable que nos indica que esta sección perde capacidade de actuación, carece de ambición e é continuista; o que pon de manifesto a falta de vontade política do Goberno galego de cara a afrontar os novos retos aos que se enfronta o sector pesqueiro, tanto para adaptarse ás esixencias do contexto internacional como para converter un dos sectores máis importantes da economía galega en estable e competitivo que xere emprego, mellore a situación e as condicións das xentes do mar. Bótase en falta unha maior implicación política por parte da Xunta de cara a defender os intereses dun sector con tanto peso económico en España, en Galicia e en Europa.

Son uns orzamentos que se nutren basicamente de fondos procedentes da Unión Europea, que curiosamente quedan sen executar unha boa parte deles, poñendo de manifesto a incapacidade de xestión dos nosos dirixentes.

Son un orzamentos contraditorios, establécense obxectivos que non están apoiados por dotacións orzamentarias, imposibilitando a súa consecución. Claros exemplos destas contradicións son, entre outras cuestións:

- En formación, en canto que a oferta resulta insuficiente para facer fronte á gran demanda que existe; así é que temos o dobre de persoas na listaxe de espera que número de prazas ofertadas. Establecese un obxectivo pero resulta insuficiente para chegar a todo

Grupo Parlamentario

o sector, por falta de recursos para acadalo.

- En innovación, só se destina un 3 % do orzamento. Ocupa o oitavo lugar por orden de importancia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non dan resposta aos problemas actuais do sector marisqueiro, tales como: a necesidade de rexeneración das rías, a dramática situación propiciada pola caída de capturas nos bancos de libre marisqueo. Nin dragados nin sementeiras, nin actuacións contra os depredadores, nin novos estudos que tiren algunha consecuencia sobre as causas de mortalidade dos bivalvos e como actuar contra deles.

Por último, os criterios de investimento en Portos, non obedecen a necesidades reais, nin a criterios obxectivos. Senón que obedecen a afinidades políticas. Exemplo disto son os desproporcionados investimentos no conxunto dos anos 2010-2016, do orzamento dedicado por Portos de Galicia ao porto de Vilanova (5.000 habitantes) que pasa dos 4 millóns de euros. Mentres que no mesmo prazo, Vilagarcía (40.000 habitantes 8 veces máis), que ten dous portos dependentes de Portos de Galicia Vilaxoán, e Carril, recibiu menos de 350.000 euros.

Outros exemplos son a ausencia de medidas para o os portos de Viveiro, O Grove e Pontevedra.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 15:43:02



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, da Consellería do Mar. Axencias, Entidades e Fundacións Públicas dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, polas seguintes razóns

Estes orzamentos teñen como obxectivo responder á ideoloxía neoliberal, de primar os intereses do gran capital, dunha elite económica, en detrimento das xentes do mar. Non só non serven para solucionar os graves problemas que ten o sector, senón que van supor empeorar aínda máis a precaria situación do sector pesqueiro. Carecen dun plan de coexistión responsable para as distintas pesquerías. Non hai un plan galego para producir semente propia, apoia-se un modelo asociativo obsoleto e continúa na dirección da atomización do sector. Non contempla medidas para solventar a caída das rendas das persoas que viven do mar, nin para o relevo xeracional. A situación de indefensión que acaba provocando acoso, cansazo e a conseguinte expulsión da actividade e o despezamento tampouco se enfronta nestes orzamentos.

Está a ser a UE a que marca e define a política pesqueira, dende unha perspectiva pseudo-ambientalista e burocrática moi alonxada da nosa realidade, sen ir ao cerne dos problemas e precarizando a actividade laboral, mantendo a política de asfixia do sector produtor facilitando o abandono ou o despezamento, impondo a libre circulación de capitais para que estes poidan aproveitarse do



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

negocio da acuicultura e da súa rendibilidade para poder instalarse no noso país, dándolle as costas ao modelo tradicional de recursos naturais públicos repartidos entre a colectividade, con capacidade de xerar medios de vida e emprego.

Non se adoptan medidas para a recuperación de zonas improdutivas, aumento da produción dos bancos, proxectos de coxestión, etc. Obxectivos imprescindíbeis para enfrontar o drama dos baixos ingresos das mariscadoras e do problemas como a mortalidade do berberecho, as escasas capturas ou un modelo de comercialización obsoleto.

Nestes orzamentos apóstase claramente polo novo modelo acuícola intensivo, con partidas que suman máis de 30 millóns de euros para liberalizar as condicións de acceso aos nosos recursos e permitir a introdución de novos capitais no sector da acuicultura. Un modelo elaborado dende Bruxelas, que non foi dialogado co sector, que ten mostrado un altísimo rexeitamento ao mesmo, e que cambia por completo o modelo tradicional.

Continúa co modelo de reparto de fondos para o sector da transformación sen vinculación co produto autóctono nin con marcas vinculadas a Galiza, a pesares das últimas sentenzas que deixa claro que produtos transformados como o mexillón unicamente se poden comercializar coa denominación “Rías Gallegas”, “envasado en Galicia”, “fabricado en Galicia” baixo a protección da DOP.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección

14.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:32:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, sen efectos devolutivos, que afecta á contía global dos estados de ingresos e gastos.**

PRIMEIRA.- Galicia foi unha das primeiras Comunidades en incorporar un **teito de gasto ou límite de gasto non financeiro** como instrumento de disciplina orzamentaria que persegue evitar que os ingresos extraordinarios se incorporen á estrutura administrativa a través do gasto corrente. A través da **Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostenibilidade financeira**, regulouse o mesmo no seu artigo 12. *Límite de gasto non financeiro*, sendo proposto polo Consello da Xunta, unha vez aprobado o obxectivo de estabilidade polo Goberno central, e remitíndose ao Parlamento para a súa aprobación, acompañándose dun informe de estratexia financeiro-fiscal.

Segundo a propia exposición de motivos da Lei, a razón de ser deste mecanismo ex ante á elaboración dos orzamentos consiste en establecela referencia para a determinación ex post dos ingresos extraordinarios que integran o superávit que haberá de destinarse necesariamente á redución da débeda –do endebedamento neto– .

Posteriormente, a obrigatoriedade da fixación deste teito de gasto foi incluída con carácter de lexislación básica para o conxunto das Administracións públicas, no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Porén o anterior, cabe sinalar que este límite de gasto non se aplicará aos gastos financiados con anticipos ou novos fondos do sistema de financiamento, fondos finalistas procedentes doutras Administracións públicas, fondos procedentes do Estado que financien novas transferencias de competencias, nin aos que se poidan financiar con novas figuras tributarias ou deriven de acordos específicos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira.

SEGUNDA.- A regulamentación do teito de gasto da Lei galega que permite a non aplicación do mesmo –isto é o seu rebasamento– para os gastos financiados con novas figuras tributarias, é coherente coa aplicación da regra de gasto establecida no artigo 12 da Lei Orgánica de estabilidade estatal que no seu punto 4. sinala que <<Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.>>

Deste xeito, ábrese a porta a que ao establecemento de novas figuras tributarias dentro do espazo fiscal propio das CCAA ou o incremento permanente da presión fiscal vía a modificación sobre as existentes, **que permita a recuperación e aseguramento dun nivel ingresos suficiente para a reversión dos recortes de gasto.**

TERCEIRA.- Porén o anterior, o Goberno da Xunta coa fixación dun teito de gasto para os Orzamentos de 2017 de 9.043 millóns de euros, aproveita para propor unha rebaixa impositiva, en lugar de apuntalar o sistema de recursos tributarios.



Polo anteriormente exposto, o **Grupo Parlamentar de En Marea**, **PROPÓN** a seguinte **emenda de totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, que afecta á contía global dos estados de ingresos e gastos, e que transfire créditos entre seccións** nos seguintes termos:

O **incremento do teito de gasto non financeiro** dos Orzamentos Xerais de Galicia 2017, fixado polo Parlamento, en **500 millóns de euros**, amparado na utilización das marxes legais que confiren tanto a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostenibilidade financeira, coma a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, en relación ao seu financiamento a través do incremento de ingresos non financeiros de carácter permanente.

Unha proposta de incremento de teito de gasto que se articula en dous eixes:

1.- En primeiro lugar, o incremento dos recursos procedentes do Estado actuando sobre os **ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico e os instrumentos para o reequilibrio territorial**, e que se concreta en:

1.1- A realización dunha **estimación rigorosa dos ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico** que teña en conta as previsións de crecemento económico e, polo tanto, das bases impositivas das diferentes figuras tributarias, corrixindo as **desviacións entre as previsións e a recadación final efectiva** dos últimos anos que se materializa en liquidacións positivas sobre os ingresos a conta moi significativas.

1.2- O **incremento dos recursos derivados da necesaria revisión e modificación do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI)** como instrumento do reequilibrio territorial que ten que volver, cando menos, ao seu nivel en termos reais.

A posta en práctica destas medidas propostas daría lugar aos seguintes incrementos nas previsións iniciais de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o 2017 de acordo co seguinte desglose por partidas orzamentarias de ingresos.

MEDIDA	CONCEPTO	CONTÍA	DENOMINACIÓN
1.1	400	250.000.000€	Participación no modelo de financiamento.
1.2	700	50.000.000€	Fondo de Compensación Interterritorial
	TOTAL	300.000.000€	

2.- A adopción dun **paquete de medidas fiscais** en exercicio das competencias financeiras e da capacidade fiscal de Galicia, que permitan o achegamento as arcas da Facenda galega dun **volume adicional de recursos de 200 millóns de euros**, que suporían unha importante mellora na capacidade de recuperación dos gastos non financeiros, significativamente nos eidos de sanidade, educación, servizos sociais e emprego

O **paquete de medidas fiscais** que se propón para a súa incorporación aos Orzamentos xerais de Galicia 2017, intégrase polos seguintes elementos:

2.1. Incremento dos tipos impositivos nos tramos mais altos da tarifa autonómica do **I.R.P.F.**

2.2. Mantemento do **Imposto de Patrimonio** con carácter permanente, con elevación da actual escala de gravame dos tipos impositivos do imposto.

2.3. Incremento do tipo de gravame do **Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada**.

2.4. Implantación dun **Imposto autonómico sobre as Grandes superficies comerciais**.

2.5. Implantación dun **Imposto autonómico sobre as bebidas de alto contido en azucres**.

2.6. Implantación dun **Imposto autonómico sobre os pisos baleiros aos grandes propietarios**

2.7. Minoración selectiva e ponderada sen afectación do principio de equidade e redistribución do **actual nivel de beneficios fiscais** previstos nos Orzamentos para 2017.

2.8. Reforzamento do **Plan de Inspección e de Loita contra a Fraude fiscal**, coa dotación de maiores medios que permitan a fixación de obxectivos de recadación mais ambiciosos.

2.9. En relación coa participación no **Imposto sobre os depósitos nas Entidades de Crédito**, considerase que a estimación de recadación debería incrementarse polo menos nun volume de recursos adicionais de 10 millóns de euros.

A adopción das anteriores medidas do **paquete fiscal proposto**, darían lugar aos seguintes **incrementos nas previsións iniciais do estado de ingresos dos Orzamentos Xerais de Galicia para o 2017**, de acordo co seguinte desglose por partidas orzamentarias de ingresos:

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS NON FINANCEIROS ORZAMENTOS 2016			
MEDIDA	CONCEPTO	CONTÍA	Denominación
2.1	100	20.000.000,00 €	IRPF. Tarifa autonómica, tramos superiores
2.2	111	20.000.000,00 €	Imposto Patrimonio.
2.3	292	52.000.000,00 €	Imposto sobre dano ambiental da auga ancorada. (*)
2.4	293	4.000.000,00 €	Novo Imposto sobre Grandes superficies comerciais.
2.5	294	500.000,00 €	.
2.6	295	1.500.000,00 €	Novo Imposto sobre pisos baleiros grandes propietarios .
2.7	100	5.000.000,00 €	Incrementos por Minoración selectiva Beneficios Fiscais
	110	73.000.000,00 €	
	200	1.000.000,00 €	
	201	1.000.000,00 €	
2.8	110	4.000.000,00 €	Incrementos derivados do reforzamento do Plan de Inspección e Loita contra o fraude fiscal.
	111	2.000.000,00 €	
	200	3.000.000,00 €	
	201	3.000.000,00 €	
2.9	112	10.000.000,00 €	Imposto sobre depósitos nas Entidades de Crédito
	TOTAL	200.000.000,00 €	

3.- A aplicación do paquete de medidas fiscais proposto, a través da xeración de recursos adicionais de carácter non financeiro e permanente, por un volume estimado de **500 millóns de euros**, permiten o **incremento do teito de gasto non financeiro na mesma contía**, i en consecuencia propor os incrementos nas seguintes partidas e seccións do Orzamento de gastos para 2017, recollidos na táboa de incremento de Gasto (inversión social) :

4.- Xunto co anterior, propóñense as seguintes variacións á alza de partidas de gasto (**ALTAS**) incluídas nas distintas seccións dos Orzamentos, financiadas con minoracións (**BAIXAS**) por un importe global de **195.972.372€euros**, que supoñen unha **reasignación das prioridades do gasto público** sen alteración do montante global dos Orzamentos:

<i>Minoracións, Baixas das seguintes Partidas de gasto contidas no anteproxecto de Orzamentos 2017</i>				
<i>#Sección, servizo, Programa, Capitulo, Concepto->Importe#</i>				
8	1	511A	601	9.000€
8	1	511A	699	22.945€
8	1	512A	400	330.931€
8	2	512A	2000	33.878€
8	2	512A	6400	1.634.431€
8	1	512B	4700	7.432.000€
8	A1	512B	6001	17.000.000€

8	A1	512B	6004	22.000.000€
4	A1	571A	700(706-799)	255.323€
4	A1	571A	400	5.000.000€
4	A1	571A	7700	3.350.391€
4	A	571A	810	1.219.285€
4	A2	761A	210	1.000.000€
4	A2	761A	2000	229.418€
4	A2	761A	4411	1.500.000€
4	A2	761A	6160	8.258.793€
4	A2	761A	640	9.985.002€
4	40	441A	226	910.150€
6	A1	611A	2000	53.300€
6	A1	611A	6400	6.111.850€
6	A2	621A	6401	250.000€
10	20	432B	4315	5.430.012€
10	20	432B	4321	257.294€
10	20	432B	74315	3.262.937€
10	20	422A	132	15.516.861€
10	20	422M	132	10.663.412€
12	03	312A	4801	57.479.897€
9	41	322A	22706	6.000.000€

9	30	751A	7811	3.100.000€
7	3	541D	6401	7.675.262€
TOTAL				195.972.372€

6.- Como Resultante dos puntos 4 e 5, xeración de recursos adicionais de carácter non financeiro e permanente e incremento de partidas financiadas coas minoracións recollidas na táboa anterior, propoñemos as seguintes partidas de incremento do que damos en chamar inversión social :

Variacións por incremento das seguintes partidas de Gasto (inversión Social)					
#Servizo, sección, Programa, Capítulo, Concepto->Importe#					
Cooperación Exterior(2.487.256€)					
05	26	331A	1	Persoal	263.014€
05	26	331A	4810	Institucións sen fin de lucro, para axudas en materia de cooperación ao Desenvolvemento	536.267€
05	26	331A	4900	Cooperación no Exterior	1.352.565€
05	26	331s	4812	Fondo Galego cooperación e solidariedade	20.000€
05	26	331A	7900	Axudas cooperación no Exterior	315.410€
Loita contra a Pobreza e Exclusión Social (168.391.897€)					
12	03	312A	4806	Renda Social Galega	129.391.897€

12	03	312A	4803	Plan Social contra a Desigualdade económica	2.500.000€
12	03	312A	4805	Fondo Pensións Non Contributivas	2.000.000€
12	01	311A	6501	Construción e mellora (mellora enerxética, confort) infraestruturas Sociais: Centros de día, Residencias de Maiores., Centros atención a Diversidade Provincia de Lugo 2.000.000 Provincia de Ourense 2.000.000 Provincia de Pontevedra 2.500.000 Provincia da Coruña 2.500.000	9.000.000€
12	01	311A	4802	Construción unidades de atención a infancia 0 a 3 anos.	9.000.000€
12	03	312A	4806	Melloras illamento vivenda, plan control pobreza enerxética	6.500.000€
12	01	312A	4808	Plan erradicación Pobreza enerxética	10.000.000€
Plan Mellora Da Sanidade Pública(104.800.000€)					
11	80	412B	122	Reposición Cadros de Persoal.	6.000.000€
11	80	412B	628	Plan Galego Saúde Mental	3.000.000€
11	80	412B	629	Plan Saúde Muller e Afectivo Sexual	2.000.000€

02	10	413A	4600	Prog. Drogodependencias convenio FEGAMP	1.000.000€
11	80	413A	481	Prevención VIH e prevención tto. Drogodependencias, colectivos	200.000€
11	80	412A	6201	Reversión Público Novo Hospital de Vigo	25.000.000€
11	80	412A	6210	Centro Alta Resolución C. Moaña	2.000.000€
11	80	412A	6210	Centro Alta Resolución C. Lalín	2.000.000€
11	80	412A	6210	Centro Alta Resolución C. Vigo	2.000.000€
11	80	412A	6211	Ampliación H. Salnés	1.000.000€
11	80	412A	6211	Plan Director Hospital da Costa (Burela)	400.000€
11	80	412A	6211	Ampliación H. Montecelo C. Pontevedra	10.000.000€
11	80	412A	6211	Reforma Hospital do Barbanza	1.200.000€
11	80	412A	6211	Reformas CHUS traslado Servizos H. Gil Casares e aparcadoiro	3.500.000€
11	80	412A	6211	Melloras Hospital de CEE	1.000.000€
11	80	412A	6211	Plan Director Arquitecto Marcide Ferrol	5.000.000€
11	80	412A	6211	Melloras Hospital Naval Ferrol	2.000.000€
11	80	412A	6211	Melloras Hospital de Verín	1.000.000€

11	80	412A	6211	Melloras Hospital Monforte	1.000.000€
11	80	412A	6211	Plan Director CHUAC	2.000.000€
11	80	412B	6210	Centro Saíde Conxo (Santiago de Compostela)	2.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde O Vinteún (Ourense)	2.500.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Narón	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Mariñamansa	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Teo	1.500.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Cedeira	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Somozas	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde A Capela	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Ribadavia	3.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde de Aldán- O Hío	1.500.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde de a Illa de Arousa	1.500.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde de Salceda de Caselas	2.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Pereiro de Aguiar	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde Caldas de Reis	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde O Saviñao	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saíde O Porriño	1.000.000€

11	80	412B	6210	Centro de Saúde Ares	1.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saúde Pontedeva	1.000.000€
11	80	412B	6210	Novo C.S. Vilagarcía de Arousa	1.500.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saúde Milladoiro (Ames)	3.000.000€
11	80	412B	6210	Centro de Saúde Melide	1.000.000€
11	80	412B	6311	Reforma Centro de Saúde Mugardos	1.000.000€
11	80	412B	6311	Melloras e reparacións centros de Saúde	2.000.000€
Plan de Emerxencia para a creación de emprego e superación da Precariedade (65.610.000€)					
9	40	322C	47301	Programa Emprego por conta allea, parados longa duración e maiores de 45	20.000.000€
9	40	322C	47302	Programa emprego Muller	20.000.000€
9	40	322C	47231	Fomento e mellora Emprego Xente Moza	10.000.000€
9	40	322B	4604	Plan loita contra a precariedade Laboral	15.610.000€
Recuperación e dinamización do Medio Rural (44.144.000)					
13	02	551B	6012	Plan Creación dun servizo único de carácter publico de prevención de incendios forestais	9.000.000€

13	03	712B	7400	Modificación do Modelo Agrario, recuperación terras improdutivas, redución do terreo forestal en beneficio do agrícola, eliminación SOFOR, recuperación UXFOR	9.524.000€
13	03	712B	7730	Plan de Choque mellora e recuperación Sector Lácteo	20.620.000€
13	03	712B	6409	Plan de Asesoramento e apoio á incorporación agroforestal	5.000.000€
Plan de Emerxencia salvamento do sector Mariñeiro e Marisqueiro (30.400.000)					
14	03	723A	78002	Axudas Pago Cotizacións marisque Situación de peche	2.000.000€
14	01	541C	65001	Rescate e posta en Marcha Servizo Público de Vixiancia e Salvamento	8.000.000€
14	01	541C	73220	Transferencia a Programas mellora Resposta Mareas Roxas e Toxina	1.000.000€
14	03	723A	7800	Vixiancias Bancos Marisqueiros, Axudas control Furtivismo	2.000.000€
14	02	723A	7801	Inversión Produtivas na Acuicultura, sostible e extensiva	7.000.000€
14	02	723A	7802	Plan de Acceso a Pesca Mozas e Mozos	1.500.000€
14	02	723A	6406	Plan de Visibilización da muller no Sector	1.500.000€

14	03	723A	7801	Plan Recuperación Bancos Marisqueiros	5.200.000€
14	03	514A	6405	Mellora instalacións Portos Pesqueiros, infraestruturas destinadas as Redeiras	2.200.000€
Plan de recuperación medioambiental e revisión do modelo de Xestión de Residuos (41.000.000€)					
07	05	541B	7601	Axudas aos Concellos Afectados por Encoros	3.000.000€
07	03	541D	6402	Plans Comarcais de Xestión e valorización de Residuos	8.000.000€
07	04	512A	6408	Plan Fomento enerxía Renovables nos entornos de Espazos Protexidos	3.000.000€
07	03	541D	6012	Saneamento Rías Galegas	12.000.000€
07	04	541B	7600	Axudas Natura 2000 e Espazos Naturais	4.000.000€
07	01	542A	7402	Plan Melloras nas infraestruturas e a Xestión das Augas Residuais	5.000.000€
07	04	541B	6014	Plan de Infraestruturas Verdes	3.000.000€
07	03	541E	6402	Estratexia de Educación e concienciación Ambiental	3.000.000€
Plan Galego de Garantía no acceso a Vivenda(24.500.000€)					
08	80	451A	7800	Axudas medidas de rehabilitación e reconstrución de vivendas no Rural	1.000.000€

08	80	451A	7802	Axudas para a rehabilitación de vivendas en conxuntos Históricos	1.000.000€
08	80	451B	4801	Programa ALUGA axudas afectados por execucións Hipotecarias	1.000.000€
08	80	451B	4803	Bono Alugueiro	1.000.000€
08	80	451B	4803	Axuda ao Aluguer	3.000.000€
08	80	451B	4805	Plan prevención e Loita contra os desafiuzamentos	2.500.000€
08	80	451B	6702	Programa de Creación de Parque de vivenda Pública en aluguer	15.000.000€
Melloras Mobilidade e Transporte Público (15.109.000)					
08	02	512A	6401	Creación Compañía Galega de Transporte Público	6.000.000€
08	02	512A	6104	Dotación sendas peonís e Carrís bicinas estradas de titularidade Autonómica	2.000.000€
08	A1	512B	6001	AG-590(A Ramallosa. A estrada) Treito I	1.109.000€
08	A1	512A	6412	Estudo para a implantación dun Tren de Cercanías en Galicia	1.000.000€
08	A1	512B	6001	Variante de Aradas	2.000.000€
08	02	512A	6133	Actuacións de mellora paradas e Estacións de Autobuses	1.000.000€

08	A1	512B	6001	Circunvalación Cangas	2.000.000€
Plan de Choque contra a Violencia Machista (20.500.000€)					
05	11	313B	4600	Acción de Protección da igualdade e prevención da Violencia machista a desenvolver polas entidades locais	6.000.000€
05	11	313B	4700	Promoción do Autoemprego das Mulleres	5.000.000€
05	11	313B	4812	Recursos Integrais para as mulleres en situación de especial Vulnerabilidade	4.500.000€
05	11	313B	4802	Plan de emerxencia para poñer fin aos Feminicidios	5.000.000€
Recuperación Dereitos Perdidos polos Empregados Públicos					
04	10	111A	140	FONDO RECUPERACIÓN RETRIBUTIVA	40.897.219€
Plan Mellora e Recuperación Ensino Público(66.256.000€)					
10	10	422A	6321	Mellora centros educativos Infantil e Primaria	15.000.000€
10	10	122A	6221	Construción Novos Centros Infantil e Primaria	10.000.000€
10	10	422A	6221	CEIP O Revel	4.000.000€
10	10	422A	6221	CEIP Luis Pimentel	4.000.000€
10	10	422A	6221	Mellora Colexio Carril, solución espazo Comedor	350.000€

10	10	422A	6221	Plan de Mantemento Escolas Rurais	2.500.000€
10	10	422M	6321	Mellora Centros Educativos secundaria e F.P.	10.000.000€
10	10	422D	6321	Reparacións, Ampliación e Melloras Educación centros diversidade Funcional	250.000€
10	10	422E	6321	Reparacións, ampliacións e melloras Ensinanzas Artísticas	250.000€
10	10	422G	6321	Reparacións, ampliación e melloras centros Diversidade Funcional	250.000€
10	10	423A	22107	Comedores Escolares	5.000.000€
10	10	423A	221072	Plan contra as Carencias Alimentarias	1.000.000€
10	10	423A	221071	Programa Apertura Comedores no Verán	1.000.000€
10	10	422C	48000	Plan Acceso Universal Universitarios	2.000.000€
10	10	422C	4448	Plan Mellora da Calidade no Ensino Universitario	5.000.000 €
10	10	423B	6404	Plan Mellora Ensino Escolar	300.000€
10	10	423B	6403	Plan Contra Abandono Escolar	100.000€
10	10	421I	6401	Plan Formación Profesorado	1.000.000€
10	10	423A	7800	Programa Gratuidade de Libros	3.000.000€

10	10	423B	6405	Programa de Atención a Diversidade	1.256.000
Normalización Lingüística (6.776.000€)					
10	30	151A	4700	Programa de Promoción do Galego	300.000€
10	30	151A	4701	Subvencións empresas Editoras para proxectos en lingua Galega	500.000€
10	30	151A	4800	Bolsas especialización en lingua Galega	1.000.000€
10	30	151A	48001	Bolsas investigación persoal do Centro Ramón Piñeiro.	250.000€
10	30	151A	6281	Publicacións	500.000€
10	30	151A	6400	Campañas Normalización lingüística	3.000.000€
10	30	151A	7405	Convenios medios de comunicación en Galego	1.226.000€
Estratexia Galega de Turismo Sostible. (5.100.000€)					
04	A2	761A	444	Axudas Universidade Publicas en Materia de Turismo	350.000€
04	A2	761A	6400	Promoción e difusión do Turismo	3.895.000€
04	A2	761A	7440	Convenios coas Universidades en Materia de Turismo	855.000€
Impulso Comercio de Proximidade e Produtos Locais ((4.150.000€)					

9	30	715A	4801	Diagnose Comercial e Asesoramento Especializado ao Comercio de Proximidade	270.000€
9	30	751A	7702	Renovación comercio retalista proximidade axuda incorporación	2.000.000€
9	30	751A	7707	Comercio Dixital para PEMES e comercialización Produtos Galegos	1.000.000€
9	30	751A	7812	Asociacionismo Comercio Local proximidade e Servizos para PEMES	880.000€
Investigación, Desenvolvemento e Innovación (12.733.000€)					
09	A3	561A	4700	Fomento da Contratación	733.000€
09	A3	561A	4800	Axudas Predoutorais e Fomento contratación I+D+I	1.000.000€
09	A3	561A	7440	Transferencias Correstes a Universidades	5.000.000€
09	A3	561A	7700	Actuacións I+D+I	6.000.000€
Novo Modelo Produtivo, Industria i Enerxía (24.643.000€)					
09	A1	741A	7704	Apoios Proxecto Emprendedores	2.000.000€
09	10	731A	49000	Plan Impulso Sector Naval	4.643.000€
09	10	731A	49010	Dique Flotante	7.000.000€
09	20	733A	7901	Plan Nacional de Enerxía Renovables	3.500.000€

09	40	324C	4802	Fomento Economía Social, plan Segunda Oportunidade	3.500.000
09	40	324C	4803	Plan cooperativismo recuperación industrias pechadas ou improdutivas	4.000.000€
Plan Director De Cultura (18.475.000€)					
10	20	432A	6282	Plan Edición En Galego	1.000.000€
10	20	432A	7602	Adquisicións novidades Editoriais en Galego	1.000.000€
10	20	432A	6402	Promoción da lectura do Libro	1.500.000€
10	20	432A	6281	Lotes Fundacionais e adquisición Fondos Bibliográficos	1.500.000€
10	20	432A	6257	Plan pola Viabilidade dos Museos Galegos	300.000€
10	20	432B	7600	Plan Fomento Actividades Culturais dos Concellos	3.000.000€
10	20	432B	4811	Actividades Culturais de Asociacións e Federacións Culturais	1.000.000€
10	20	432B	6281	Difusión E Publicacións Culturais	150.000€
10	20	432B	6283	Adquisicións Obras Arte Centro Galego Arte Contemporánea	500.000€
10	20	432B	6403	Plan Promoción Cultural no Exterior	1.000.000€
10	20	432B	6401	Exposicións e Artes Plásticas	400.000€

10	20	432B	6402	Funcionamento Centro Galego Arte contemporánea	1.000.000€
10	20	432B	7030	Transferencias Consorcio Cidade De Santiago	1.000.000€
10	20	432B	7811	Axudas a Institucións sen Fins de Lucro en Materia Cultural	1.000.000€
10	20	432B	7813	Fundación MARCO	400.000€
10	20	432B	7812	Plan por unha Cultura en Igualdade	2.000.000€
10	20	432B	7814	Programa Novos Creadores	1.725.000€

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 23/12/2016 11:43:29

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, comunica a seguinte **corrección de erros no doc. con número de rexistro 2535** (emenda á totalidade ao Proxecto de lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, sen efectos devolutivos, que afecta á contía global dos estados de ingresos e gastos).

Emenda nº 1.- Débese substituír a táboa do punto 4. “**Minoracións, baixas das seguintes partidas de gasto contidas no anteproxecto de Orzamentos 2017**”, pola seguinte:

<i>Minoracións, Baixas das seguintes Partidas de gasto contidas no anteproxecto de Orzamentos 2017</i>				
<i>#Sección,servizo,Programa,Capítulo, Concepto->Importe#</i>				
8	1	511A	22601	9.000€
8	1	511A	22699	22.945€
8	1	512A	6400	330.931€
8	2	512A	2000	33.878€
8	2	512A	6400	1.634.431€
8	1	512B	4700	7.432.000€

8	A1	512B	6001	17.000.000€
8	A1	512B	6004	22.000.000€
4	A1	571A	700(706-799)	255.323€
4	A1	571A	6400	5.000.000€
4	A1	571A	7700	3.350.391€
4	A	571A	7810	1.219.285€
4	A2	761A	2.1.0	1.000.000€
4	A2	761A	2000	229.418€
4	A2	761A	4411	1.500.000€
4	A2	761A	6160	8.258.793€
4	A2	761A	6.4.0	9.985.002€
4	40	441A	226(do 02 ó 99)	910.150€
6	A1	611A	2000	53.300€
6	A1	611A	6400	6.111.850€
6	A2	621A	6401	250.000€
10	20	432B	4315	5.430.012€
10	20	432B	4321	257.294€
10	20	432B	74315	3.262.937€
10	20	422A	132(do 00 ó 08)	15.516.861€
10	20	422M	132(do 00 ó 08)	10.663.412€
12	03	312A	4801	57.479.897€

9	41	322A	22706	6.000.000€
9	30	751A	7811	3.100.000€
7	3	541D	6401	7.675.262€
TOTAL				195.972.372€

Emenda nº 2.- Débese substituír o texto do punto 6.- polo seguinte:

“5.- Como Resultante dos puntos 3 e 4, xeración de recursos adicionais de carácter non finaceiro e permanente e incremento de partidas financiadas coas minoracións recollidas na táboa anterior, propoñemos as seguintes partidas de incremento do que damos en chamar inversión social.”

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/12/2016 17:56:18

Á Mesa da Comisión 3.^a

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** que afecta á contía global dos estados dos orzamentos e que transfiren crédito entre seccións ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017**.

1.- O proxecto de orzamentos remitido non impulsa o crecemento, nin corrixe a desigualdade crecente nin afronta o problema do paro en Galicia.

Os orzamentos presentados pola Xunta de Galicia para o ano 2017 non contemplan medidas realistas orientadas a solucionar o principal problema para os cidadáns deste país, á creación de emprego e o apoio a sectores económicos en dificultades. A diverxencia nas pautas e ritmos da recuperación económica entre Galicia e a media estatal, esixen outro tipo de medidas máis ambiciosas. Aínda que se ten creado emprego, o ritmo en termos cuantitativos é insuficientes, e en termos cualitativos, temos empregos de baixa calidade.

Durante os anos do goberno Feijóo a cifra de ocupados baixou en 112.400 persoas e a de parados medrou en 46.700. Ademais hai case 123.000 persoas asalariadas menos a tempo completo e 11.000 máis a tempo parcial; e 81.700 persoas paradas de longa duración (máis dun ano) das que 70.400 levan dous ou mais (moi longa duración).

Neste contexto socio-laboral, as cifras consignadas son insuficientes para afrontar unha política rigorosa. Doutra banda tense producido unha temeraria desatención ás políticas activas de emprego, de tal xeito que o gasto en actuacións de emprego por persoa en paro sitúase nun 66 %

menor con respecto ao exercicio do 2009, que rexistraba índices de desemprego moito menores.

A mesma insuficiencia caracteriza os recursos dedicados a proxectos de modernización da economía galega e de apoio aos sectores produtivos. O principal instrumento de actuación económica da Xunta, o IGAPE, terá unha dotación de case 98 millóns de euros, un terzo dos recursos dedicados no ano 2009. Así, como vimos denunciando nos últimos anos, a actuación dese Instituto ten cada vez menos incidencia na actividade económica do país.

Os gastos de capital, con respecto ao ano 2009 supoñen unha rebaixa en torno ao 52 %, a pesares de que os distintos gobernos do PP, en Galicia e en España, dean por rematada a crise. Tendo en conta que preto do 30% dos investimentos se dedican a partidas cualificadas de “inmateriais”, encubridoras de gastos da propia Administración. O investimento real con funcións de multiplicador da actividade económica segue a ser moi baixo.

2.- O proxecto remitido non recupera en absoluto as cantidades minoradas durante os últimos anos nos servizos públicos básicos e nos programas sociais.

Mesmo cabe considerar que os recortes efectuados se consolidan nuns casos e se agravan noutros. Os recortes acumulados en educación, sanidade, protección das persoas máis desfavorecidas, benestar e promoción social, vivenda, etc., teñen derivado na insuficiencia dos servizos públicos para garantir o estado de benestar. Paralelamente, a privatización progresiva de todo tipo de servizos e de prestacións está alterando a natureza dos mesmos e crebando os principios de universalidade e de equidade no acceso á cidadanía.

Os recortes acumulados dende o ano 2009 en gasto social superan os 5.000 millóns de euros, co agravante da introdución de novos copagos que se teñen introducido. A variación dun 2,7 % no gasto social en relación ao ano 2016, resulta totalmente insuficiente para compensar os drásticos e numerosos descensos producido nestes últimos anos.

O proxecto de orzamento non reduce o endebedamento total da Comunidade Autónoma (incluíndo os pagos adiados por colaboración público–privada e o endebedamento das empresas públicas), que alcanzará o 19 % do PIB; unha cifra moi superior aos propios orzamentos. O Goberno que preside o Sr. Núñez Feijóo terá o dubidoso honor de ser o Executivo galego que máis aumentou a débeda pública, deixando aos gobernos sucesivos hipotecados por unha enorme carga financeira.

3.- Necesitamos unha política orzamentaria distinta, que fomente o emprego e reduza a desigualdade.

A presente emenda propón movementos en partidas orzamentarias por unha contía global de **718.303.911** euros, deducidas deste importe as transferencias internas necesarias para respectar o necesario equilibrio orzamentario; cantidade que representa unha variación dun **6.65 %** sobre o total do gasto consolidado presentado polo Goberno galego; e que, en base as consideracións que se realizan, aumentarían a cantidade total dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio do 2017, ata os **11.171.547.972** euros.

Respectando o establecido na Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, aprobada polo Parlamento de Galicia, e de acordo coas competencias deste Parlamento, se aumenta o teito de gasto non financeiro, mantendo o déficit no 0,6 % do PIB autorizado polo goberno de España.

